


MANUAL PRÁCTICO  
PARA  
A INTEGRACIÓN  
AMBIENTAL E  
PAISAXÍSTICA  
DA  
REESTRUTURACIÓN  
PARCELARIA  
EN GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA

**Autoría:**

Pedro Calaza Martínez  
Víctor de la Cruz Vigo  
Eugenio Gasalla Seco  
José Antonio González Ferreira  
Ramón Martínez Gómez  
José Antonio Rivas Paz

**Colaboradores:**

Lagares Oca Ingeniería  
Proyestegal  
Sial Ingeniería  
Dos Espacios Internet Consulting, S.L.

**Coordinación:**

Inés Santé Riveira (Consellería do Medio Rural)  
José Antonio Rivas Paz (Equipo de traballo)

**Cartografía:**

Xunta de Galicia  
Equipo redactor  
Claudia de Sas Trujillo

**Deseño e maquetación:**

Claudia de Sas Trujillo

**Fotografías e figuras:**

Víctor de la Cruz Vigo  
Bruno Martínez de Velasco Astray  
Antonio Pérez Abella  
Claudia de Sas Trujillo  
Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega

**Edita:**

XUNTA DE GALICIA  
Consellería do Medio Rural  
Santiago de Compostela, 2023

**Depósito Legal:** C 1553-2023

**ISBN:** 978-84-09-5471-8

MANUAL PRÁCTICO

# Integración Ambiental e Paisaxística da Reestruturación Parcelaria

EN GALICIA





# PRÓLOGO

*A vontade de querer reestruturar o terreo de xeito integrador e acompasado á paisaxe, á etnografía e á propia tradición.*

O labor da Xunta a prol do rural é significativo e incansable, defendemos o territorio e apostamos por el. Así o reafirman as políticas levadas a cabo pola Consellería do Medio Rural, un departamento que dirixo con orgullo, coa ilusión de saber que contribuímos a manter o noso agro e a devolverlle todo canto nos deu no pasado.

Retornar á produción as terras abandonas é unha máxima neste departamento, porque traballar a terra que nos dá de comer é o sustento da industria agrogandeira, un pilar fundamental para facer xirar a roda do emprego no rural, da loita contra o despoboamento e para facilitar que os nosos núcleos de poboación volvan ser o que eran. Traballar o rural é apostar polo futuro, por un futuro verde e sostible, encamiñado a loitar contra o cambio climático e a garantir a calidade dos nosos alimentos, por iso nos empeñamos en facer materias primas de calidade. Un rural vivo é tamén unha arma de loita contra os lumes.

A Consellería do Medio Rural ten claro que o importante é a xente do agro. Por iso a aposta firme por devolver a vida a estas zonas, por reestruturar o terreo. Deste xeito, seguimos facendo fincapé en instrumentos como as concentracións parcelarias, que nos permiten xestionar adecuadamente o territorio e mellorar a viabilidade e a competitividade das nosas explotacións. Ademais, hai dous anos que entrou en vigor a Lei de recuperación da terra agraria, unha norma que, en definitiva, persegue axudar a xente do rural a vivir da (e na) súa terra. E con este texto legal, van xa máis de dez mil hectáreas de terreo reorganizadas, a través de ferramentas como as aldeas modelo, os polígonos agroforestais e as permutas. Ou, o que é o mesmo, dez mil pasos avanzados cara ao futuro.

Pero todo isto precisa unha sintonía, seguir unha harmonía coa paisaxe. Desta idea nace este manual, da vontade de querer reestruturar o terreo de xeito integrador e acompasado á paisaxe, á etnografía e á propia tradición. Así, preténdese que este libro sente

as bases para seguir mellorando no traballo de reestruturación que se vén levando a cabo en Galicia dende hai anos. Con este texto damos un paso máis aló e propoñemos a elaboración dunha diagnose do estado actual da paisaxe e os seus compoñentes, para que todos os cambios que veñan despois se fagan mantendo a integración ambiental e da paisaxe.

Traballar polo futuro do rural é facelo tamén polo de todos, porque un agro sostible é tamén unha garantía da loita contra o cambio climático. Xestionar o territorio é a ferramenta que temos a man para dar un paso adiante, contando con todos os integrantes do sector e garantindo a mellora do seu futuro.

O rural é pasado, presente e, sobre todo, é futuro.

**José González Vázquez**  
Conselleiro do Medio Rural  
Xunta de Galicia.

# ÍNDICE

<b>BLOQUE 1: INTRODUCCIÓN E OBXECTIVO .....</b>	<b>10</b>
1. Introducción.....	11
2. Antecedentes .....	14
3. Obxectivos do manual .....	16
4. A quen vai dirixido o manual .....	18
5. A necesidade da reestruturación parcelaria en Galicia.....	20
 <b>BLOQUE 2: HISTORIA.....</b>	<b>22</b>
1. Antecedentes históricos.....	23
2. A situación de partida en Galicia nos inicios da concentración parcelaria .....	27
3. A situación en Galicia na entrada en vigor da Metaga .....	28
4. A situación en Galicia na actualidade.....	32
 <b>BLOQUE 3: NORMATIVA E FERRAMENTAS .....</b>	<b>34</b>
1. Marco legal.....	35
2. Ferramentas de utilidade.....	36
 <b>BLOQUE 4: A PAISAXE E A REESTRUTURACIÓN PARCELARIA EN GALICIA .....</b>	<b>38</b>
1. A paisaxe agraria en Galicia .....	39
2. O agroecosistema nos procesos de restruturación parcelaria.....	45
3. As grandes áreas e unidades da paisaxe.....	48
3.1. Grandes áreas da paisaxe de Galicia .....	48
3.2. As unidades da paisaxe en Galicia.....	62

4. O proceso de reestruturación parcelaria .....	64
4.1. Obxecto.....	64
4.2. Órganos .....	65
4.3. Procedemento para o inicio .....	66
4.4. Procedemento de reestruturación parcelaria.....	68
4.5. Importancia da información e sensibilización.....	74

## BLOQUE 5: INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA..... 76

1. Procedemento de avaliación de impacto ambiental.....	77
1.1. Procedemento de avaliación de impacto ambiental da reestruturación parcelaria .....	77
1.2. Estudo de impacto e integración paisaxística.....	82
1.2.1. Normativa en materia de paisaxe .....	82
1.2.2. Instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe .....	84
2. Diagnose do estado actual da paisaxe .....	88
2.1. Contidos do Catálogo das paisaxes de Galicia.....	89
2.2. Aspectos relevantes que cómpre ter en conta.....	91
2.2.1. Topografía e hidrografía do lugar .....	94
2.2.2. Coberturas e usos do solo.....	94
2.2.3. Elementos naturais ou construídos que outorgan carácter á paisaxe.....	95
2.2.4. Visibilidade da actuación .....	99
3. Características principais do proxecto .....	100

4. Estimación do impacto paisaxístico.....	101
4.1. Identificación dos impactos paisaxísticos da reestruturación parcelaria.....	101
4.2. Valoración dos impactos sobre a paisaxe.....	102
5. Medidas de integración ambiental e paisaxística .....	104
5.1. Medidas relacionadas co patrimonio natural e a infraestrutura verde.....	105
5.1.1. Vexetación e hábitats de interese ambiental .....	107
5.1.2. Rede hidrolóxica conectada á vexetación rupícola.....	108
5.1.3. Recuperación da vexetación rupícola .....	110
5.1.4. Corredores verdes .....	111
5.1.5. Integración dos elementos do patrimonio cultural na infraestrutura verde.....	112
5.2. Medidas relacionadas co patrimonio cultural .....	113
5.2.1. Elementos máis habituais en Galicia.....	113
5.2.2. Integración no proceso de reestruturación parcelaria .....	116
5.3. Medidas relacionadas con muros, peches e valados .....	117
5.3.1. Valados tradicionais.....	118
5.3.2. Socalcos e bancais.....	122
5.3.3. Valados vexetais .....	123
5.3.4. Noiros e ribazos .....	125
5.4. Medidas relacionadas co plan de ordenación de predios.....	126
5.4.1. Vexetación arbórea.....	127
5.4.2. Predios de especial vocación agraria .....	133

5.5. Medidas relacionadas coa rede de camiños .....	134
5.5.1. Obxectivo do proxecto de camiños .....	134
5.5.2. Deseño dos camiños segundo as tipoloxías .....	136
5.5.3. Firmes .....	146
5.5.4. Materiais de préstamo.....	147
5.5.5. Obras de fábrica e elementos de seguridade .....	148
5.6. Medidas relacionadas cos predios de substitución.....	153
5.7. Medidas relacionadas con situacións especiais.....	157
5.7.1. Superficies de cultivo extensas .....	158
5.7.2. Grandes superficies de invernadoiros.....	159
5.7.3. Zonas degradadas.....	161
5.8. Outras medidas preventivas e correctoras para a protección da paisaxe.....	162
6. Xustificación da incorporación ao proxecto dos obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe .....	167
7. Análise de casuísticas de reestruturación parcelaria.....	168
<b>BLOQUE 6: BIBLIOGRAFÍA .....</b>	<b>184</b>



# BLOQUE 1

INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS

## 1. INTRODUCCIÓN

O obxecto principal deste manual é desenvolver unha metodoloxía práctica para realizar a reestruturación parcelaria cunha visión máis integradora, sendo a conservación da paisaxe un valor engadido en todo o proceso. No manual aséntanse as **bases do proceso metodolóxico e das diferentes perspectivas sectoriais que entran en xogo, non só a produtiva e a social, senón tamén as principais de conservación da paisaxe, a etnografía, o patrimonio cultural e natural**; todo iso en coherencia coa nova filosofía e estratexia de infraestrutura verde.

*A organización, ordenación e aproveitamento do territorio segue sendo un reto de vital importancia para o desenvolvemento da actividade socioeconómica do medio rural.*

Galicia ten unha paisaxe rica e diversa que temos que conservar, pero Galicia tamén destaca pola súa singularidade territorial, unha configuración espacial e distribución parcelaria única, caracterizada por unha gran fragmentación. As concentracións parcelarias realizadas melloraron a situación neste senso, pero aínda queda moito que facer,

xa que existen máis de 11 millóns de parcelas rústicas que corresponden ao 28 % do conxunto nacional; a provincia da Coruña ten practicamente o mesmo número de parcelas que Andalucía.

A paisaxe agraria é froito da explotación da terra por parte dos habitantes do rural, aos que debe a súa existencia. **A singularidade do agro galego precisa da existencia de poboación rural que, á súa vez, precisa obter un beneficio do cultivo da terra.** O principal obxectivo da reestruturación parcelaria é facer rendible a explotación da terra para contribuír ao sustento da poboación rural e evitar o abandono de terra agraria. Indefectiblemente, a reestruturación vai modificar a paisaxe dende o momento en que diminúe o número de parcelas e reduce a rede de camiños inicial para substituíla por outra que permita o tránsito da maquinaria agrícola. Non se trata, polo tanto, de manter a paisaxe intacta senón de que a transformación, aínda que perceptible, conserve as características intrínsecas do tipo de paisaxe en que se desenvolva a actuación; tendo presente que, en moitos casos, a alternativa é unha paisaxe agraria cun alto grao de abandono.

A reestruturación parcelaria é unha ferramenta necesaria para o desenvolvemento rural xa que a excesiva división da terra en Galicia segue sendo un impedimento para o desenvolvemento do potencial agrario, polo que ambos intereses deben solaparse. Esta alta fragmentación tradúcese como un dos maiores inconvenientes para acadar un modelo agrario competitivo tanto técnica como economicamente, sendo causa de abandono da agricultura, agravado por problemas derivados do cambio climático que inflúen decisivamente no aumento de incendios forestais, perda de oportunidades e da biodiversidade, etc.

O manual pretende **transmitir un enfoque da reestruturación parcelaria de defensa da contorna e harmonía coa paisaxe**, recollendo aquelas medidas de conservación que xa se están a realizar nas reestruturacións actuais e incluíndo outras que mellorarían a integración ambiental das actuacións.

*A singularidade do agro galego precisa da existencia de poboación rural que, á súa vez, precisa obter un beneficio do cultivo da terra.*

**Os traballos inherentes á reestruturación parcelaria non poden ser independentes do contexto económico e social, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coa defensa da contorna, da paisaxe e do patrimonio** cara a un múltiple obxectivo: mellora da calidade de vida da poboación, loita contra o abandono, mitigación do cambio climático, alimentación sa e de calidade, fixación da poboación no territorio rural e mellora dos servizos, respondendo desta forma aos novos modelos de desenvolvemento rural vixentes en Europa.



### Porto do Son

Zona sen concentrar en Miñortos (Imaxe nesta páxina)

Zona concentrada en Nebra (Imaxe anterior)



*Cun índice de redución de 3,05 na zona de Nebra non se aprecia un impacto importante na paisaxe respecto doutras parroquias sen concentrar de características similares, nas que si se observa un maior abandono.*

## 2. ANTECEDENTES

A Consellería do Medio Rural, co fin principal de reducir os tempos de execución e adaptar a concentración parcelaria aos cambios lexislativos, publicou a **Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga)**. Esta lei outorga maior relevancia aos aspectos ambientais, como se pode apreciar na exposición dos motivos, e estima como prioritaria a mitigación dos efectos do cambio climático e a protección da contorna e do ambiente, que se concreta en figuras como a execución específica de procesos de reestruturación por causas medioambientais, a introdución de criterios de conservación da rede actual de camiños e a reserva de terreos para actuacións relativas á aplicación de medidas de corrección de impactos ambientais.

De acordo co Convenio Europeo da Paisaxe, a **paisaxe é calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e da interacción de factores naturais e humanos**. A propia definición atribúe á intervención humana, para obter sustento da terra ao longo da historia, unha parte fundamental na conformación da paisaxe. Esa intervención humana incidiu principalmente sobre as áreas máis aptas para o cultivo da terra, que seguen a ser hoxe en día as zonas nas que os seus habitantes demandan estratexias para a mellora da produción por parte das administracións públicas. Esas paisaxes son o

resultado da **explotación da terra ao longo da historia por parte dos habitantes do rural. Unha explotación que debe garantir o respecto á paisaxe e a rendibilidade económica**.

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os poderes públicos velarán para que no ámbito da súa competencia e da natureza de cada territorio se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe. A Consellería do Medio Rural, dentro da súa competencia na mellora da estrutura territorial agraria, encargou ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia a redacción dun manual que sirva de guía aos axentes que interveñen nos procesos de reestruturación parcelaria.

Este manual enmárcase no establecido na Metaga, pero tamén integra o establecido noutros instrumentos como a **Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria en Galicia**, que persegue solucionar o problema de falta de terras para as explotacións agrarias e gandeiras.

*Moitas das paisaxes galegas deben a súa existencia á explotación da terra ao longo da historia.*







### 3. OBXECTIVOS DO MANUAL

O principal obxectivo deste manual é **proporcionar solucións técnicas e definir estratexias para que as reestruturacións parcelarias**, realizadas de acordo coa Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), teñan o **mínimo impacto posible ou incluso melloren o ambiente e a paisaxe do territorio sobre o que actúan**.

Vinculado ao anterior, perséguese tamén acadar un dos obxectivos principais da Metaga, que responde aos novos modelos de desenvolvemento rural vixentes en Europa, baseados no principio de que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa da contorna, da paisaxe e do patrimonio cultural.

**As reestruturacións agrarias deben integrar esta nova óptica de conservación do ambiente e a paisaxe, especialmente para impedir o abandono do rural**, xa que o mantemento das estruturas territoriais tradicionais pode provocar o efecto contrario e aumentar o abandono das terras.

O abandono provoca fenómenos negativos como os lumes e as pragas, ocasionando unha perda de biodiversidade e modificacións na paisaxe irreversibles. Por iso, o estudo de impacto ambiental (EIA) preséntase como un documento chave para minimizar estes problemas e, en concreto, o seu documento do estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP).

O EIIP é un dos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe. Todos os proxectos que deban someterse ao procedemento de declaración de impacto ambiental teñen que incorporar no EIA un EIIP. Polo tanto, o EIIP é un documento que desde 2008 se vincula ao procedemento de avaliación de impacto ambiental, aínda que con natureza propia e suxeito a informe particular por parte da Administración.





**E**ste manual pretende servir de **apoio para a realización dos EIIP no ámbito das reestruturacións parcelarias** e marcar as pautas que faciliten o traballo para o seu desenvolvemento de forma ampla, integrando a base científica co carácter técnico e a súa aplicabilidade.

Trátase dunha liña dirixida á protección da paisaxe, pero na que debe integrarse a viabilidade económica das explotacións, e chegar a parámetros o máis obxectivos posibles, porque se non se consegue acadar a meta de fixación de poboación, **o impacto paisaxístico derivado do abandono das terras de cultivo pode ser maior**. A poboación do rural debe poder vivir da actividade agraria e, desta forma, protexer a paisaxe.

Outro obxectivo é **integrar e potenciar os bens do patrimonio cultural**, xa que achegan valores (sociais, culturais, educativos, económicos, de identidade) para o desenvolvemento do medio rural.

En definitiva, o manual busca **establecer as consideracións básicas para unha correcta integración e protección dos elementos culturais, ambientais e paisaxísticos durante todas as fases dunha reestruturación parcelaria**, e servir de punto de partida para que as diferentes administracións e organismos implicados poidan dispor duns criterios de coordinación únicos e homoxéneos.



## 4. A QUEN VAI DIRIXIDO O MANUAL

Os principais destinatarios deste manual son os actores que interveñen na execución das distintas fases que compoñen un proceso de reestruturación parcelaria. Aínda que son os enxeñeiros encargados do deseño os que

achegarán as decisións de maior peso no resultado final, o éxito dunha reestruturación parcelaria depende de tres piares fundamentais e complementarios nos que se sustentan estas actuacións.



### Administración

A Consellería competente en materia de infraestruturas agrarias que, ademais de seleccionar as zonas obxecto de reestruturación, dirixe e coordina as actuacións velando polo cumprimento normativo e deseñando a través dos seus enxeñeiros os detalles da execución. De forma complementaria, vai destinado a todos aqueles organismos das distintas administracións, que ao longo do proceso se ven implicados nas reestruturacións parcelarias, por ter que emitir informes ou conceder autorizacións para algunha das distintas actuacións que se van realizar. O feito de coñecer as propostas para o cumprimento da normativa debería permitir unha mellor coordinación e cooperación entre organismos e unha uniformidade de criterios que repercutirán na axilización dos procesos.



### Enxeñerías

As consultoras de enxeñería, ás que xeralmente se contrata a execución técnica das distintas fases das que consta cada proceso. O coñecemento e a experiencia dos seus técnicos, xunto co compromiso na realización dun traballo exhaustivo, son imprescindibles para que o desenvolvemento das sucesivas fases se produza con axilidade e garantías para os destinatarios, que son o terceiro piar do proceso.

---

*“El hombre debe crear un entramado social sobre el que asentar un desarrollo armónico con la naturaleza, sin la urgencia por el beneficio que caracteriza a nuestra sociedad”  
Miguel Delibes.*





## Propietarios

A actitude colaboradora dos propietarios do terreo, destinatarios da reestruturación parcelaria, é outro factor imprescindible para que calquera proceso chegue a bo fin. A reestruturación parcelaria ten, ademais dunha parte técnica, unha parte non menos importante de tipo sociolóxico, non sendo posible a finalización con éxito sen un consenso xeral dos propietarios. Para acadar este consenso é necesaria unha implicación das persoas coñecedoras do terreo, que deberán achegar a súa experiencia e coñecemento aos técnicos responsables da execución dos proxectos e documentos que conforman o proceso.

Por último, o manual vai dirixido a todos os interesados na materia, aínda que non participen directa ou indirectamente nos procesos de reestruturación parcelaria en Galicia, aos que poida ser útil a experiencia acumulada que se pretende transmitir neste documento.





## 5. A NECESIDADE DA REESTRUTURACIÓN PARCELARIA EN GALICIA

*Mellora rural.*

**A** reestruturación parcelaria é un instrumento útil para mellorar as condicións de desenvolvemento sostible das actividades agrícolas, gandeiras e forestais, co obxectivo de **garantir a mellora da calidade de vida no medio rural, superar a elevada fragmentación da propiedade, reducir e reverter o abandono das terras e mellorar a rendibilidade das explotacións.**


Ademais, como ferramenta de planificación do territorio, ordena os usos agrarios e permite mellorar a súa viabilidade técnica, económica e social.

Na reestruturación parcelaria deben terse en conta, de forma transversal e universal, os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) que lle afectan, así como os medios para acadalos. O desenvolvemento sostible consiste na busca dun equilibrio na conciliación dos intereses sociais, ambientais e económicos sobre un planeta finito, e para o que todos debemos colaborar.

No proceso de reestruturación parcelaria débese configurar o espazo rural e natural para que albergue de forma sostible as súas actividades produtivas, e manteña todas as externalidades e propiedades naturais e culturais que lle dan valor ao territorio. **Na reestruturación parcelaria planifícase, ordénase**

**e transfórmase o territorio, pero debe facerse de forma sostible e integrada,** despregándose o seu potencial como produtor de alimentos, respectuoso coa paisaxe, a biodiversidade e os servizos ambientais.

*O desenvolvemento sostible debe considerarse como a busca dun equilibrio.*



*Unha ferramenta de loita contra os lumes.*

A reestruturación parcelaria tamén é un instrumento que **contribúe á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais.**

Os incendios forestais son dos problemas ambientais máis graves aos que se vén enfrontando a Comunidade desde hai décadas, tanto polo seu número coma pola superficie forestal queimada.

As causas dos incendios son múltiples. Segundo os expertos, os efectos do cambio climático e o aumento de temperatura, entre outros, favorecen a súa extensión e provocan a perda de masa forestal. Pero o gran problema recoñecido é o abandono das explotacións do bosque e do rural galego en xeral, incentivado polo descenso de poboación, os incendios intencionados, etc. Xa no ano 2017, a Xunta de Galicia sinalou as 30 medidas para acabar cos incendios, indicando, entre outras:

*“19. Avanzar na reestruturación parcelaria, especialmente a impulsada por particulares”*

As concentracións parcelarias no monte inflúen na diminución de incendios fundamentalmente en dous aspectos. Nun primeiro lugar, a maior rendibilidade das plantacións co maior tamaño das parcelas fai máis fácil os tratamentos silvícolas de prevención, promovendo a súa posta en valor e reducindo a taxa de abandono. Nun segundo lugar, o acceso a camiños transitables facilita a chegada dos equipos de extinción nas primeiras fases dos lumes.

A reestruturación parcelaria, mediante os seus instrumentos de ordenación de cultivos, establece as **localizacións axeitadas para as plantacións forestais e prevé áreas libres xunto aos núcleos de poboación ou doutros elementos sensibles.**



# BLOQUE 2

HISTORIA

## 1. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

**A** **excesiva división da terra no norte de España foi e segue sendo un impedimento para o desenvolvemento do potencial agrario;** Jovellanos xa se refería a esta cuestión nunhas cartas en 1795, nas que anhelaba unha lei “para deter a funesta subdivisión das sortes en Asturias”. Nese mesmo século, no ano 1765, nacia a Real Academia de Agricultura de Galicia, entre cuxos traballos destacables estivo o fomento de cultivos como o trigo sarraceno, os prados artificiais, o liño ou o cânabo, así como a realización de múltiples estudos entre os que se atopa o **“Relativo á inconveniencia da excesiva división da propiedade en Galicia”**<sup>1</sup>. Na década de 1870, Eduardo Chao, deputado por Ourense da Primeira República, presentou un proxecto no que pretendía incentivar as permutas e venda de parcelas situadas máis lonxe da casa do cultivador, aínda que o proxecto non chegou a debaterse nas Cortes. Tamén a finais do século XIX, teóricos en economía agraria como Costa e Caballero (Caballero, 1980) denuncian a situación minifundista do agro e poñen de manifesto o freo que supón para o desenvolvemento da nación.

É a principios do século XX cando comezan a idearse as leis e medidas como, por exemplo, o proxecto de Lei de

concentración parcelaria de 1907, no que se regulaba, entre outros, os intercambios e permutas entre particulares, tanto voluntarios como forzosos, establecendo o dereito de expropiación ou cambio obrigatorio a favor do propietario da maior parcela no litixio, e normas sobre a indivisibilidade de parcelas e explotacións, aínda que con límites moi baixos (10 áreas para as parcelas), pero finalmente ningunha delas chegaría a aprobarse. Deste xeito, ata a Lei de concentración parcelaria de 1952, as únicas medidas levadas a cabo, e que



<sup>1</sup> s.a. ARG. Cornide. Leg. 5, nº 98.

tiveron algún efecto sobre a división da propiedade, foron a inclusión no Código Civil de 1889 do dereito de retracto e as exencións fiscais ás permutas encamiñadas á agregación de parcelas contiguas. Polo tanto, desde que se realizaron as primeiras concentracións parcelarias ata o día de hoxe, ningún outro instrumento se revelou tan efectivo na consecución do obxectivo de incrementar o tamaño das parcelas de cultivo e, ademais, axiña se deixou ver como un fin en si mesmo, para pasar a ser un recurso técnico ao servizo dunha ordenación rural máis ambiciosa. Así, en 1968 promúlgase a Lei de ordenación rural, que pretendía a integración de medidas e unha mellor coordinación entre os organismos responsables das decisións relacionadas coas estruturas agrarias e a mellora do rural. Dende entón, a concentración parcelaria seguiu evolucionando para adaptarse ás necesidades e ás modificacións normativas, centradas nas últimas décadas na conservación do patrimonio cultural e natural.

---

*A concentración parcelaria pasa a ser un recurso técnico ao servizo dunha ordenación rural máis ambiciosa.*

**A**índa que a concentración parcelaria, agora reconvertida en reestruturación parcelaria, foi e segue sendo unha **ferramenta necesaria para solucionar os problemas debidos ao reducido tamaño das parcelas e favorecer así o desenvolvemento rural**, non contou entre os seus puntos fortes coa axilidade do proceso administrativo (cunha duración media de 15 anos) nin coa súa integración na paisaxe, sobre todo nos primeiros anos nos que se lle deu clara prioridade aos intereses produtivos.

Ata o comezo do Estado das Autonomías en España, a concentración parcelaria estaba regulada pola Lei de reforma e desenvolvemento agrario (Decreto 118/1973). Constituída a Comunidade Autónoma, a primeira Lei de concentración parcelaria para Galicia foi a Lei 10/1985, do 14 de agosto, en cuxo articulado non existen referencias á conservación do ambiente nin da paisaxe. O Real decreto lexislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación do impacto ambiental, tampouco incluía as concentracións parcelarias entre os proxectos que debían someterse a avaliación de impacto ambiental ata a súa modificación mediante o Real decreto Lei 9/2000, que practicamente incluía todas as actuacións de concentración parcelaria. Neste cambio tivo un papel fundamental a adopción por parte do Consello das Comunidades Europeas da "Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres". Nela




establécese cales son os hábitats de interese comunitario que deben ser mantidos e restablecidos, e créase a rede ecolóxica europea de zonas especiais de conservación (Rede Natura 2000). Na mesma Directiva (art. 4) establecíanse as bases para a creación dunha lista de lugares de importancia comunitaria e o sometemento dos proxectos que se ían desenvolver neses lugares á avaliación das repercusións sobre a conservación dos valores naturais.



A Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia xa expoñía como obxectivo a regulación do proceso de concentración e ordenación de predios rústicos, respectando o ambiente. De acordo a esa lei, para atender as finalidades do proceso de concentración (artigo 5), entre outras, deberíanse establecer medidas de protección e preservación da paisaxe e do ambiente, así como realizar as obras complementarias necesarias para lograr un aproveitamento racional das explotacións.

Pola súa parte, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, ten como un dos seus obxectivos (art.2.2 d) "establecer medidas de sostibilidade e de protección e preservación da paisaxe e o ambiente". Como pode verse, **ata hai 20 anos a concentración parcelaria primaba os obxectivos produtivos sobre os ambientais ou paisaxísticos, modificando progresivamente as actuacións ata hoxe, para adaptalas á evolución da normativa ambiental e paisaxística.**



*A concentración parcelaria seguiu evolucionando para adaptarse ás necesidades e ás modificacións normativas, centradas nas últimas décadas na conservación do patrimonio cultural e natural.*

## 2. A SITUACIÓN DE PARTIDA EN GALICIA NOS INICIOS DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA

A organización, ordenación e aproveitamento do territorio foi e é un reto de vital importancia para o desenvolvemento da actividade socioeconómica do medio rural, sendo o minifundio no norte peninsular, dada a súa estruturación, tenza e aproveitamento, a causa que imposibilita accións para a optimización deste recurso. Na década dos 50 do século pasado, o medio rural galego atopábase nunha situación asimilable á medieval, con

3 millóns de hectáreas de superficie e 32 000 núcleos de poboación (a metade de todo o Estado); o minifundio, a dispersión poboacional e a ausencia de comunicacións facía que a agricultura fose autárquica e obsoleta.

*A situación en Galicia no ano 1960 pódese apreciar nas seguintes táboas, nas que se recollen as dimensións, número de parcelas e a estruturación da propiedade nesa data.*

Táboa 1. Dimensión e número de parcelas en Galicia. Ano 1959. Fonte: García Badell (1960) con datos da Dirección Xeral do Catastro en Crecente e Cuesta (1997).

Superficie (ha)	Nº de parcelas (ud)	Parcelas (%)
< 0,5 ha	13.343.183	92,21
0,5-1 ha	753.117	5,20
1-5 ha	337.656	2,33
>5 ha	36.519	0,25

Táboa 2. Estrutura da propiedade en Galicia. Ano 1959. Fonte: García Badell, 1960 con datos da Dirección Xeral do Catastro en Crecente e Cuesta (1997).

Superficie agrícola (ha)	Nº parcelas (ud)	Nº propietarios (ud)	Superficie media de parcelas (ha)	Superficie media por propietario (ha)	Nº medio de parcelas por propietario (ud)
2.489.669	14.470.475	993.209	0,17	2,51	14,57

### 3. A SITUACIÓN EN GALICIA NA ENTRADA EN VIGOR DA METAGA

No momento da entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), contábase cos seguintes datos:

Nº zonas decretadas:	916
Nº de zonas finalizadas:	782
Nº de zonas en execución:	134
Superficie concentrada:	366.025 ha
Superficie en concentración:	119.151 ha
Tempo medio:	15 anos
Custo por hectárea:	3.600 €/ha
Custo en servizos técnicos:	1.000 €/ha
Custo en obras:	2.600 €/ha

*Primeira zona decretada:  
Barcala – Covas (A Baña) que foi  
decretada en decembro de 1954.*

Táboa 3. Superficie rústica e parcelas das comunidades autónomas. Ano 2014.  
Fonte: Dirección Xeral do Catastro.

CC.AA.	Número de concellos	Superficie rústica (ha)	Superficie rústica (%)	Parcelas	Parcelas (%)
Andalucía	770	8.495.118,22	17,91%	2.780.568	7,05%
Aragón	731	4.721.969,17	9,96%	2.509.479	6,37%
Principado de Asturias	78	1.026.990,42	2,17%	1.491.839	3,78%
Islas Baleares	67	481.519,11	1,02%	270.869	0,69%
Canarias	88	683.081,26	1,44%	754.813	1,91%
Cantabria	102	501.925,07	1,06%	511.864	1,30%
Castilla y León	2.248	9.272.302,16	19,55%	9.146.293	23,20%
Castilla La Mancha	919	7.830.287,34	16,51%	4.375.502	11,10%
Cataluña	946	3.041.218,07	6,41%	1.353.106	3,43%
Comunidad Valenciana	542	2.179.894,22	4,60%	2.208.704	5,60%
Extremadura	385	4.127.213,57	8,70%	1.246.859	3,16%
<b>Galicia</b>	<b>313</b>	<b>2.841.905,66</b>	<b>5,99%</b>	<b>11.167.139</b>	<b>28,33%</b>
Madrid	179	660.897,95	1,39%	425.562	1,08%
Región de Murcia	45	1.061.682,88	2,24%	467.937	1,19%
La Rioja	174	493.826,93	1,04%	706.590	1,79%
Ceuta	1	0	0,00%	0	0,00%
Melilla	1	0	0,00%	0	0,00%
		47.419.832,03		39.417.124,00	

Nestas dúas táboas pódese apreciar o elevado número de parcelas en comparación con outras comunidades de maior extensión, o que implica un tamaño medio por parcela moi baixo (0,25 hectáreas).

Na seguinte páxina, a táboa especifica a relación de titulares catastrais segundo o número de parcelas que posúen.

Táboa 4. Superficie rústica e parcelas das provincias de Galicia. Ano 2014.  
Fonte: Dirección Xeral do Catastro.

Provincia	Número de concellos	Superficie rústica (ha)	Superficie rústica (%)	Parcelas	Parcelas (%)
15 - A Coruña	93	742.400,47	26,12%	2.766.858	24,78%
27 - Lugo	67	971.339,48	34,18%	2.312.673	20,71%
32 - Ourense	92	713.899,84	25,12%	3.644.670	32,64%
36 - Pontevedra	62	414.265,86	14,58%	2.442.938	21,88%
		2.841.905,65		11.167.139	

Táboa 5. Relación de titulares catastrais segundo o número de parcelas que posúen. Ano 2015. Fonte: Dirección Xeral do Catastro.

CC.AA.	Total	1 ben	2 bens	3 bens	4 bens	5 bens	6 a 10 bens	11 a 25 bens	26 a 50 bens	Máis de 50 bens
Andalucía	1.051.221	511.018	197.626	102.404	65.050	42.767	89.836	36.842	4.301	1.377
Aragón	416.153	146.377	61.357	36.546	26.305	19.787	56.653	49.226	14.693	5.209
Principado de Asturias	337.895	137.610	55.601	30.762	21.217	14.509	37.220	28.439	8.991	3.546
Islas Baleares	162.510	100.657	29.850	12.207	6.800	3.892	6.919	1.957	138	90
Canarias	286.018	142.131	51.590	26.307	16.467	11.261	23.909	12.171	1.832	350
Cantabria	141.364	58.851	25.346	14.048	9.418	6.515	15.261	8.856	2.254	815
Castilla y León	1.470.687	483.637	213.505	132.856	96.574	73.499	206.304	175.718	57.597	30.997
Castilla La Mancha	811.720	296.616	125.633	74.147	52.632	38.437	103.764	82.237	25.500	12.754
Cataluña	390.879	185.499	70.086	35.292	22.314	15.200	35.414	21.541	3.929	1.604
Comunidad Valenciana	726.663	372.210	126.564	62.328	39.833	26.530	60.247	32.493	4.957	1.501
Extremadura	339.036	140.612	59.394	33.117	22.717	15.946	38.670	23.226	4.101	1.253
<b>Galicia</b>	<b>1.661.280</b>	<b>637.383</b>	<b>221.043</b>	<b>127.309</b>	<b>90.548</b>	<b>67.972</b>	<b>199.473</b>	<b>197.930</b>	<b>83.507</b>	<b>36.115</b>
Comunidad de Madrid	123.663	59.679	19.619	10.044	6.509	4.627	11.538	8.453	2.273	921
Región de Murcia	204.506	110.004	39.924	18.229	10.898	6.507	12.812	5.206	680	246
La Rioja	121.665	45.402	18.531	10.943	7.622	5.514	15.695	12.497	3.727	1.734
Ceuta	392	216	83	57	10	11	9	4	0	2
Melilla	221	144	43	17	0	5	8	0	3	1
	<b>8.245.873</b>	<b>3.428.046</b>	<b>1.315.795</b>	<b>726.613</b>	<b>494.914</b>	<b>352.979</b>	<b>913.732</b>	<b>696.796</b>	<b>218.483</b>	<b>98.515</b>

Gráfico 1. Superficie (ha) rústica no ano 2014.  
Fonte: Dirección Xeral do Catastro.




Gráfico 2. Parcelas (nº) no ano 2014.  
Fonte: Dirección Xeral do Catastro.






Gráfico 3. Propetarios (nº) no ano 2014.  
Fonte: Dirección Xeral do Catastro.





## 4. A SITUACIÓN EN GALICIA NA ACTUALIDADE

Os datos da situación actual en Galicia referida aos procesos de concentración e reestruturación parcelaria reflíctense na seguinte táboa:

Na táboa non se recollen as zonas caducadas pola Metaga.

Se se comparan estes datos cos correspondentes ao inicio da entrada en vigor da Metaga recollidos no punto anterior, obtense que neste período se concentraron 23.510 ha.

Táboa 6. Situación actual dos procesos de concentración e reestruturación parcelaria en Galicia. Fonte: Consellería do Medio Rural.

	Número	Superficie (ha)	Propietarios	Parcelas	Predios
Zonas decretadas a partir da entrada en vigor da Metaga	29	23.814	16.309	111.567	-
Zonas vivas pendentes de rematar	86	79.204	66.230	670.827	99.960 <sup>1</sup>
Zonas rematadas	824	389.535	344.007	3 300.959	633.443

1. Dato provisional porque en 23 das 86 zonas aínda non se aprobou o acordo de reestruturación, polo que non existe o dato de predios de substitución.





# BLOQUE 3

NORMATIVA E FERRAMENTAS



## 1. MARCO LEGAL

*Relación de normativa vinculada coa reestruturación parcelaria, a paisaxe, a ordenación do territorio e o ambiente.*

### Nacional:

Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

### Autonómica:

Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as directrices de paisaxe de Galicia.

Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.

Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008.

Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia.

Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia.

Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

## 2. FERRAMENTAS DE UTILIDADE

Os seguintes visores, ademais de permitir a consulta de información, permiten a descarga da información xeorreferenciada sobre o medio rural, a paisaxe e algúns dos seus elementos compoñentes.

*Visores útiles para desenvolver os traballos de integración paisaxística.*

Táboa 7. Visores útiles para desenvolver os traballos de integración paisaxística

<b>SISTEMA DE INFORMACIÓN DE TERRAS DE GALICIA</b>	Información territorial de relevancia sobre o medio rural, como é o mapa de usos agroforestais de Galicia e os catálogos de solos agropecuarios e forestais.	<a href="https://info-sitegal.xunta.gal/gl">https://info-sitegal.xunta.gal/gl</a>
<b>VISOR DE EVOLUCIÓN DA OCUPACIÓN DO SOLO E DA PAISAXE</b>	Información relacionada coa ocupación do solo e a paisaxe de Galicia a partir do Sistema de información de ocupación do solo de España (SIOSE).	<a href="http://mapas.xunta.gal/visores/ocupaciondosolo/">http://mapas.xunta.gal/visores/ocupaciondosolo/</a>
<b>WEB DO INVENTARIO FORESTAL CONTINUO DE GALICIA</b>	Información sobre a situación dos montes e os recursos forestais de Galicia.	<a href="https://invega.xunta.gal/invega/">https://invega.xunta.gal/invega/</a>
<b>VISOR DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA</b>	Información sobre os espazos naturais e a biodiversidade de Galicia.	<a href="https://mapas.xunta.gal/visores/conservaciondanatureza/">https://mapas.xunta.gal/visores/conservaciondanatureza/</a>
<b>VISOR DO CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA</b>	Información sobre este instrumento de planificación da paisaxe de Galicia.	<a href="https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/">https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/</a>
<b>VISOR DO PLAN BÁSICO AUTONÓMICO DE GALICIA</b>	Información cartográfica necesaria para a elaboración do planeamento urbanístico e que, polo tanto, inclúe a correspondente a toda a normativa sectorial aplicable: patrimonio natural e cultural, paisaxe, augas, costas, montes, reestruturación parcelaria, vías de comunicación (estradas, rede ferroviaria, portos, aeroportos), infraestruturas enerxéticas, etc.	<a href="http://mapas.xunta.gal/visores/pba/">http://mapas.xunta.gal/visores/pba/</a>
<b>SISTEMA DE INFORMACIÓN DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO: SIOTUGA</b>	Información e documentación sobre plans e instrumentos urbanísticos e de ordenación do territorio.	<a href="https://siotuga.xunta.gal/siotuga/">https://siotuga.xunta.gal/siotuga/</a>

WEB DAS DEMARCACIÓNS HIDROGRÁFICAS PRESENTES EN GALICIA	Información cartográfica asociada aos recursos hídricos e aos diferentes plans hidrográficos da demarcación hidrográfica Galicia-Costa.	<a href="https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/">https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/</a>
	Información cartográfica asociada aos recursos hídricos e aos diferentes plans hidrográficos da demarcación hidrográfica Miño-Sil.	<a href="https://www.chminosil.es/es/ide-mino-sil">https://www.chminosil.es/es/ide-mino-sil</a>
	Información cartográfica asociada aos recursos hídricos e aos diferentes plans hidrográficos da demarcación hidrográfica do Cantábrico.	<a href="https://www.chcantabrico.es/servicios/informacion-cartografica-documentacion/informacion-cartografica/infraestructura-de-datos-espaciales-ide-">https://www.chcantabrico.es/servicios/informacion-cartografica-documentacion/informacion-cartografica/infraestructura-de-datos-espaciales-ide-</a>
	Información cartográfica asociada aos recursos hídricos e aos diferentes plans hidrográficos da demarcación hidrográfica do Douro.	<a href="https://mirame.chduero.es/chduero/viewer">https://mirame.chduero.es/chduero/viewer</a>
VISOR DE ITINERARIOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO	Proposta de Rede de itinerarios de interese paisaxístico, que conecta entre si os diferentes elementos de interese paisaxístico, cultural e natural, en resposta ás directrices de ordenación do territorio de Galicia.	<a href="http://mapas.xunta.gal/visores/itinerarios/">http://mapas.xunta.gal/visores/itinerarios/</a>
VISOR DE VALADOS DE GALICIA	Información recompilada na elaboración da <i>Guía de caracterización e integración paisaxística de valados de Galicia</i> .	<a href="http://mapas.xunta.gal/visores/valados/">http://mapas.xunta.gal/visores/valados/</a>
VISOR DE IMAXES DA PAISAXE GALEGA	Sistema de información xeográfica colaborativo de imaxes da paisaxe galega, construído grazas á colaboración de toda a cidadanía, e destinada a poñer en valor as paisaxes de Galicia e proporcionar un repositorio de información útil para a xestión da paisaxe.	<a href="https://mapas.xunta.es/visores/imaxespaisaxe/">https://mapas.xunta.es/visores/imaxespaisaxe/</a>

# BLOQUE 4

A PAISAXE E A REESTRUTURACIÓN PARCELARIA EN GALICIA



## 1. A PAISAXE AGRARIA EN GALICIA


**G**alicia destaca por unha gran diversidade de elementos configuradores que dan vida ás súas diferentes paisaxes. Entre eles, destacan os ríos, os regatos e os diferentes cursos de auga que funcionan a modo de arterias de vida do territorio. Son de especial interese as súas costas, as súas montañas, a súa estrutura agraria, os seus vales e chairas, as súas agrupacións boscosas autóctonas e, por suposto, o seu patrimonio cultural que se hibrida co natural e ofrece unha sinerxía perfecta. A todo iso hai que sumarlle a singularidade da súa poboación, cunha idiosincrasia que determina moitas das estruturas e o desenvolvemento territorial. A interacción de todos estes elementos xera unha **paisaxe diferente e identitaria, unha herdanza de moitos séculos**. A súa importancia plasmouse en obras literarias, en cadros, en poesías, facendo referencia a diferentes tipos de paisaxes, unhas máis salvaxes como as de Pondal e outras máis melancólicas como as que nos ofrece Rosalía de Castro. Neste último caso, trátase de paisaxes sumamente alteradas pola cultura humana, unha cultura que enarboraba unha árbore, **o carballo, como elemento de comunicación e símbolo do "terruño" galego**.

O escritor Ramón Piñeiro afirmaba que "a paisaxe galega que contemplamos foi creada pacientemente, tenazmente, por xeracións e xeracións de galegos co seu traballo, coas súas mans", reflexión que se sitúa de forma acertada na liña

*"A paisaxe galega que contemplamos foi creada pacientemente, tenazmente, por xeracións e xeracións de galegos co seu traballo, coas súas mans".*

*Ramón Piñeiro*

de que a **paisaxe agraria galega é unha paisaxe cultural e, como tal, é o froito da interacción histórica dos habitantes e os elementos do medio natural**, tanto bióticos como abióticos. Resulta evidente que a paisaxe presenta un carácter dinámico froito desa interacción (Holl e Nilsson, 1999), onde os factores biofísicos, sociais e económicos interactúan e son estruturados en modelos heteroxéneos en distintos marcos espaciais e temporais (Haase *et al.*, 2006). Moitas das dinámicas que ocorren nunha paisaxe teñen profundas consecuencias na súa estrutura e funcionamento e son producidas por cambios na intensidade de uso da terra e pola conversión desta (Bogaert *et al.*, 2003).



*Proceso dinámico de construcción da paisaxe agraria. Aspectos sociais, biofísicos e económicos.*









---

A paisaxe agraria galega é o resultado de séculos de ocupación e uso do territorio, como así se evidenciou na súa datación entre os séculos V e VI polo Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC). Trátase dunha **gran transformación da paisaxe natural a unha feita para responder ás necesidades das persoas, unha nova estrutura que pervive hoxe en día.**

A singularidade destes espazos agrarios inclúe, por exemplo, a reorganización do terreo en bancais con sistemas de drenaxe e camiños para optimizar as producións e os pechamentos de pedra para separar as leiras, un gran legado histórico que aínda existe e debe potenciarse, a pesar da sombra do abandono dos cultivos, o envellecemento, o despoboamento rural e a desestruturación xerada nos anos 60 e 70 do século pasado.

O director do Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe, Felipe Criado-Boado, apunta que é **paisaxe cultural e patrimonio, resultado dun proceso histórico de longa duración, testemuña dunha historia que non se debe perder.** O respecto á paisaxe e a súa conservación debe estar en coherencia co mantemento e optimización da produción agraria, que, ao fin e cabo, é a que creou. Precisamente, esta é unha das arestas deste manual, propoñer criterios e recomendacións para unha integración dos procesos de reestruturación agraria na paisaxe na que se insiren.



**E**n Galicia poden atoparse diferentes escenarios cun gran potencial produtivo gandeiro, agrícola e forestal, pero tamén de paisaxe, de feito, teñen un vínculo patrimonial inseparable que se debe conservar.

Para conseguilo **débese comprender a singularidade do territorio**. Unha singularidade que se plasma en traballos como os do francés Abel Bouhier, quen recompilou datos da morfoloxía, da configuración espacial, da multifuncionalidade, da utilización integral dos recursos do territorio, das prácticas ancestrais culturais e da orixe das estruturas agrarias, e clasificou **cinco tipos fundamentais de estruturas agrarias** en Galicia (Bouhier, 1979) que deben ser tidas en conta:

**a) A bocaxe ou paisaxe de campos pechados** localízase principalmente nas montañas setentrionais. É o exemplo clásico de paisaxe pechada formada por pequenas franxas de terra rectangulares, agrupadas, algunhas de menos de 0,5 ha, pechadas por sebes ou muros de pedra nunha paisaxe suavemente inclinada. Estas paisaxes teñen unha historia de asentamentos extremadamente longa e expresan a individualidade dos seus agricultores que foron propietarios da terra durante séculos. Unha variación desta tipoloxía é a semi-bocaxe, que se atopa no Macizo Central en Francia e en Galicia; paisaxe máis ou menos pechada (Lebeau, 1969) na que non todos os campos están

demarcados, pero ás veces hai sebes ou árbores, e non hai uniformidade no tamaño. A topografía é máis pronunciada e máis montañosa que na verdadeira bocaxe (Meeus *et al.*, 1900).

**b) O dominio de cultivo en bancais ou socalcos** nos sectores costeiros.

**c) Os viñedos en bancais** nos canóns dos ríos Miño e Sil.

**d) Os *openfields* ou cultivo en campos abertos** das montañas surorientais.

**e) As estruturas de agras** existen principalmente nos vales e zonas chairas da Galicia interior. As agras son bloques ou conxuntos de terras cultivadas cun pechamento externo (temporal ou permanente), divididas no seu interior en parcelas abertas con camiños de servidume. Nalgunhas zonas de Galicia recibían outras denominacións como veiga, praza, vilar, chousa e barbeito.

**A** evolución destas paisaxes foi lenta e progresiva, de impacto local ata a época da industrialización, debido ao incremento poboacional e ao crecemento das áreas urbanas e, en particular, desde a revolución tecnolóxica do século XX. A rapidez e magnitude dos cambios incrementouse considerablemente en moitos lugares de Europa (Antrop, 2005).

**Na paisaxe galega está a pasarse dun sistema tradicional, caracterizado polo policultivo de subsistencia, o minifundio e unhas estruturas agrarias singulares, a un sistema de mercado, a unha reorientación da actividade agrícola marcada pola intensificación e especialización cara á gandería** (Calvo *et al.*, 2010). Tamén destaca a existencia de cambios no uso da terra, xa que o descenso do labradío deu paso a un incremento da superficie de prados, pasteiros e da superficie forestal (Loureiro e Barrio, 2009). Todo iso supuxo unha **homoxeneización e simplificación da paisaxe, polo que a valoración e preservación da súa memoria é clave.**

A decadencia das tipoloxías de paisaxe ocorreu recentemente, o que permite que se conserve o seu coñecemento, a súa toponimia e, nalgúns casos, a súa morfoloxía e/ou elementos estruturais, claves para o estudo da paisaxe cultural galega. Iso supón unha **oportunidade para a identificación, conservación e posta en valor dos elementos da paisaxe agraria tradicional que transcenderon ata os nosos días,**

testemuño da historia das sociedades rurais, expresión da interacción continuada do ser humano e o ambiente, ao longo do tempo, e parte do noso patrimonio cultural, seguindo os principios inspiradores da Convención do Patrimonio Cultural Mundial e da Convención Europea da Paisaxe.

Estes **elementos da paisaxe agraria tradicional** (valados, estruturas, agrupacións boscosas, hórreos, etc.) **deben ser parte e condicionante dos estudos de reestruturación agraria**, xa que son caracterizadores da paisaxe e, no caso dos elementos naturais, importantes xeradores de servizos ecosistémicos.

Na mesma liña, as construcións que se levanten deben ser acordes con esta formulación integral e deben responder para satisfacer as necesidades operativas e funcionais das explotacións, pero tamén as estéticas e a coherencia conceptual do conxunto, mediante propostas de integración cromática, morfolóxica e mesmo de mimetización coa contorna circundante, en especial as construcións vinculadas ás explotacións.

*Na paisaxe galega está a pasarse a unha reorientación da actividade agrícola marcada pola intensificación e especialización cara á gandería.*

## 2. O AGROECOSISTEMA NOS PROCESOS DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

O agroecosistema é o fin da reestruturación parcelaria, é o sistema que permite a produción e explotación agrarias. **O agroecosistema entendido como o sistema natural ou seminatural modificado e xestionado por seres humanos para a produción agroalimentaria** está determinado por tres factores e as súas interaccións, que presentan variación xenética, espacial e temporal:



- 1 O medio abiótico ou físico/ecolóxico**

Definido polo clima e a meteoroloxía, a altitude e a topografía, a calidade do solo e a fertilidade, o abastecemento de auga e a rega, a vexetación ou o uso da terra e a localización/acceso.
- 2 Os recursos xenéticos agrobiolóxicos**

Fundamentais para a alimentación e a agricultura, que inclúen os xenotipos, cultivares e especies de cultivos, árbores, pasteiros, etc.; os xenotipos e razas de fauna e microfauna.
- 3 As actividades agrícolas e a súa xestión**

Tipo de cultivo, o tamaño da explotación, a tecnoloxía e as especificacións agronómicas e os factores económicos. As variables socioculturais inclúen a densidade demográfica, o réxime de tenza da terra, os sistemas de coñecemento e educación, os servizos públicos e o marco político.

Nas explotacións contemporáneas, o agrosistema debe incluír formulacións de resiliencia, adaptación e mitigación do cambio climático, incremento da biodiversidade, aspectos culturais de materiais, técnicas e paisaxe. Nese sentido, débense **integrar aspectos para potenciar a singularidade dos diferentes escenarios**, utilizando recomendacións e indicacións específicas como as técnicas tradicionais de pechamento, segundo a *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados da Xunta de Galicia*. De forma expresa, débese tentar respectar os valados de pedra seca, que na actualidade son un patrimonio inmaterial segundo a Resolución do 31 de agosto de 2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se inclúe no censo do patrimonio cultural a técnica tradicional da construción da pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial.

Ademais, débense incluír aspectos vinculados ás **boas prácticas agrícolas e á potenciación da biodiversidade**, como as formulacións de cerramentos e elementos compositivos da *Guía de biodiversidade agraria de Galicia*, co fin de optimizar o funcionamento ecolóxico e os índices de biodiversidade, en particular enfocados aos prados de sega e de dente, cultivos, sebes e lindeiros, pozas para rega, etc. Estas incorporacións diríxense a preservar a calidade

dos solos, a auga, o aire, a biodiversidade, os hábitats e, en definitiva, a paisaxe.

A modo de exemplo, suxírense recomendacións que se poden integrar no deseño das parcelas (no propio proxecto de reestruturación agraria ou posteriormente en fase de explotación) co fin de conservar ou mellorar o estado dos agroecosistemas:

**A. Creación de hábitats dominados por plantas con flor<sup>1</sup> nas beiras de prados e cultivos**, principalmente nas zonas con pradeiras ou terreos cultivados. Recoméndase unha anchura de 2,5 metros e deben situarse na periferia das parcelas, próximos aos lindes, nas que se debe xestionar a vexetación herbácea para favorecer a presenza de plantas con flor.

**B. Conservación ou nova creación de muros secos ou valados coas técnicas tradicionais**, pois tamén representan un refuxio importante para as árbores e moitas plantas que non teñen cabida nas zonas agrícolas.

<sup>1</sup> A información relativa pode consultarse en <https://ucanr.edu/blogs/blogcore/postdetail.cfm?postnum=22010>



**C. Potenciar a cantidade e estrutura das sebes con vexetación autóctona**, tanto arbórea como arbustiva e herbácea; trátase de estruturas cun papel regulador do microclima. A presenza dunha ampla diversidade de insectos dá lugar a unha mellora nos cultivos, ben pola polinización ou pola presenza de predadores de pragas que poden actuar rapidamente cando atacan os cultivos. Por último, forman auténticos corredores ecolóxicos que permiten a fauna moverse entre zonas baixo a súa protección. Destacan polo seu interese as situadas á beira dos ríos ou regatos porque, amais das vantaxes xenéricas, protexen os leitos do sol e dos contaminantes que poidan derivar da actividade agrícola.

**D. Creación de pequenos estanques ou charcas como epicentros de biodiversidade e xestión racional da auga.** Como cautela, non se deben construír próximas a plantacións de piñeiros ou eucaliptos, xa que as súas follas degradan a calidade da auga, nin deben estar moi cubertas de árbores, aínda que sexan autóctonas, para evitar a colmataxe polas follas ou que as plantas acuáticas/macrófitas non medren adecuadamente. Deben ter polo menos 20 m<sup>2</sup> para poder albergar unha ampla biodiversidade e débense crear irregularidades no terreo para que haxa diferentes ambientes.

Polo tanto, **o agroecosistema é un epicentro de recursos xenéticos** (flora e fauna), **culturais** (paisaxe, técnicas de cultivo, construtivas, xestión, etc.), **abióticos** (clima, solo, etc.) que pode ser incluído no proceso de reestruturación parcelaria, xa que a paisaxe agraria non deixa de ser o resultado das interaccións dos elementos deste sistema.

A Dra. Sonia Berjman afirmaba que “a paisaxe é unha porción do mundo (sexa natural e cultural) vista a través dos nosos ollos. Esta mirada -por ser un proceso humano- é sempre un acto intelectual. Está cargada de significados e de significacións, de experiencias e vivencias, conforma a nosa memoria individual e -na súa suma coa dos nosos conxéneres-a memoria colectiva da sociedade”. Esa memoria colectiva da sociedade reclama **a súa conservación en coherencia coa produción agraria moderna, un binomio que construírá a paisaxe agraria de Galicia**, como así o fixo desde hai séculos, pero cun firme convencemento de equilibrar produción, paisaxe e patrimonio.

---

*“A paisaxe (...) conforma a nosa memoria individual e a memoria colectiva da sociedade”.*  
Dra. Sonia Berjman


### 3. AS GRANDES ÁREAS E UNIDADES DA PAISAXE

#### 3.1. Grandes áreas da paisaxe de Galicia.

A continuación, redáctase un extracto das características agroforestais de cada unha das grandes áreas paisaxísticas de Galicia, segundo o recollido no **Catálogo das paisaxes de Galicia**, que deben ser tidas en conta ao facer unha reestruturación parcelaria nesa área.

*"A terra cuberta en tódalas estacións de herbiñas e de frores; os montes cheios de pinos, robles e salgueiros; os lixeiros ventos que pasan; as fontes i os torrentes derramándose fervedores e cristaíños"*  
Rosalía de Castro

- I Serras orientais
- II Serras surorientais
- III Chairas e fosas luguesas
- IV Chairas, fosas e serras ourensás
- V Ribeiras encaixadas do Miño e do Sil
- VI Costa Sur - Baixo Miño
- VII Galicia central
- VIII Rías Baixas
- IX Chairas e fosas occidentais
- X Golfo Ártabro
- XI Galicia setentrional
- XII A Mariña - Baixo Eo





## I. SERRAS ORIENTAIS

---

**P**aisaxe de carácter montañoso na que destacan os cumios das serras, entre os máis altos de Galicia, e os vales encaixados. Ten un alto nivel de biodiversidade e de xeodiversidade. A actividade no campo ten alta importancia, e aínda que tradicionalmente o sistema agrario dominante era o silvopastoral, hoxe en día apréciase un cambio de usos ou o abandono nas zonas tradicionalmente cultivadas. Así, a maior parte dos barbeitos pasaron a ser xesteiras, repoboacións forestais ou pradeiras, pero aínda se aprecian trazas de antigas zonas de cultivo. O policultivo tradicional de subsistencia foise substituíndo por cultivos especializados na produción de forrage para o gando vacún.

Mantense a estrutura típica da agra: núcleos rodeados polas hortas da porta e cortiñas, prados, soutos e outros bosques, e vastas extensións de matogueiras. Permanecen moitos dos pechamentos tradicionais que separan estes elementos da terra, construídos con materiais diversos en función da súa dispoñibilidade e funcionalidade: pedra, lousa, madeira, sebes arbustivas ou arboredo. Outros elementos paisaxísticos de grande importancia

no complexo sistema agrario tradicional son os denominados prados de rega ou lameiros, cuxa sega e pastoreo eran fundamentais para a alimentación do gando bovino, localizados nos fondos dos vales e nas valgadas dos cursos de auga secundarios. Na actualidade obsérvase un abandono progresivo destes prados, debido ao seu custoso mantemento e á creación de pradeiras artificiais, polo que é frecuente que se erosionen e vaian sendo invadidos polas matogueiras.

O escenario mudou considerablemente nas últimas décadas, desaparecendo o cultivo de cereais, centeo sobre todo, nas agras e nos montes, así como a retirada de estrumes para a cama do gando e a produción de esterco, e transformándose zonas de matogueira en pradeiras artificiais ou repoboacións forestais. E segue a cambiar no presente, debido, entre outros motivos, á regresión demográfica e ao envellecemento da poboación, que conducen ao abandono de prácticas agrogandeiras tradicionais, ás actividades extractivas (canteiras), á repoboación forestal, á proliferación de plantas invasoras e aos incendios forestais.



## II. SERRAS SURORIENTAIS

---

**N**esta grande área paisaxística destaca o gran valor que atesoura o patrimonio natural, cultural e paisaxístico. Actualmente, amosa un grao de deterioración importante debido, entre outras razóns, aos incendios forestais e ás actividades de extracción de lousa nas canteiras. Dos valores naturais das serras surorientais destacan especialmente as formación boscosas, bidueirais, reboleiras, soutos, etc.

En canto aos valores produtivos, parte da área caracterízase por unha agricultura e gandería tradicionais con produtos de alta calidade, destacando o fondo xenético (por exemplo, as razas bovinas caldelá e vianesa). Tamén ten importancia a agricultura e gandería ecolóxica, sobre todo o pastoreo extensivo de gando caprino e ovino.

Na zona abunda a produción de castaña, incluída na IXP Castaña de Galicia, así como de cogomelos. O aproveitamento forestal madeireiro faise fundamentalmente nas repoboacións forestais de piñeiros, e ten certa importancia, así como a industria dos serradoiros.

Outro cultivo importante é o do viñedo en socalcos (viticultura heroica) que ofrece paisaxes únicas que se deben protexer. O cultivo da oliveira, en combinación co viñedo ás veces, estase estendendo.



### III. CHAIRAS E FOSAS LUGUESAS

---

**D**estaca a presenza do sector agrogandeiro, que se traduce nun mosaico heteroxéneo. Este tipo de paisaxe vén determinada por agrosistemas extensivos e agrosistemas intensivos de mosaico agroforestal e superficie de cultivo, ademais da abundancia de espazos naturais vinculados a sistemas fluviais e hídricos. A combinación de cultivos, bosquetes de frondosas, pechamentos e sebes e aldeas tradicionais amosa un gran valor paisaxístico. A ausencia de amplitude de vistas e fondos escénicos debido á dominancia dos espazos chairros non diminúe as calidades estéticas destas paisaxes.

Trátase dunha das áreas paisaxísticas mellor conservadas de Galicia, dado que mantén esa matriz que lle outorga harmonía e equilibrio entre os diversos valores. O mantemento do sistema parcelario, especialmente en sectores das comarcas de Terra Chá e Lugo, permitiu a persistencia de elementos da paisaxe tradicional galega, como son as agras de cultivo cos pechamentos de chantas de lousa. As boas condicións agrolóxicas de amplos sectores xeraron unha dedicación

histórica ao sector agrogandeiro, manténdose dinámico na actualidade, non sen dificultades. Entre estes usos, os principais son aqueles vinculados ao sector primario, singularmente os relacionados co gando vacún, o que implicou nalgúns casos a homoxeneización da paisaxe (por exemplo, a concentración parcelaria da Pastoriza), pero permite o mantemento deste sector produtivo.

A conversión de amplas superficies de cultivo tradicional a cultivo de millo e a pasteiros rachou en parte esta harmonía debido ao dominio do sector lácteo na orientación produtiva, e converteron estas áreas en monocultivo forraxeiro para o gando; non obstante mantense a presenza de manchas puntuais de masas arbóreas autóctonas, algunhas delas por xurdimento de bosque espontáneo motivado polo despoboamento e o abandono de áreas rurais. O valor produtivo forestal ten gran relevancia nalgunhas comarcas.



## IV. CHAIRA, FOSAS E SERRAS OURENSÁS

---

**E**ste espazo de alto valor atesoura un gran patrimonio natural, cultural e paisaxístico. Do mesmo xeito, amosa un grao de deterioración significativo, debido, entre outras razóns, aos incendios forestais, ás concentracións parcelarias nas que non houbo integración paisaxística, á proliferación de vías de comunicación, á agricultura intensiva, á contaminación agraria, á aparición de especies invasoras, ás industrias extractivas e á desecación de humidais.

Trátase dunha zona de importantes valores naturais, cunha gran biodiversidade vexetal e animal, ademais dunha xeodiversidade interesante.

É un territorio no que abundan as zonas de augas termais e mineromedicinais e predominan os valores estéticos e panorámicos ademais de elementos do patrimonio cultural.

Destaca a agricultura intensiva, o cultivo de patacas e cereais na Limia como as zonas vitivinícolas das Denominacións de Orixe Protexida de Monterrei e Ribeiro. No caso dos usos agroforestais, o pastoreo extensivo e o

aproveitamento forestal madeireiro, sobre todo de piñeiros, tamén teñen importancia. Estase estendendo pouco a pouco o cultivo da oliveira, ligado con frecuencia ao viñado, e tamén está adquirindo certa relevancia o aproveitamento de leñas e de biomasa para producir enerxía térmica.

A produción e comercialización de cogomelos, mel e, sobre todo, castañas é outro subsector emerxente. Disemínanse pola zona, entre outras, industrias de serra da madeira, adegas e granxas avícolas e porcinas. Esta grande área paisaxística está incluída na Indicación Xeográfica Protexida Castaña de Galicia e Pataca de Galicia, esta última na comarca da Limia.



## V. RIBEIRAS ENCAIXADAS DO MIÑO E DO SIL

---

**E**sta grande área paisaxística correspóndese cos vales fluviais dos ríos Miño e Sil, configurando unha área extensa e de irregulares formas, moi alongada pero estreita nalgúns dos seus tramos, debido a esa correspondencia cos cursos fluviais. Os tipos de paisaxe dominantes son aqueles que inclúen o morfotipo chairas e vales interiores e serras. As clases de uso principais son o agrario extensivo, correspondente coas chairas, e a matogueira e rochedo.

Este espazo destaca pola súa peculiar orografía de orixe tectónica e polos matices climáticos mediterráneos nas ladeiras de solaina e atlántico-húmido nos espazos sombríos. Isto outorga unha gran variedade vexetal, incluíndo bosquetes de bidueiro, abeleiras e soutos, que constitúen hábitats para a avifauna.

A configuración dos asentamentos, a estrutura do hábitat e a arquitectura popular, coas diversas variantes comarcais, constitúen tamén un valor estético, especialmente pola boa conservación das agras circundantes ás aldeas tradicionais. Os numerosos e antigos socalcos para o cultivo da vide é o outro gran sinal de

identidade da Ribeira Sacra. A denominada viticultura heroica (pola dificultade orográfica do terreo) supón un elemento de gran valor patrimonial, produtivo e simbólico. A transformación paisaxística que supuxo a realización destes socalcos outorga unha alta singularidade ás comarcas da Ribeira Sacra.

A presenza dos dous grandes ríos determina os usos que se realizan: vitivinícolas de importancia a nivel estatal e plantacións forestais, onde destaca a existencia de piñeirais nalgúns áreas de ladeira na caída aos ríos.



## VI. COSTA SUR BAIXO MIÑO

---

Conta con tres tipos de paisaxes moi diversas, dominadas pola influencia do río Miño, fronteira natural co norte de Portugal.

- A Costa Sur-Baixo Miño Litoral vén determinada pola liña costeira, moi exposta, sen apenas enseadas naturais.
- O Baixo Miño Interior caracterízase pola presenza das pequenas elevacións e serras que a separan da comarca de Vigo, con cursos fluviais que transcorren de norte a sur na procura do río Miño.
- O Condado-A Paradanta conta con dous sectores diferenciados: no oeste dominan os valores produtivos e residenciais nunha contorna de vales amplos; no leste a presenza de serras determina as actividades, polo que destacan valores produtivos gandeiros e forestais con bosques de ribeira. Do mesmo xeito, caracterizan o territorio a zona húmida, coas marismas ou illas fluviais.

Existen importantes zonas de produción agraria nas veigas do Miño, aproveitando as boas condicións edafolóxicas e climáticas da

zona. A presenza de vides é outros dos valores produtivos na área.

Avanzando cara ao interior, a industria forestal e a gandería van gañando peso, coa existencia mesmo de gandería extensiva nas serras.





## VII. GALICIA CENTRAL

---

Os principais valores son aqueles vinculados aos aspectos produtivos ou de uso. Inclúe maioritariamente comarcas agrogandeiras con dominio da clase agrosistema intensivo de mosaico agroforestal e agrosistema extensivo. Existen tres subcategorías: *espazos de serra* que presentan un relevo e texturas (mosaico agroforestal e matogueira e rochedo predominantemente) que os converten en paisaxes diferenciadas nas súas contornas, os *sistemas fluviais e zonas húmidas* que funcionan como grandes conectores ecolóxicos e por último as *masas arbóreas* (bosquete conxunto de castiñeiros e carballos). Tamén é relevante a presenza de sebes e pechamentos tradicionais, elementos de valor estético, patrimonial e ecolóxico (actúan como microconectores) e que teñen singular relevancia en pequenas áreas.

As agras tradicionais son compatibles coa necesaria rendibilidade económica, aínda que existe unha dinámica nalgunha das comarcas cara ao monocultivo de pradeira e millo como sustento da gandería orientada á produción láctea; aspecto que supón unha homoxeneización funcional da paisaxe, o que significa un empobrecemento estético.

A vinculación histórica destas comarcas co sector gandeiro foi configurando unha paisaxe modelada en función do modelo produtivo de cada época. Esta é a principal forza transformadora destes territorios ata o momento actual no que a forestación vai gañando relevancia. A diferenciación dos usos agrarios e forestais outorga calidade paisaxística, en gran medida grazas á difícil compatibilidade da explotación deses recursos nos mesmos espazos, polo que conviven de forma diferenciada, en boa parte determinada polos diferentes chanzos altimétricos e factores edáficos.

En xeral, o modelo produtivo baséase na dominancia do sector gandeiro e forestal, non obstante estes están a sufrir mudanzas producidas fundamentalmente polo crecemento forestal non planificado nalgúns sectores e pola intensificación dos cultivos forraxeiros e pradeiras vinculados ao sector lácteo. A perda de diversidade agraria e forestal vén determinada polas inercias da economía de mercado, tendo repercusión na paisaxe ao xerar unha perda de diversidade ecolóxica e estética, aínda que polo momento os seus efectos non son significativos.



## VIII. RÍAS BAIXAS

---

**D**estaca o elevado grao de antropización da franxa litoral en consonancia cunha elevada densidade de poboación que vén xa herdada da época moderna.

Os principais valores naturais vincúlanse á fronte costeira e ás illas, ás serras e montes que actúan como límite xeográfico e outros espazos destacados que se vinculan aos cursos fluviais.

Á parte da presenza do mar, sempre atractiva, a ausencia de matices texturais e a homoxeneidade provocada polas plantacións forestais restan singularidade estética.

En todo caso, a presenza de vales fluviais produtivos con outeiros e media montaña nas súas beiras dota de certa riqueza estética estes espazos interiores.

O sector vitivinícola presenta unha destacada produción en cantidade e calidade e concéntrase, especialmente, nos suaves vales prelitorais de clima suave pola influencia oceánica. Nos sectores interiores o sector agrogandeiro mantén peso, o mesmo que a produción forestal.

Segundo a distribución do uso agroforestal existen 3 zonas diferenciadas:

- A regada polo Ulla e Tambre, cuxas actividades agrarias se localizan de xeito discontinuo en pequenas áreas, debido ao relevo e á competencia doutras actividades, sobre todo no litoral, caracterizándose por unha independencia entre o uso forestal e o agrícola tradicional.
- A zona litoral máis meridional, na que domina o uso forestal (repopoacións) sobre o uso agrícola, e na que a presenza de superficie dedicada a pasteiro é mínima pola pouca implantación da gandería. A superficie media das explotacións é das máis baixas de toda Galicia, onde predomina o minifundismo e o carácter intensivo do aproveitamento do solo.
- A zona ocupada polas comarcas de Vigo Prelitoral e Baixo Lérez, na que canto máis nos achegamos á zona Galicia Central aumenta a presenza da gandería cunha maior superficie dedicada a pasteiro e unha superficie forestal máis reducida. As escasas concentracións parcelarias que se fixeron nesta área están nesta zona.



## IX. CHAIRAS E FOSAS OCCIDENTAIS

---

O peso de sectores produtivos primarios ten relevancia na caracterización paisaxística, que combina, en xeral, paisaxes mariñeiras e gandeiras de singular relevancia.

Existen paisaxes de costa nas que a amplitude de vistas cara ao mar aberto caracteriza amplos sectores deste litoral e paisaxes de interior, nas que predominan as pradeiras e cultivos forraxeiros que, en grandes extensións, outorgan certa homoxeneidade paisaxística. Isto, unido a un relevo suave de pequenos outeiros, xera unha paisaxe gandeira de calidade estética.

A orografía, con predominio de espazos chairros e semichairos nos sectores interiores non permite unha grande amplitude de vistas, polo que o fondo escénico adoita estar conformado polos outeiros e pequenos montes que bordean os vales fluviais, cubertos por mato ou masas arbóreas discontinuas, que contrastan cos cultivos e pastos do fondo de val.

A tradicional combinación de dedicación mariñeira e gandeira segue a ser unha realidade nos sectores litorais desta grande área. No

interior, o sector gandeiro ten unha relevancia absoluta, dedicado na súa práctica totalidade ao vacún para produción de leite. Esta actividade actúa como gran construtor da paisaxe, onde son numerosas as roturacións para a conversión en pradeiras e onde teñen unha gran relevancia as extensas plantacións forraxeiras.

A presenza de plantacións forestais non é tan ampla como noutras zonas costeiras e, aínda que tamén existen grandes zonas de eucaliptais, estes comparten espazo con piñeirais.



## X. GOLFO ÁRTABRO

---

Esta grande área divídese nas comarcas do litoral e interior, e nela contrastan as rías da Coruña e a súa contorna fronte aos sectores interiores que conservan o seu carácter agrogandeiro.

Nas superficies cultivadas tenden a dominar poucas especies, eucaliptais e mestura de coníferas, e onde as especies caducifolias teñen pouca presenza, polo que a biodiversidade é reducida.

A pesar da súa reducida superficie respecto a outras grandes áreas, a dualidade costa-interior, a variedade de actividades e usos do solo, xunto á combinación de espazos litorais, vales e serras xera unha gran riqueza de texturas.

Por outra banda, Golfo Ártabro conta con espazos de alta calidade estética vinculados a elementos naturais como as Fragas do Eume (caracterizadas polos canóns, bosques de caducifolias e elementos patrimoniais) ou a ferverza do Beelle, entre outros.

Os mosaicos agrogandeiros das áreas interiores nalgunhas zonas resisten a competencia da crecente expansión dos eucaliptais. A produción

forestal ten cada vez maior peso en detrimento do sector agrogandeiro, aínda que algúns concellos manteñen un alto número de explotacións gandeiras, e incluso ten cabida a gandería extensiva en espazos de serra como A Capelada ou Forgozelo.



## XI. GALICIA SETENTRIONAL

---

O litoral parece sintetizar, nunha área pequena, dous grandes atractivos paisaxísticos de Galicia: costas bravas e rías. Entre os principais valores paisaxísticos poden mencionarse as enseadas e os miradoiros, configurados grazas aos cantís que caen centos de metros ao mar e son excepcionais dende o punto de vista xeolóxico.

Nos vales do interior, deixando atrás algunhas aldeas e vilas costeiras, só os parques eólicos e as aliñacións das plantacións forestais remiten á presenza humana en decenas de quilómetros. O gran valor estético deste espazo radica na combinación entre litoral e serras. A pesar do dominio territorial que as plantacións forestais exercen, na percepción deste espazo tamén deben ser tidos en conta os vales produtivos de alta calidade agrolóxica e estética pola súa condición de mosaico. Estes inclúen agras e un tipo de hábitat tradicional que dispón as aldeas no fondo do val e nas beiras dos vales.

A conservación da trama de aldeas débese en gran parte ao inmovilismo e relaciónase con aspectos socioeconómicos que levan a altas taxas de abandono na parte interior.

Isto, por un lado, favorece o mantemento da disposición do hábitat tradicional pero, polo outro, supón unha forte ameaza para as paisaxes deste sector, posto que o despoboamento de amplas áreas significa a substitución do mencionado mosaico por plantacións forestais e a perda da arquitectura popular.

O estancamento económico desta área non impide a presenza de relevantes valores produtivos, xa que se trata dun espazo de enorme peso en canto ao sector forestal se refire, creando un cultivo único nalgúns concellos.



## XII. A MARIÑA-BAIXO EO

**E**sta grande área conta con tres rexións naturais facilmente identificables e cos seus propios valores: o litoral, o interior occidental e interior oriental. As paisaxes desta grande área están caracterizadas pola dualidade costa-interior, o que lle outorga personalidade propia.

A franxa litoral posúe unha morfoloxía singular respecto ao resto da costa galega, dado que é rectilínea e carece de grandes accidentes xeográficos, o que se une á orografía chaira da rasa (territorio inmediato ao litoral), no que se atopan amplitude de vistas co fondo escénico do Mar Cantábrico.

No espazo chaira intermedio sitúanse a maioría das entidades de poboación que ocupan o territorio de modo difuso. Nesta rasa localízanse tamén os espazos de cultivo e prados, nunha clara confrontación cos montes e outeiros próximos de dedicación forestal, o que implica un marcado contraste. As novas disposicións, froito da concentración parcelaria (concellos de Ribadeo e Barreiros, fundamentalmente), restan variedade dende o punto de vista perceptivo, non obstante en este sector xa presenta unha homoxeneidade de texturas, cores e formas.

O sector interior presenta unha maior fragmentación paisaxística que o sector litoral. Existe unha maior mestura de escenas, poden distinguirse dous grandes grupos: vales e serras; os primeiros cunha relevancia ligada á súa histórica condición produtiva, posto que conservan mosaicos tradicionais, alterados en gran medida por plantacións forestais e que restan diversidade á paisaxe. Plantacións que continúan polas ladeiras dos outeiros e das serras polo que, dende o punto de vista perceptivo, a sensación é de estar ante un espazo continuo. As entidades de poboación esparécense polos vales, e manteñen certa identidade en canto á morfoloxía e formas arquitectónicas. Un dos principais valores produtivos é o forestal, a madeira de eucalipto, contrastando este valor coa escasa diversidade ecolóxica e monotonía paisaxística que supoñen. Destaca tamén o sector agrogandeiro, aínda que a súa relevancia produtiva queda relegada a zonas concretas, esta actividade complementase en moitos casos coa forestal, polo que ambas adoitan compartir espazos produtivos cos problemas de xestión que iso implica.



## 3.2. As unidades da paisaxe en Galicia.

### Definición.

— **U**na unidade de paisaxe é a **delimitación “de porcións de territorio que comparten certo grao de homoxeneidade”** (Serrano 2012, p. 218). A delimitación non é sinxela, xa que require o estudo do territorio buscando elementos similares que permitan a súa caracterización, valoración e calidade co obxectivo de sintetizar a paisaxe, aínda que non se debe esquecer que a dita homoxeneización é relativa. Debe entenderse como unha **abstracción que permite identificar paisaxes similares de paisaxes distantes**, de acordo a variacións de intensidade gradual establecida a partir de parámetros de referencia e tamén a partir do grao de detalle perseguido no estudo (Serrano, 2012, p. 232).

As unidades de paisaxe son polo tanto unha simplificación da realidade territorial que **facilitan o traballo ao realizar labores de xestión, ordenación e planificación do territorio**, influíndo a escala utilizada para a súa determinación, xa que canto máis aumenta a escala, o nivel de detalle que se require increméntase proporcionalmente.

No Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as directrices de paisaxe de Galicia, aparecen recollidas as unidades de paisaxe con diferentes tipos de paisaxe.

O uso combinado ou a superposición dos mapas das zonas de reestruturación cos das unidades do Catálogo das paisaxes de Galicia permite obter datos da superficie afectada pola reestruturación parcelaria para cada tipo de unidade de paisaxe. Na táboa 14 amósanse os resultados obtidos para as zonas rematadas e activas.

Tal e como se pode apreciar nesta táboa, a conclusión inicial é que o 77 % da superficie reestruturada ou en proceso de reestruturación corresponden a unha das seguintes unidades de paisaxe:

- Agrosistema extensivo
- Agrosistema intensivo (superficie de cultivo)
- Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal)
- Agrosistema intensivo (plantación forestal)



*Unidades de paisaxe e a reestruturación parcelaria.*

Táboa 8. Superficie afectada pola reestruturación parcelaria para cada tipo de unidade de paisaxe. Fonte: Elaboración propia a partir da cartografía do Catálogo das paisaxes de Galicia e das contornas das zonas de concentración.

Cobertura	Zonas rematadas		Zonas sen rematar	
	Superficie (ha)	%	Superficie (ha)	%
Plan de ordenación do litoral	13.429,25	3,29%	4.457,12	4,43%
Agrosistema extensivo	77.271,03	18,94%	25.865,08	25,70%
Agrosistema intensivo (mosaico agroforestal)	166.347,28	40,77%	32.644,00	32,43%
Agrosistema intensivo (plantación forestal)	19.002,00	4,66%	5.885,70	5,85%
Agrosistema intensivo (superficie de cultivo)	59.671,10	14,63%	4.438,07	4,41%
Bosque	7.491,63	1,84%	3.005,48	2,99%
Extractivo	172,34	0,04%	23,50	0,02%
Lámina de auga	841,47	0,21%	23,60	0,02%
Matogueira e rochedo	26.541,81	6,51%	14.683,29	14,59%
Rururbano (diseminado)	31.325,88	7,68%	7.812,42	7,76%
Turbeira	4.185,85	1,03%	691,67	0,69%
Urbano	1.177,10	0,29%	294,10	0,29%
Viñedo	531,88	0,13%	820,57	0,82%
<b>Total</b>	<b>407.988,66</b>	<b>100 %</b>	<b>100.644,66</b>	<b>100%</b>

## 4. O PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

O procedemento de reestruturación parcelaria é regulado pola Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), tal e como foi comentado con anterioridade. Nestes apartados recóllese o resumo do procedemento para facilitar a súa comprensión.

*A reestruturación parcelaria é unha das ferramentas para a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia.*

### 4.1. Obxecto.


A reestruturación parcelaria de carácter público é unha das ferramentas para a mellora da estrutura territorial das explotacións agrarias de Galicia, e polo tanto ten entre os seus obxectivos principais **mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias**, de acordo cos criterios de ordenación axeitada e sustentabilidade, co fin de fixar poboación no medio rural con base na rendibilidade da actividade produtiva, incrementar a superficie das explotacións mediante a mobilización de predios de vocación agraria incluídos en perímetros en estado de abandono e mitigar os efectos do cambio climático, entre outros.

Para acadar estes obxectivos, este proceso pode **desenvolver as seguintes accións**: agrupar as terras correspondentes a cada explotación, de tal forma que se optimice a súa estrutura territorial; adxudicar a cada titular, na medida do posible, o menor número de predios de substitución; facilitar o acceso ás explotacións, outorgando prioridade á mellora da rede viaria existente sobre a de nova traza; establecer medidas de sustentabilidade e de protección e preservación da paisaxe e do medio ambiente; regularizar a propiedade; mobilizar para as explotacións os predios con vocación agraria en estado de abandono e ordenar e protexer os usos do solo con especiais aptitudes para a actividade agraria.

## 4.2. Órganos.


Os órganos que participan no proceso de reestruturación parcelaria son os seguintes, tal e como os define a Metaga:

*Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga).*



### 4.3. Procedemento para o inicio da reestruturación agraria

#### FASE PREVIA





**1****AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS.**

A iniciativa poderá ser de oficio, pola Consellería do Medio Rural; por solicitude motivada do/s concello/s que a propoñan, ou ben proposta polo 70 % dos titulares das explotacións agrarias inscritas nos rexistros oficiais que recollen as explotacións agrarias de Galicia e con actividade na zona. Posteriormente, realízase unha consulta aberta aos interesados para coñecer a súa opinión. Á vista dos resultados, o servizo provincial elaborará un informe razoado de avaliación co obxecto de acreditar que se cumpre algún dos requisitos para acadar os obxectivos xerais previstos na lei.

**2****ESTUDO PREVIO DE INICIACIÓN E O DECRETO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA.**

O centro directivo competente en desenvolvemento rural solicitará dos diferentes organismos, notaría e rexistros afectados, informes non vinculantes co fin de coñecer o seu criterio respecto das posibles actuacións, e igualmente dirixirase aos departamentos afectados das diferentes administracións para que, nun prazo de tres meses, remitan a información necesaria que poida influír na súa redacción e contido.

O estudo previo de iniciación constará, como mínimo, de: caracterización, perímetro e delimitación do solo do núcleo rural, urbano e urbanizable; avaliación das fontes cartográficas (se fosen deficientes procederase ao levantamento cartográfico do parcelario); análise das explotacións agrarias e proxectos agrarios con compromiso asinado, a súa superficie, réximes de tenza, a posibilidade de expansión, a posibilidade de novas incorporacións á actividade agraria e a mellora na viabilidade das explotacións como resultado do proceso; a relación de entidades e actores de relevancia; así como actuacións, plans ou programas que cómpre ter en conta, e calquera outro relevante ou que a lexislación sectorial determine, ao igual que as conclusións e avaliación global da viabilidade da zona que se vai reestruturar.

O contido publicarase no Diario Oficial de Galicia (DOG) e poderá ser consultado, durante un mes, nos concellos afectados e na sede electrónica da consellería competente, prazo no que se poderán realizar achegas.


**3****INICIO DO PROCESO.**

Acadado un resultado positivo do estudo previo de iniciación da zona, iniciarase o proceso mediante o decreto do Consello da Xunta que conterá a declaración de utilidade pública, a delimitación do perímetro e a declaración da zona de reestruturación parcelaria como zona de actuación agraria prioritaria, o que será comunicado ás notaría actuantes na zona e ao rexistro da propiedade que corresponda, así como a todos aqueles departamentos das administracións públicas que poidan resultar afectados, así como entidades e persoas interesadas en xeral.

Nese momento a reestruturación parcelaria será obrigatoria e calquera actuación que leven a cabo outros órganos de calquera outra Administración pública deberá adaptar as súas actuacións, agás declaración de prevalencia, á fase do proceso de reestruturación que se estea levando a cabo.

## 4.4. Procedemento de reestruturación agraria

### FASE 1 - BASES DA REESTRUTURACIÓN PARCELARIA



1. Parcelario das parcelas de achega
2. Datos titulares/representantes legais
3. Superficie/perímetro ou clasificación de terras
4. Situacións xurídicas
5. Parcelas tipo, coeficientes de compensación e factores de corrección
6. Relacións de dereitos de explotación e solicitudes de inscrición no Popeva
7. Documento ambiental (DI e/ou EIA+EIIP) e resolución do órgano ambiental



### // Acta de inicio dos traballos

Determina a data de comezo da execución das bases de reestruturación parcelaria.

### // Execución das operacións de definición do parcelario, investigación da propiedade e clasificación de terras.

Recollidos os datos, poderanse someter a enquisa pública durante o período dun mes, no que se fará entrega aos interesados do documento resumo no que se relacionan os datos que as afecten, e durante o dito prazo, as persoas afectadas poderán formular, por escrito, as alegacións que consideren oportunas.

### // Plan especial de predios de especial vocación agraria

Terá en conta as directrices establecidas no Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia para o ámbito da reestruturación parcelaria, aínda que poderán precisarse para adaptalas a unha escala espacial de maior detalle. Este plan é sometido ao informe do comité técnico asesor e a un procedemento de exposición pública durante o cal se poderán presentar alegacións que serán estudadas e resoltas polo servizo provincial competente, e unha vez finalizado e, se é o caso, incorporadas as modificacións pertinentes, o plan será aprobado (o que lle dará carácter vinculante nos aspectos relativos á ordenación de usos agrarios), e comunicado ao/s concello/os afectados.

### // Integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria

Durante a elaboración dos documentos que compoñen as bases, abrirase un prazo para a inscrición provisional das explotacións agrarias, as agrupacións de titulares, as iniciativas singulares e as iniciativas de aproveitamento en común interesadas en integrarse no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria. A inscrición e o compromiso deberán ser confirmados unha vez aprobadas as bases de reestruturación, e pasará entón a ter carácter definitivo. As agrupacións, explotacións ou iniciativas incorporadas de maneira activa ao plan terán prioridade na localización dos predios de substitución en áreas de ordenación preferente, de ser o caso, e os criterios de atribución serán os de mellorar a súa estrutura territorial para incrementar a súa competitividade en termos técnicos, económicos e sociais.

### // Contido das bases de reestruturación parcelaria

As bases incluírán os planos parcelarios das parcelas de achega, a relación de datos persoais dos titulares e representantes legais, a superficie, o perímetro e a clasificación por clases de terra de cada parcela, así como as súas situacións xurídicas, clases de terra existentes, parcelas tipo elixidas, coeficientes de compensación e, se é o caso, os factores de corrección aplicados, declaración de dominio,

gravames, arrendamentos e demais titularidades e situacións xurídicas que afecten a propiedade, posesión ou gozo. Nas bases tamén se recollen as relacións de dereitos de plantación, parcelas de achega excluídas, explotacións agrarias, solicitudes de inscrición no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, montes veciñais en man común, montes de utilidade pública e os de xestión pública, bens e dereitos das administracións afectadas polo proceso, parcelas de achega reservadas, e de ser o caso, as excluídas e a modificación do perímetro de reestruturación. Nesta fase deberá elaborarse un estudo de impacto e integración paisaxística co catálogo de elementos estruturais e funcionais, naturais ou artificiais, para conservar durante o proceso, co fin de manter, na medida do posible, as características da paisaxe máis relevantes e valiosas, así como a resolución favorable do órgano ambiental con respecto á avaliación de impacto ambiental, e unha delimitación das zonas de obrigada conservación e protección que, polas súas características, constitúan masas consolidadas de frondosas autóctonas.

### // Aprobación e comunicación das bases de reestruturación parcelaria

O comité técnico asesor emitirá informe non vinculante dirixido ao centro directivo competente, no que recomende a continuación do proceso ou, no caso contrario, a súa suspensión ou o seu arquivo,

e deberá ser emitido cunha antelación mínima dun mes previo á convocatoria da xunta local de zona. O centro directivo competente, logo dos informes do comité técnico e do servizo provincial competente, oída a xunta local, acordará aprobar as bases ou, no caso contrario, a revisión, suspensión temporal ou arquivo. Aprobadas as bases procederase á súa exposición pública e á notificación individual do boletín individual de propiedade co resumo dos datos de cada titular e as súas achegas, no que se especifica a superficie e clasificación das parcelas.

### // Recursos e firmeza das bases de reestruturación parcelaria.

No prazo dun mes, as persoas implicadas poderán interpoñer recurso de alzada contra as bases, sendo materia de recurso unicamente a clasificación das terras, superficie ou titularidade das parcelas de achega. Unha vez resoltos os recursos presentados en prazo e as reclamacións de falta de superficie, o centro directivo competente declarará a firmeza das bases, logo da solicitude do servizo provincial competente na materia.


As lexítimas persoas titulares dos terreos obxecto de reestruturación parcelaria, ou os seus representantes, poderán presentar mediante escrito, dentro dos tres meses seguintes á aprobación das bases, as solicitudes que consideren oportunas, sempre que non versen sobre materias propias de recurso de alzada e non afecten a terceiras persoas. O servizo provincial incorporará as modificacións que

motivadamente se consideren e arquivará, sen máis trámite, as desestimadas ou presentadas fóra do prazo. Estas actuacións non son susceptibles de recurso.

Declaradas firmes as bases, non se poderán levar a cabo modificacións, agás o recoñecemento de titularidade de parcelas sen dono coñecido ou o disposto no artigo 41.3. Así mesmo, poderán modificarse as bases firmes conforme a ratificación do compromiso de integración no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria que resulte.

Igualmente a firmeza das bases de reestruturación parcelaria non impedirá a súa motivada modificación para os efectos da actualización do expediente por causas sobrevidas como consecuencia de actuacións doutros organismos ou administracións públicas que impidan que a documentación integrante das ditas bases garde a necesaria correspondencia coa situación real dos terreos afectados polo proceso de reestruturación parcelaria. Non obstante, e co obxecto de evitar atrasos prexudiciais para o referido proceso, só poderá facerse efectiva devandita modificación ata a aprobación do acordo de reestruturación parcelaria.

## FASE 2 - ACORDO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA





### **/// Actuacións previas ao acordo de reestruturación parcelaria.**

Os traballos de elaboración do acordo iniciaránse a partir da aprobación das bases, agás o deseño do trazado da rede viaria, que se poderá iniciar antes.

O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria será revisado, sendo necesaria a ratificación do compromiso de integración no plan, a determinación do número de explotacións, a superficie mínima necesaria para a súa aplicación e a elaboración pola entidade xestora do Banco de Terras, dun estudo de mobilidade de terras.

O **deseño do trazado** da rede viaria será sometido a exposición pública durante un período de 30 días naturais, no cal, mediante escrito, se poderán presentar alegacións que serán obxecto de estudo polo servizo provincial competente que, motivadamente, introducirá as modificacións que tecnicamente se consideren pertinentes.

A continuación expónse unha breve descrición das obras que se van realizar durante esta fase.

Aprobadas as bases, o centro directivo competente, a proposta do servizo provincial correspondente, aprobará un **plan de obras** que reflectirá todas as actuacións en infraestruturas rurais colectivas, que se proxectarán e executarán, sen requirir licenza municipal, de acordo as recomendacións do documento ambiental, en especial as relativas aos valores paisaxísticos, ambientais e do patrimonio cultural. Así mesmo, o trazado da rede viaria,

na medida do posible, adaptarase á existente, primando en todo caso o acondicionamento e a modificación parcial sobre a execución de novos trazados.

#### **Os proxectos das obras**

axustaranse ao plan de obras e serán aprobados polo centro directivo competente, e unha vez aprobados, serán comunicados ao concello ou concellos afectados, que os expoñerán ao público durante un mes, ao tempo que se publicarán na sede electrónica da consellería. Durante este período poderanse presentar as alegacións que se consideren oportunas que, no caso de seren estimadas, serán incorporadas ao proxecto. Para os terreos forestais, solicitarase informe non vinculante ao centro directivo competente en materia de montes, que deberá emitilo no prazo dun mes desde a recepción da solicitude.

A partir da entrada en vigor da declaración de utilidade pública, a consellería competente en desenvolvemento rural poderá ocupar, temporal ou definitivamente, os terreos precisos para dotar os novos predios da adecuada rede de camiños ou para realizar os traballos relacionados coa reestruturación.

A **entrega das obras** (transmisión da titularidade) será mediante resolución do centro directivo competente en materia de desenvolvemento rural ao concello afectado polas obras executadas incluídas dentro do plan de obras e destinadas a un uso ou servizo público. A entidade receptora das obras estará obrigada ao seu

correcto estado de conservación e, durante o prazo de 5 anos a partir da súa entrega, a manter a obra orixinal, independentemente das melloras que sobre ela poida executar.

Para o caso das obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios, durante un período de tres meses, cuxa data de inicio será establecida polo servizo provincial competente, as persoas titulares interesadas poderán presentar as solicitudes de acondicionamento e mellora da estrutura dos seus predios de substitución, coa descrición da natureza das actuacións que desexan realizar e a adecuada xustificación da súa necesidade. Estas obras poderán consistir na eliminación de accidentes naturais ou artificiais que impidan ou dificulten o cultivo dos predios de substitución, o saneamento de terras, a decrúa de montes para o seu destino ao cultivo, as nivelacións e outros traballos de conservación do solo e, en xeral, calquera actuación que mellore a viabilidade do predio para o seu cultivo conforme o establecido no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.

#### **// Predios de substitución.**

O acordo reflectirase na documentación cartográfica na que se plasme a distribución da nova rede viaria e os predios de substitución, cuxo valor será equivalente, para cada persoa titular, ao das parcelas achegadas despois das deducións, trasladando os dereitos de plantacións

recoñecidos conforme a normativa vixente. Para a preparación do acordo, as persoas titulares poderán poñer de manifesto, por escrito e de xeito razoado, as súas preferencias sobre a localización dos futuros predios de substitución, durante o prazo sinalado.

#### **// Enquisa previa ao acordo de reestruturación parcelaria.**

Deseñados os predios de substitución, o servizo provincial competente poderá inserir os avisos de exposición e enquisa pública, para que durante o período dun mes se faga entrega ás persoas titulares, ou ás súas representantes que así o soliciten, do correspondente documento resumo, e durante o dito prazo poderán formular, por escrito, as alegacións que consideren oportunas.

#### **// Contido do acordo de reestruturación parcelaria.**

A documentación que forma parte do acordo conterá a relación de:

- Titulares, o número de parcelas achegadas por cada un deles, o valor total da superficie achegada, a súa distribución por clases de terra e o seu valor total en puntuación.

- Predios de substitución atribuídos a cada titular, numerados conforme a identificación en planos, con expresión dos valores de superficie total, superficie por clases de terra e valor equivalente, indicándose para cada predio de substitución a natureza xurídica dos bens

e os gravames e situacións xurídicas derivadas das parcelas de achega, que se axustarán ás bases.


- Explotacións agrarias, agrupacións e iniciativas agrarias de traballo en común que recollan os predios de substitución atribuídos, a súa superficie total e por clases de terra e a puntuación equivalente, así como os titulares que formen parte delas, e os predios de substitución que lles corresponden, así como as servidumes prediais e as restantes cargas que, se é o caso, deban constar.

- Explotacións incluídas no Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria. A colección da documentación cartográfica coa distribución da nova rede viaria e os predios de substitución.

#### **// Aprobación e comunicación do acordo de reestruturación parcelaria.**

Realizado polo centro directivo competente, logo do informe non vinculante da xunta local de zona. Unha vez aprobado, o servizo provincial competente procederá á súa exposición pública e notificación individual a cada titular mediante o correspondente boletín individual de predios de substitución.

## FASE 3 - ACTO DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD



1. Cartografía da nova rede viaria
2. Predios de substitución

### // Recursos contra o acordo de reestruturación parcelaria.

No prazo dun mes desde o día seguinte á data de recepción da notificación, poderase interpoñer recurso de alzada contra o acordo ante o titular da consellería competente, cuxa materia serán as reclamacións relativas ao valor, clase de terra e situación dos predios de substitución atribuídos, respecto dos achegados.

### // Toma de posesión provisional e reclamacións de superficie.

Transcorrido o prazo para a presentación de recurso de alzada contra o acordo, e sempre que o número de recursos presentados e pendentes de resolución non exceda un 6 % das persoas titulares da zona, o centro directivo competente dará a toma de posesión provisional dos predios de substitución, sen prexuízo das rectificacións que procedan pola estimación dos recursos de alzada ou peticións presentadas.

Nos dous meses seguintes á data en que se notifique a posta á disposición dos predios de substitución ás persoas titulares adxudicatarias para que tomen posesión deles, poderase reclamar, xuntando unha medición pericial asinada polo técnico competente, sobre as diferenzas de superficie superiores ás marxes establecidas. Se a reclamación é estimada, o centro directivo competente poderá rectificar o acordo ou compensar a persoa reclamante con cargo á superficie procedente da masa común, outorgándolle exactamente o valor en puntuación que resulte da resolución.

### // Firmeza do acordo de reestruturación parcelaria e toma de posesión definitiva.

Resoltos os recursos de alzada interpostos, as reclamacións de superficie e as modificacións referidas, ao centro directivo competente, declarará a firmeza do acordo e a toma de posesión definitiva, logo

da solicitude do servizo provincial competente. A data da referida firmeza será comunicada ás notarías e ao rexistro da propiedade correspondente por razón do territorio e á Dirección Xeral do Catastro, aos cales se lles remitirá copia da documentación resultante da reestruturación da propiedade. Igualmente será comunicado ao concello/s afectado/s para a incorporación ás súas normas urbanísticas.

A aprobación, polo centro directivo competente en materia de desenvolvemento rural, da acta de reorganización da propiedade supoñerá o remate do proceso de reestruturación parcelaria. Na acta de reorganización da propiedade relaciónanse e describíense os dereitos reais e as situacións xurídicas que se determinaron no período de investigación e os predios de substitución sobre os que se establecen, así como os novos dereitos reais que se constitúan. A acta de reorganización da propiedade será obxecto de protocolización notarial e

inmatriculación rexistral por instancia da dirección xeral.

Todo o anterior, sen prexuízo da aprobación, por parte do centro directivo competente, das modificacións da acta de reorganización da propiedade que correspondan como consecuencia da rectificación de erros, execución de sentenzas ou recoñecementos de titularidade que procedan, sendo documento suficiente para a súa inscrición rexistral a acta de rectificación ou complementaria da reorganización da propiedade, debidamente protocolizada notarialmente.





## 4.5. Importancia da información e sensibilización.

A reestruturación parcelaria é unha ferramenta que ten como obxectivo primordial mellorar e rendibilizar as explotacións agrarias e, polo tanto, mellorar a vida no rural, para evitar o seu abandono.

Co cambio de contexto respecto das concentracións do século XX (aumento da sensibilidade ambiental, realidade do cambio climático, etc.) débese introducir unha nova visión na forma de realizala, con actuacións que sexan respectuosas co ambiente e coa paisaxe.

Trátase dunha oportunidade para **informar e concienciar os agricultores e gandeiros desta nova forma de concentración, na que se lles ofrece mellorar as súas explotacións dun xeito máis sustentable**, sen esquecer que esas actuacións son en boa parte financiadas pola Unión Europea e, polo tanto, suxeitas ao cumprimento de condicións de conservación ambiental.

Os **destinatarios dos traballos de reestruturación parcelaria son os que máis van desfrutar ou padecer os acertos ou desacertos en materia da paisaxe**. Aínda que a sociedade, en xeral, cada vez está máis sensibilizada coa protección da paisaxe, non sempre eses destinatarios van aceptar con gusto que se lles impoñan restricións ao aproveitamento das súas parcelas. Sobre todo cando esas restricións

poden afectar parcialmente o rendemento económico dun dos seus medios de sustento.

Polo tanto, o labor de comunicación e sensibilización aos propietarios debe realizarse, a ser posible, desde o comezo do proceso, dedicando un tempo en cada reunión informativa que se celebre á concienciación sobre o valor e as vantaxes da integración ambiental e paisaxística. Nestas reunións poderíanse empregar imaxes nas que se comparen actuacións que conduciron a unha simplificación da paisaxe con outras nas que se respectaron os seus elementos característicos, a poder ser, en zonas de paisaxe similar.

**A concienciación debe realizarse desde o inicio para conseguir a comprensión e colaboración dos propietarios na selección de elementos que cómpre conservar.** No levantamento topográfico deberán reflectirse con detalle todos os elementos susceptibles de conservación, para que nas bases de reestruturación poidan ser seleccionados os considerados necesarios para manter as características de cada tipo de paisaxe.

Unha vez publicadas as bases, **os propietarios deberían coñecer con exactitude cales son os elementos que cómpre conservar** e o que iso implicaría na nova estrutura parcelaria.



**C**oa publicación do acordo e a posterior toma de posesión dos novos predios, todos os propietarios e, en particular, os lindeiros con elementos que cómpre conservar, non deben ter ningunha dúbida dos límites de cada elemento nin das implicacións que supón na explotación das súas parcelas. Para que isto ocorra é necesario subliñar os aspectos paisaxísticos en cada unha das reunións que se celebren con motivo das publicacións.

Unha boa sensibilización ao longo de todo o proceso favorecerá que permanezan os elementos da paisaxe seleccionados unha vez finalizadas todas as actuacións. **Unhas restricións impostas sen sensibilización dos propietarios corren o risco de non seren entendidas e desembocar na desaparición ou deterioración de elementos esenciais da paisaxe.**

Un dos elementos para o reforzo da sensibilización paisaxística é a compoñente económica recollida na Política agraria comunitaria (PAC) post 2020, referida ás actuacións de carácter medioambiental, entre cuxos obxectivos figura axudar a mitigación do cambio climático e a adaptación para os seus efectos, así como promover a enerxía renovable, o desenvolvemento sostible e a xestión eficiente dos recursos naturais (auga, solo e aire), ademais de contribuír á protección da biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos

e conservar os hábitats e paisaxes. Neste senso, **a nova PAC reserva parte das axudas directas para financiar actuacións dos agricultores que favorezan o ambiente**, e cuxos compromisos vaian máis aló da condicionalidade reforzada. Os Estados membros deberán obrigatoriamente propoñelas aos agricultores pero a participación destes últimos é voluntaria.

Débense mostrar á poboación as oportunidades de conxugar a relación existente entre elementos singulares do patrimonio cultural e natural para poñer en valor zonas de interese como, por exemplo, sendeiros fluviais, flora riparia e muíños para a creación de roteiros turístico/educativos; escavacións parciais de castros con accesos por corredoiras con árbores autóctonas, etc. Actuacións todas elas que, sen dúbida, poden dinamizar a economía da zona.

*Unha boa sensibilización ao longo de todo o proceso favorecerá que permanezan os elementos da paisaxe seleccionados, unha vez finalizadas todas as actuacións.*

# BLOQUE 5

INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAJÍSTICA



# 1. PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

## 1.1. Procedemento de avaliación de impacto ambiental da reestruturación parcelaria.

O procedemento de avaliación do impacto ambiental de proxectos (AIA) concíbese como un **instrumento que garante unha adecuada prevención dos impactos ambientais que se poidan xerar, á vez que establece mecanismos de corrección ou compensación**. Supón, polo tanto, a consideración da perspectiva ambiental e de sustentabilidade na toma de decisións sobre os proxectos con incidencia sobre o medio.

Este procedemento, xunto ao de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas, é regulado na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada polo Real decreto 445/2023, do 13 de xuño. Esta norma contempla dous procedementos de avaliación do impacto ambiental en función do tipo de proxectos de que se trate, a **avaliación de impacto ambiental ordinaria e a simplificada**.

O procedemento de reestruturación parcelaria encádrase no ámbito de aplicación desta lei, tanto nos supostos de AIA ordinaria (anexo I) como de AIA simplificada (anexo II) e son os seguintes:

**I.** Son obxecto dunha **avaliación de impacto ambiental ordinaria** os procesos de reestruturación parcelaria que:

**a)** Se desenvolvan en espazos protexidos da Rede Natura 2000, en espazos naturais protexidos, en zonas húmidas de importancia internacional (Ramsar), en sitios naturais da Lista do Patrimonio Mundial, en áreas ou zonas protexidas dos convenios para a protección do medio mariño do Atlántico do Nordeste (OSPAR) e en zonas núcleo de reservas da biosfera da UNESCO (Anexo I. Grupo 9. Letra a).


**b)** Supoñan un cambio de uso do solo nunha superficie igual ou superior a 100 ha (Anexo I. Grupo 9. Letra b).

**II.** Son obxecto dunha **avaliación de impacto ambiental simplificada** os restantes procesos de reestruturación parcelaria (Anexo II. Grupo 1. Letra a).


Nos esquemas seguintes resúmese este proceso de AIA para o procedemento ordinario e para o simplificado, os cales poden ser consultados con máis detalle na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

## AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL ORDINARIA (AIAO)

### FASE POTESTATIVA




### FASE PRECEPTIVA



*Esquema do procedemento de AIA ordinaria.*

Fonte: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.





Fonte: Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

*Esquema do  
procedemento de AIA  
simplificada.*

**A** grandes trazos, o procedemento de AIA ordinaria supón a elaboración do **estudo de impacto ambiental (EIA)** que acompañará o resto da documentación das bases nun proceso de participación pública e consultas. Tras as achegas deste proceso, todo o expediente será revisado e avaliado polo órgano ambiental, que resolverá coa emisión da Declaración de impacto ambiental (DIA), a cal ten natureza de informe preceptivo e determinante.

Pola súa banda, o procedemento de AIA simplificada caracterízase por incluír unha solicitude do seu inicio, motivando a aplicación do procedemento, acompañada dun **documento ambiental**, xunto coa documentación esixida polo centro directivo competente no proceso de reestruturación parcelaria (órgano substantivo). O órgano ambiental, despois dunha fase de consultas e participación pública formula o **informe de impacto ambiental**, no cal determina, segundo os criterios establecidos no anexo III da Lei 21/2013, se o proxecto debe someterse ou non ao procedemento ordinario de avaliación de impacto ambiental.

---

*Un EIA pouco preciso, sen cuantificación e identificación dos elementos que cómpre preservar, crea inseguridade xurídica.*

Este proceso de AIA da reestruturación parcelaria inclúese no seu procedemento de tramitación propio, concretamente durante a fase das **“bases da reestruturación parcelaria”**. Non obstante, é recomendable integrar criterios de sustentabilidade desde o propio inicio do procedemento, na fase previa coa avaliación do cumprimento de obxectivos xerais e logo no estudo previo de iniciación, tal e como se resume a continuación:

#### **Análise previa da viabilidade ambiental da reestruturación parcelaria.**

A delimitación da zona de concentración parcelaria establécese no momento da avaliación de cumprimento de obxectivos e do estudo previo de iniciación da fase previa ao inicio, o cal a converte nunha das accións do proceso cunha maior función de prevención de posibles impactos.





---

Os criterios para a elección de zonas que se van concentrar deberían incluír os seguintes:

- **Recollida de datos e elaboración de índices cuantitativos** sobre os elementos de valor ambiental, cultural e paisaxístico que deben ser conservados, como, por exemplo, valados tradicionais, masas arbóreas, vexetación de ribeira, camiños tradicionais, etc.
- Procura dun **equilibrio** entre a conservación dos elementos e dinámicas da paisaxe inicial e a rendibilidade social do investimento.
- O **destino agrogandeiro ou forestal** en función da aptitude agroforestal de cada ámbito. Nas zonas forestais deberán determinarse as zonas destinadas ás diferentes especies, tendo en conta a lexislación vixente.
- Estimación do **grao de complexidade** da zona que se vai reestruturar conforme se vai procesando toda a información, para favorecer un proceso áxil que non se alongue demasiado no tempo, posto que para acadar os obxectivos da integración paisaxística, non é recomendable superar os 3 ou 4 anos para o proceso completo, xa que en períodos longos é moi difícil o control para que non se destrúan elementos de interese.

Para iso, nesta fase previa ao inicio, deberá realizarse un esforzo significativo no labor de análise/diagnose que se detallará no apartado 2 deste bloque.



## 1.2. Estudo de impacto e integración paisaxística.

### 1.2.1. Normativa en materia de paisaxe.

**A** Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, inclúe entre os seus instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe aos estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP). A súa función é **avaliar os efectos e impacto que un proxecto pode provocar na paisaxe e propor as correspondentes medidas de integración paisaxística**. Son concibidos para ser integrados no estudo de impacto ambiental dos proxectos que deben someterse á declaración de impacto ambiental (avaliación de impacto ambiental ordinaria).

Esta lei ten o seu desenvolvemento regulamentario no Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, establece a regulación dos EIIP na sección 5ª do capítulo III. Instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, concretamente nos artigos do 25 ao 33 inclusivos.

#### Supostos nos que é preceptivo os EIIP.

O artigo 25 do regulamento establece os casos nos que é preceptivo os EIIP, tal e como segue:

- I.** Os EIIP serán preceptivos para **todos os proxectos suxeitos a avaliación de impacto ambiental ordinaria** (artigo 11.1 da Lei 7/2008).
- II.** Os **proxectos suxeitos a avaliación ambiental simplificada cando se realicen en áreas de interese paisaxístico** e se dea, ademais, algunha das seguintes circunstancias (regulación regulamentaria prevista no artigo 11.4 da Lei 7/2008):
  - a)** Superficie afectada polo proxecto superior a 10 ha.
  - b)** Volume da edificación realizada superior a 2.500 m<sup>3</sup>





### Directrices xerais para a súa elaboración.

Os EIIIP elaboraranse seguindo un **criterio de eficacia**, respectando as seguintes directrices xerais (artigo 26 do regulamento):

- Redactaranse ao inicio do proceso de elaboración do proxecto, de tal modo que as súas **conclusións** poidan dar lugar a **medidas de deseño** orientadas a asegurar unha adecuada integración paisaxística das actuacións proxectadas.
- Procurarán como obxectivo principal, polo tanto, que o proxecto inclúa unhas **medidas preventivas adecuadas**, que minimicen ou reduzan a necesidade de medidas correctoras.
- O seu **contido e alcance será específico** para cada caso e proporcional á entidade do proxecto e ás características paisaxísticas do lugar en que se localice.
- Evitarán a **reproducción de contidos propios** do estudo de impacto ambiental ou do proxecto.

### Contidos.

Os estudos de impacto e integración paisaxística incluírán o seguinte contido (artigo 27 do regulamento):

- **Diagnose do estado actual da paisaxe.**
- **Características principais do proxecto.** Esta epígrafe poderse resolver mediante as oportunas referencias a outros documentos do estudo de impacto ambiental ou do propio proxecto.
- **Estimación do impacto do proxecto** sobre os elementos que configuran a paisaxe incluída, se é o caso, sobre a paisaxe nocturna.
- **Xustificación** de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe, se é o caso, establecidas para a unidade de paisaxe en que se pretende executar a actuación.
- **Medidas preventivas e correctoras** que se deban adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto.

Nos restantes apartados deste bloque 5 inclúense criterios e recomendacións para o desenvolvemento destes contidos nos EIIIP dos procesos de reestruturación parcelaria.

### Informes de impacto e integración paisaxística.

Os artigos 32 e 33 do regulamento contemplan as determinacións sobre a emisión dos informes de impacto e integración paisaxística que emite o órgano competente en materia de paisaxe, que é o Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia.

Estes informes teñen **carácter vinculante**, e así o expresarán naqueles aspectos nos que o propio informe exprese de forma manifesta que o proxecto vulnera, se é o caso, determinacións normativas de carácter vinculante establecidas pola lexislación de protección ou polos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Nos procesos de reestruturación parcelaria **a solicitude do informe estará incluída no propio proceso de avaliación de impacto ambiental**, xa sexa ordinario ou simplificado. Polo tanto, será o órgano substantivo ou o órgano ambiental o encargado de realizar a solicitude do devandito informe.

O prazo para a súa emisión é de 30 días hábiles e o órgano ambiental integrará o informe emitido na declaración de impacto ambiental ou no informe de impacto ambiental.



#### 1.2.2. Instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe.

**A** Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, dedica o seu capítulo III á definición dos instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, entre os que, ademais dos EIIP, figuran os catálogos das paisaxes de Galicia, as directrices da paisaxe de Galicia e os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

O conxunto do **catálogo e as directrices da paisaxe dá soporte aos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística**, así como aos estudos de impacto e integración paisaxística e aos informes sectoriais en materia de paisaxe.

### Catálogo das paisaxes de Galicia.

Este instrumento foi aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo. **Delimita as grandes áreas paisaxísticas de Galicia, identificando os tipos de paisaxe existentes en cada unha delas e as súas características diferenciais.** Inclúe ademais unha diagnose do seu estado actual e o inventario dos valores paisaxísticos identificados. Serve de base para a posterior elaboración das directrices da paisaxe.

O catálogo incorpora aspectos relevantes para os EIIP, tales como:

- Os **tipos de paisaxe segundo a grande área paisaxística** na que se sitúe o proxecto.
- A determinación de **valores paisaxísticos**.
- O establecemento de **lugares e áreas de especial interese paisaxístico** (LEIP e AEIP).
- A identificación de **ámbitos de especial atención paisaxística** (AEAP).
- As análises de **exposición visual** desde os grandes eixes viarios e núcleos máis poboados (zonas de visibilidade estratéxica).

### Directrices de paisaxe de Galicia.

O Decreto 238/2020, do 29 de decembro, supuxo a aprobación das directrices da paisaxe de Galicia. Este instrumento defínese como as determinacións que, fundamentadas no Catálogo das paisaxes, **definen e precisan para cada unidade de paisaxe os obxectivos de calidade paisaxística** que se pretenden alcanzar. Os seus contidos son:

- **Obxectivos** de calidade paisaxística para cada unidade de paisaxe.
- **Medidas e accións específicas** para acadar os obxectivos de calidade e de recuperación para os ámbitos de especial atención paisaxística.
- **Indicadores de calidade paisaxística** para o control e seguimento do estado e da evolución das unidades de paisaxe.
- **Normas e recomendacións.**

*O catálogo e as directrices de paisaxe dan soporte aos diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística.*



Os de maior relevancia para os procesos de reestruturación parcelaria son as normas e recomendacións.

As **normas** (sinaladas cun N en cada caso) teñen un carácter obrigatorio para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística e para as estratexias rexionais e locais. Presentan diferentes niveis de intensidade: ben expresando unha limitación ou condición directa, ben deixando un maior grao de liberdade en canto ao modo de chegar ao resultado previsto.

As **recomendacións** (sinaladas cun R en cada caso), formuladas en termos orientativos, suxiren limitacións ou condicións de carácter xenérico, que poden ser acadadas de diversas formas, aínda que o seu cumprimento non é obrigatorio. En particular, as solucións ou orientacións expresadas nas recomendacións sono coa condición de que sexan tecnicamente viables e acordes cos informes técnicos que emitan os órganos competentes nos oportunos procedementos administrativos de autorización ou aprobación, consonte a correspondente normativa sectorial.

Os plans, programas ou proxectos deben xustificar, na súa memoria, o cumprimento destas directrices de paisaxe, independentemente de que o plan ou proxecto sexa sometido ao procedemento de avaliación de impacto ambiental. No caso das normas de carácter excluín-te,

mediante a oportuna acreditación ou descrición dos medios e do fin que se quere alcanzar; e no caso das normas cun maior grao de flexibilidade en canto aos medios, dun xeito máis aberto, sen prexuízo do fin vinculante que se quere alcanzar. Finalmente, para as recomendacións exíxese que se describa e xustifique a solución concreta por que se opta (no caso de que se opte) por separarse dos criterios recollidos nelas.

**As normas e recomendacións de aplicación específica para os procesos de reestruturación parcelaria figuran recollidas no apartado 4.2. de Directrices xerais, concretamente no subapartado 4.2.2. Directrices para instrumentos de ordenación ou xestión do territorio, e dentro deste, na DX.12, con criterios específicos para os procesos de reestruturación parcelaria, así como outros instrumentos de xestión ou ordenación agraria.**

*Plans, programas ou proxectos deben xustificar, na súa memoria, o cumprimento destas directrices de paisaxe.*





## 2. DIAGNOSE DO ESTADO ACTUAL DA PAISAXE

**A**propia documentación que debe ser xerada no procedemento de reestruturación parcelaria contempla, tal e como esixe a DX12.A, a **elaboración dun inventario ou catálogo de elementos estruturais e funcionais, naturais ou artificiais, para conservar durante o proceso, coa fin de manter, na medida do posible, as características paisaxísticas máis relevantes e valiosas.**

Nos seguintes apartados inclúese a referencia ás directrices da paisaxe que lle serían de aplicación, especificando se son de **obrigado cumprimento (N)** ou **recomendacións (R)**, e describindo os criterios e as actuacións aconsellables en cada caso.

No caso do EIIP, os contidos deste inventario ou catálogo deben presentarse como unha **diagnose do estado actual** da paisaxe do lugar en que se localice o proxecto e debe incluír a **análise e valoración dos seus principais compoñentes, dos seus valores paisaxísticos, da súa visibilidade e do seu grao de fragilidade.**

*Elaboración dun inventario ou catálogo de elementos estruturais e funcionais.*

### DX.12 A

(N) De conformidade co artigo 22 da Lei 4/2015, as bases da reestruturación parcelaria deberán incluír un estudo de impacto e integración paisaxística que conteña o catálogo de elementos estruturais e funcionais, naturais ou artificiais, para conservar durante o proceso, coa fin de manter, na medida do posible, as características paisaxísticas máis relevantes e valiosas. O citado estudo deberá:

1. Ter en conta os tipos de paisaxe, valores paisaxísticos e lugares de especial interese paisaxístico identificados no Catálogo das paisaxes de Galicia.
2. Identificar os elementos tales como valos tradicionais de pedra, fontes, outras construcións etnográficas, sistemas de rega tradicionais, infraestruturas de paso de ríos e regatos (pontes, pontellas e pasos tradicionais), captacións de auga (pozas, presas, regos, levadas ou similares), árbores ou formacións senlleiras, masas de arboredo autóctono, afloramentos rochosos, mananciais, masas de auga ou calquera outro que, pola súa singularidade, mereza que se estude a viabilidade de mantelo para preservar o carácter da paisaxe.
3. Estudar as condicións particulares de integración paisaxística na zona a que se refire o procedemento de reestruturación, con base nos datos a que fan referencia as epígrafes anteriores, e concretar, xustificadamente, as solucións ou condicións por que se opte, de acordo coas normas e recomendacións que expresan os puntos seguintes.



Para facilitar a comprensión, ao longo do documento e segundo o contido do apartado, mostraranse as correspondentes directrices ás que se faga referencia.




## 2.1. Contidos do Catálogo das paisaxes de Galicia.

**N**un primeiro lugar haberá que localizar a zona de estudo empregando o Catálogo das paisaxes nunha das **12 grandes áreas paisaxísticas de Galicia** e a comarca paisaxística á que pertence. No apartado 3.1. do bloque 4 deste documento, descríbense as 12 grandes áreas paisaxísticas de Galicia.

O Catálogo das paisaxes de Galicia tamén identifica **áreas de especial interese paisaxístico** (AEIP); ademais destas áreas definidas no catálogo, teñen consideración de AEIP as seguintes:

- Os espazos de interese delimitados polo Plan de ordenación do litoral de Galicia.
- Os ámbitos que os plans xerais de ordenación municipal clasifiquen como solo rústico de especial protección paisaxística.
- As paisaxes protexidas ao amparo da normativa estatal e galega de patrimonio natural e biodiversidade.
- Os ámbitos que, se é o caso, delimiten instrumentos de ordenación do territorio de conformidade co previsto na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.



■ Áreas de especial interese paisaxístico

Fonte: Visor do Catálogo das paisaxes de Galicia.

**A**s unidades da paisaxe segundo o Catálogo de paisaxes son o resultado da combinación dos seguintes tres factores: **o clima, a xeomorfoloxía e o modelo espacial do uso do solo**. Estas unidades achegan información de interese a unha escala rexional e con fins descritivos e ilustrativos dunha posible metodoloxía para o seu desenvolvemento. Non obstante, a unha escala de proxecto, de detalle, resulta conveniente delimitar as unidades de paisaxe cunha maior precisión para o ámbito da reestruturación parcelaria, utilizando fontes de información con maior resolución.

---

*“O ser humano plasma a materia creando moradas onde recolle a súa historia e a súa cultura: constrúe paisaxes caracterizadas pola simultaneidade do presente e do pasado”*  
*Massimino Venturi*



## 2.2. Aspectos relevantes que cómpre ter en conta

U nha vez coñecida a área da paisaxe na que se localiza a zona e as unidades de paisaxe existentes na dita área, cómpre analizar os seguintes aspectos que contempla o regulamento da Lei de paisaxe no seu artigo 28:

**a) A topografía e hidrografía do lugar.**

**b) As coberturas e usos do solo.**

**c) Os elementos naturais ou construídos** que outorgan carácter á paisaxe, en particular aqueles que posúen un especial valor.

**d) As condicións de visibilidade** e a identificación de miradoiros, sendas panorámicas ou outros puntos singulares de observación, como estradas ou lugares de concentración de persoas, desde os que se poida observar a actuación.



*O estudo destas compoñentes da paisaxe dotará o técnico dunha visión máis global da zona e permitirá tomar decisións congruentes.*


O estudo destas compoñentes da paisaxe dotará o técnico dunha visión máis global da zona e permitirá tomar decisións congruentes en canto a:

- A creación dos novos lindes dos predios de substitución.
- A apertura de novos camiños que asegure o menor impacto posible sobre os elementos da paisaxe e a súa integración paisaxística.
- A conservación e mantemento de elementos ou agrupacións, tanto culturais como patrimoniais.
- A integración e protección de escenas e concas visuais.
- A exclusión das zonas de maior valor ecolóxico (como corredores ecolóxicos) para evitar actuacións que puideran provocar a súa degradación.

Como se mostra na imaxe seguinte, a diagnose do estado actual da paisaxe permite deseñar a nova rede viaria co menor impacto posible.



Exemplo de diagnose do estado actual  
da paisaxe en Galegos (Lalín).



**A** continuación preséntanse **orientacións e recomendacións xerais** para a análise destes aspectos relevantes da diagnose da paisaxe, que formarán parte do propio inventario ou catálogo da documentación das bases da reestruturación parcelaria.

Como primeiro paso, ademais dos elementos asociados ao patrimonio natural e cultural, deberanse **identificar os elementos tradicionais que cómpre protexer**. Deberase prestar especial atención aos muros tradicionais e socalcos, incluíndo unha análise da tipoloxía de pechamentos (muros de pedra seca, lascas, madeira...), así como ás construcións auxiliares tradicionais (de pedra, madeira...) co fin de identificar os elementos que deberán perdurar no futuro. Así mesmo, identificaranse a vexetación arbórea, as sebes e os cultivos de interese, as concas fluviais e os posibles corredores ecolóxicos, entre outros.

Débase considerar a posibilidade de **valoración non só do solo, senón tamén de todos aqueles elementos inventariados que deben ser conservados**, xa que do contrario non se teñen garantías da súa conservación. A valoración é requisito necesario para analizar se constitúen un beneficio ou unha carga para o novo propietario co obxecto de acadar os fins recollidos neste manual e compensar os propietarios das parcelas orixinais que achegan estes valores, se fose preciso.



Actualmente, na maioría dos casos non se realiza unha identificación de masas arbóreas nin a valoración do voo. Só excepcionalmente se identifican algunhas masas importantes de frondosas autóctonas, pero sen establecer a súa valoración nin os criterios de compensación.

Un inventario exhaustivo require a realización de **estudos previos do territorio moito máis profundos, así como o establecemento de criterios obxectivos para parametrizar e cuantificar os elementos que cómpre conservar**. Para a definición destes criterios debe partirse da documentación base existente, como a *Guía de caracterización*

*e integración paisaxística de valados*, na que se definen as tipoloxías habituais nas distintas comarcas.

Estes **índices relativos á conservación de elementos de valor ambiental e paisaxístico deben adquirir carácter obrigatorio** a través das determinacións que se establezan no acordo, do mesmo xeito que os índices de concentración.

En cada zona de concentración deberanse fixar os elementos que cómpre conservar, cuxo número dependerá da cantidade, superficie, lonxitudes absolutas, tipoloxía, grao de conservación, singularidade, valor estratéxico ou ecolóxico, contorna, etc. **Estes elementos que cómpre conservar condicionan o deseño das parcelas finais**, e poden afectar de forma significativa os índices de redución e, nalgúns casos, a viabilidade da reestruturación, polo que se debe valorar a posibilidade de conservación dalgúns destes elementos no interior de predios de substitución, tendo en conta o seu valor e as limitacións para a explotación da parcela, o que requirirá un labor de sensibilización.

A continuación identifícanse criterios e contidos específicos para a análise de cada un dos catro aspectos relevantes que cómpre considerar na diagnose da paisaxe. Estes complétanse coas recomendacións incluídas nalgunhas das medidas de integración ambiental e paisaxística identificadas na epígrafe 5.

### 2.2.1. Topografía e hidrografía do lugar.

A topografía e a hidrografía constitúen dous aspectos ou elementos estruturais que condicionan de xeito moi marcado a organización e a estrutura formal da paisaxe, polo que cómpre estudar ambos aspectos para acadar a súa caracterización. A análise topográfica e hidrográfica permitirá crear unha rede viaria mellor integrada na paisaxe e con menor impacto, para evitar a aparición de noiros moi visibles e garantir a menor afección sobre a rede hidrográfica.

A información máis relevante que se incorporará para un proceso de reestruturación parcelaria figura identificada no apartado **5.1. Medidas relacionadas co patrimonio natural e a infraestrutura verde**.

### 2.2.2. Coberturas do uso do solo.

En caso de non estar dispoñible o mapa de usos agroforestais de Galicia, deberá elaborarse un mapa de coberturas e usos do solo á escala do proxecto de reestruturación parcelaria.

Á vez que se realiza este mapa, se é o caso, será recomendable a elaboración da cartografía de hábitats da zona de estudo. A este respecto figura información máis detallada no apartado **5.1. Medidas relacionadas co patrimonio natural e a infraestrutura verde**.



### 2.2.3. Elementos naturais ou construídos que outorgan carácter á paisaxe.

Elaborarase un **inventario dos elementos paisaxísticos característicos da zona e un estudo dos camiños existentes** no caso dos elementos naturais e construídos. O inventario destes elementos debe incluír a súa localización en cartografía dixital xeorreferenciada e, como mínimo, os seguintes atributos: tipo de elemento, dimensións, estado e localización, así como recursos fotográficos. A ***Guía de caracterización e integración paisaxística de valados*** serve como referencia para a descrición dos valados das grandes áreas paisaxísticas. En canto aos camiños, o estudo servirá para a posterior toma de decisión sobre a súa permanencia, posible modificación ou eliminación.

Establécense certos criterios básicos para a clasificación dos camiños existentes co fin de determinar a parte da rede existente que debe ser conservada inalterada.

#### a) Valor patrimonial, etnográfico e paisaxístico.

- Camiños que non presentan elementos patrimoniais, etnográficos e paisaxísticos relevantes.
- Camiños con elementos patrimoniais, etnográficos e paisaxísticos pouco relevantes pola súa deterioración ou pola súa escasa lonxitude dentro do trazado total do camiño.

- Camiños con elementos patrimoniais, etnográficos e paisaxísticos relevantes polas súas dimensións e estado de conservación. Considérase necesario, na medida do posible, conservalos segundo os criterios descritos con anterioridade.


#### b) Presenza de determinados elementos nas súas marxes.

- Tramos de camiños que non presentan elementos significativos da marxe.
- Tramos de camiños con elementos significativos de marxe pouco relevantes, ben pola súa deterioración ou pouca continuidade, ou pola súa presenza só nunha das marxes.
- Tramos de camiños con elementos significativos de marxe relevantes polas súas dimensións, polo bo estado de conservación ou pola presenza en ambas marxes dese tramo de camiño. Os tramos que teñan esta clasificación deben manterse inalterados, na medida do posible, para a conservación dos elementos de valor patrimonial, natural ou paisaxístico

En todos os casos debe elaborarse unha **cartografía dixital xeorreferenciada para o seu emprego nun Sistema de Información Xeográfica (SIX)**, que inclúa o trazado dos camiños e a localización dos valados tradicionais. A continuación figuran exemplos de información cartográfica e alfanumérica para o estudo dos valados e dos camiños.

Exemplo de inventario de valados e camiños en Galegos (Lalín).

BLOQUE 5



*Nos seguintes apartados, 5.2. Medidas relacionadas co patrimonio cultural e 5.3. Medidas relacionadas con muros, peches e valados, desenvólvense con máis detalle os aspectos que cómpre considerar desta diagnose.*


Táboa 10. Exemplo de datos recollidos no inventario de valados galegos (Lalín).

Nº	FIRME	LONXITUDE (m)	ANCHO (m)
18	Camiño de terra	309,91	2,5
20	Camiño asfaltado	1271,39	3,5



Táboa 11. Exemplo de datos recollidos no inventario de valados galegos (Lalín).

Nº	TIPO	MATERIAL	POSICIÓN	SISTEMA CONSTRUCTIVO	USO	ESTADO	LONXITUDE (m)	ALTURA (m)
1	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Muro de pedras de granito amontoadas	Prado	Bo	112,62	0,7 - 1
2	Pétreo	Pedra cachotes	Perimetral	Muro de pedras de granito amontoadas	Prado	Bo	130,33	<0,7
3	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Muro de pedras de granito amontoadas	Mato	Malo	46,83	1 - 1,5
4	Pétreo	Pedra cachotes	Frontal	Muro de pedras de granito amontoadas	Prado	Bo	24,76	0,7 - 1













#### 2.2.4. Visibilidade da actuación.

A identificación de miradoiros, sendas panorámicas e outros puntos de interese é importante para o estudo da visibilidade a través de conchas visuais e dos impactos visuais. Neste apartado cómpre analizar a visibilidade das accións do proxecto de reestruturación parcelaria desde os miradoiros, os itinerarios de interese paisaxístico próximos á zona de actuación e calquera outro punto de observación significativo na área de estudo do proxecto.

Os miradoiros e itinerarios están publicados no Catálogo das paisaxes de Galicia e na *Guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros da Xunta de Galicia*.

*Exemplo de estudo de unidades ambientais en Galegos (Lalín).*

-  Zona visible
-  Superficie agrogandeira
-  Superficie forestal



### 3. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO PROXECTO

**N**o que atinxe á reestruturación parcelaria, as principais características do proxecto veñen definidas por dous tipos de información:

#### Información básica.

- Localización da zona.
- Entidades de poboación ás que afecta.
- Superficie de actuación.
- Número de parcelas sobre as que se actúa.
- Número de propietarios afectados pola actuación.

Información das actuacións con maior probabilidade de causar impactos.

Os **maiores impactos da reestruturación parcelaria** proveñen das seguintes actuacións:

- Modificacións nas coberturas do solo.
- Apertura de novos camiños ou modificación dos existentes.
- Modificación dos lindes das parcelas.

Polo tanto, as **principais características do proxecto**, en relación á identificación dos impactos ambientais e paisaxísticos, estarán incluídas nos seguintes contidos:

- Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria (Popeva).
- Deseño da rede viaria.
- Predios de substitución.

Estas actuacións figuran desenvoltas na **documentación do proxecto da reestruturación parcelaria, así como no propio EIA**. Seguindo cos criterios xerais para a elaboración dos EIIP, será preferible incluír a indicación do lugar onde se desenvolven estes contidos con detalle en lugar de repetilos de novo.





## 4. ESTIMACIÓN DO IMPACTO PAISAXÍSTICO

### 4.1. Identificación dos impactos paisaxísticos da reestruturación parcelaria.

Unha vez identificadas as principais actuacións potencialmente impactantes da reestruturación parcelaria, cómpre identificar e valorar, tal e como recolle o Regulamento da Lei de paisaxe, os impactos sobre os aspectos relevantes da paisaxe:

**a) A integración topográfica das actuacións.**

O impacto será menor canto menores sexan os movementos de terras precisos para as obras.

**b) O respecto pola rede hidrográfica.**

O impacto será menor canto menos se alteren os cursos, as beiras e a vexetación asociada a ela.

**c) A alteración das coberturas do solo.**

O impacto será menor canto máis naturais, propias do lugar e respectuosas cos procesos ecolóxicos sexan as coberturas implantadas.

**d) O grao de incidencia sobre elementos naturais ou culturais de valor paisaxístico.**

Tales como árbores ou masas de interese, formacións rochosas, construcións, muros ou valados de carácter tradicional, camiños rústicos de interese, ou outros.

**e) A visibilidade das construcións ou instalacións proxectadas.**

Sendo maior o impacto canto maior sexa a distancia dende a que se poidan observar, será necesario previamente identificar os puntos singulares de observación, para a súa cuantificación, e logo proceder á análise das concas visuais. Estas son definidas como o conxunto de superficies ou zonas que son vistas desde un punto de observación, ou dito doutro xeito, é a contorna visual dun punto (Fdez-Cañadas, 1977, como se citou en Tévar, 1996), para coñecer canto son de visibles os ditos obxectos. A consideración da distancia de observación que cómpre ter en conta realizarase en función do tamaño da construción ou instalación.

**f) A incidencia sensorial do proxecto, incluída a contaminación luminosa.**

*Cómpre identificar e valorar,  
tal e como recolle o  
Regulamento da Lei de paisaxe.*

## 4.2. Valoración dos impactos sobre a paisaxe.

**P**ara a valoración dos principais impactos sobre a paisaxe propónse unha **metodoloxía que podería servir igualmente para a avaliación do proceso de reestruturación parcelaria unha vez finalizado o procedemento e a súa execución**. Este é un estudo que, sen dúbida, requiriría o seu propio manual, polo que unicamente se plasman algunhas ideas xerais.

A **metodoloxía** que se propón é a seguinte:

**I. Estudo de campo** no que se recollan as masas de arboredo, individuais, lineais e superficiais, indicando os graos de homoxeneidade, na situación previa e coa alternativa da reestruturación proposta, e acompañado dunha reportaxe fotográfica. Desta forma determinarase cantos elementos permanecen e cantos serán eliminados.

**II. Efectos causados** pola perda de elementos, como, por exemplo, a erosión polo escorregamento, etc.

**III.** A perda de elementos ecolóxicos e culturais da paisaxe recoméndase analizala mediante o **uso de indicadores**, como, por exemplo, seguindo a metodoloxía empregada en Riveiro Valiño *et al.* (2010). Neste traballo empréganse índices diferentes para os seguintes elementos.

**a) Manchas de vexetación forestal e seminatural**, nas seguintes clases predefinidas:

- Frondosas autóctonas (FA): masas formadas normalmente por mesturas de carballo (*Quercus robur*) e castiñeiro (*Castanea sativa*), con presenza de individuos dispersos de bidueiro (*Betula celtiberica*).
- Mestura de especies forestais (MF): masas formadas por mesturas de máis de tres especies incluíndo, ademais das frondosas autóctonas descritas no apartado anterior, outras especies como salgueiro (*Salix atrocinerea*) ou piñeiro (*Pinus pinaster*, *Pinus radiata*), e presentando menor dominancia de carballo e castiñeiro.
- Matogueira (MT): agrupación tipolóxica de diferentes tipos de manchas con especies non arbóreas, tales como toxo (*Ulex europaeus*), xestas (*Cytisus* spp.), fentos (*Pteridium aquilinum*), silveiras (*Rubus* spp.), etc.
- Matogueira arborizada (MA): manchas de matogueira de toxo (*Ulex europaeus*) nas cales

comezan a establecerse individuos dispersos ou pequenos grupos de especies arbóreas, especialmente bidueiro (*Betula celtiberica*).

- Piñeirais (MM): masas arbóreas de piñeiro (*Pinus radiata*).

**b) Elementos lineais verdes, tales como sebes ou valados arbóreos e arbustivos.** Deben dixitalizarse cando os elementos arbóreos presentan continuidade, independentemente da súa anchura, pero sempre que as árbores formasen unha liña única.

**c) Árbores illadas, representadas mediante puntos illados.**

Neste artigo, para as manchas de vexetación forestal e seminatural, utilízanse índices de paisaxe, é dicir, **índices cuantitativos que describen as estruturas ou modelos nunha paisaxe**. Riveiro Valiño *et al.* (2010) fan referencia a numerosos estudos previos nos que se empregan índices cuantitativos para avaliar as transformacións estruturais e os impactos da concentración parcelaria, como son os de González *et al.* (2004), Aslan *et al.* (2007), Gonzalez *et al.* (2007) ou Bonfanti *et al.* (1997).

No traballo indicado utilizáronse: **número de manchas (NP), a superficie total (CA), o tamaño medio da mancha (MPS), e a lonxitude total do bordo das manchas (CHE)**. Todos eles calculáronse a dous niveis para cada unha das clases de mancha diferenciadas, e para a paisaxe no seu conxunto.

Para os elementos lineais calcularon o seu número, lonxitude total, lonxitude media e densidade.

Finalmente, as árbores illadas contabilizáronse e sometéronse á mesma análise de densidade que a descrita para os elementos lineais.

Os tres tipos de elementos (manchas, elementos lineais e elementos puntuais) débense fusionar nunha mesma **xeometría de polígonos para calcular posteriormente un mapa de distancias**, co fin de comparar visualmente o grao de apertura na paisaxe causada pola eliminación de elementos de importancia ecolóxica.

*A utilización de índices de paisaxe permite comparar cuantitativamente a diferenza entre o estado inicial e final dun proceso de reestruturación parcelaria.*



## 5. MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

O obxectivo deste apartado é propoñer **medidas de integración paisaxística para os procesos de reestruturación parcelaria, tanto dende o punto de vista dos elementos de valor que cómpre protexer como das actuacións concretas do desenvolvemento do proceso**. Todo iso sen perder de vista o fin da reestruturación parcelaria de mellorar a estrutura da propiedade, a viabilidade das explotacións e o desenvolvemento das comunidades rurais para fixar poboación nas súas vilas e lugares. Trátase

de fixar os criterios para unha reestruturación eficiente social e economicamente e respectuosa coa funcionalidade ecolóxica e a integridade da paisaxe de cada zona.

Estas medidas aspiran a ser de aplicación en calquera proceso de reestruturación parcelaria, tanto se son sometidas ao procedemento de AIA ordinaria coma simplificada, posto que, aplicando o principio de proporcionalidade, todas elas poderían ser consideradas para acadar unha correcta integración ambiental e paisaxística da reestruturación.



## 5.1. Medidas relacionadas co patrimonio natural e a infraestrutura verde.

### DX.12 J

(R) Sempre que sexa posible respectaranse as masas de arboredo autóctono existentes, pola súa participación na composición da paisaxe e para que sirvan de refuxio á fauna («manchas ecolóxicas»). Para tal fin, cando resulte viable, poderán facerse coincidir sobre elas as reservas de terreos para masas comúns. Así mesmo, estudarase a posibilidade de realizar plantacións deste tipo de especies nas citadas masas comúns.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

A infraestrutura verde (IV) é unha ferramenta de planificación territorial que pretende xestionar adecuadamente o territorio para recuperar e potenciar a conectividade, a restauración ecolóxica e a biodiversidade. É un concepto multiescalar (espacial e administrativo), multifuncional e multidisciplinar, no que se busca proporcionar o maior número de servizos ecosistémicos, como a produción agraria sostible, a saúde, o benestar, a biodiversidade; e, polo tanto, atópase completamente aliñado cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) das Nacións Unidas.

O imperativo comunitario recollido na **Estratexia europea de infraestrutura verde** traduciuse na recente publicación da **Estratexia nacional de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica**. Nese documento defínese a infraestrutura verde como unha rede ecoloxicamente coherente e

estratexicamente planificada de zonas naturais e seminaturais e doutros elementos ambientais, deseñada e xestionada para a conservación dos ecosistemas e o mantemento dos servizos que provén. Inclúe espazos e outros elementos físicos 'verdes' en áreas terrestres (naturais, rurais e urbanas) e mariñas.

A infraestrutura verde emerge como unha **ferramenta necesaria e vital que pretende solucionar moitos dos problemas territoriais, sociais e ambientais**.

Debe aproveitarse a oportunidade da reestruturación parcelaria para formar parte dunha infraestrutura verde que conecte a rede hidrolóxica con corredores de fauna e masas comúns estratexicamente situadas coa función de refuxio de fauna.

Proponse, na medida do posible, situar as masas comúns ao redor das zonas de interese para a súa conservación, e desta forma crear unha posible área de expansión destas.



**D**ébase ter en conta que o feito de deixar unha masa común nun lugar no que exista unha masa arborada autóctona non implica que os propietarios renuncien ao aproveitamento das árbores da súa propiedade. En determinados casos excepcionais, podería considerarse a clasificación de determinadas masas para compensar o propietario con máis terreo a cambio de ceder o arboredo.

Así mesmo, pódense adoptar as seguintes medidas:

- Creación de rutas ou accesos a elementos patrimoniais: muíños, hórreos, lavadoiros, fontes, etc.
- Mellora da contorna mediante traballo de rehabilitación do patrimonio, captacións de auga e depósitos de repartición.
- Acondicionamento de masas comúns para fins lúdicos ou para a potenciación da biodiversidade. A modo de exemplo, en determinadas zonas poden crearse masas para o cultivo de cereal co obxectivo de mantemento da fauna tipo perdiz, paspallás ou coello de monte.

*A IV é unha rede ecoloxicamente coherente e estratexicamente planificada de zonas naturais e seminaturais e doutros elementos ambientais.*



### 5.1.1. Vexetación e hábitats de interese ambiental.


Identificaranse as posibles **masas de frondosas autóctonas consolidadas**, que se poderían integrar no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, sempre que cumpran cos requisitos establecidos.

Na fase de bases da reestruturación débense enumerar e describir aquelas **masas de arboredos e/ou exemplares illados**, como espazos que cómpre conservar polo seu valor produtivo ou que teñan unha especial relevancia (arboredo singular), ou por calquera outra mención relativa á conservación e/ou fomento dos recursos ambientais.

Por outra parte, será necesario analizar todas as superficies da zona de estruturación. Neste estudo incluírase a segmentación da zona en **hábitats** para posteriormente unificalos en **unidades ambientais** (UA). A caracterización das UA máis sensibles permitirá coñecer as zonas que cómpre conservar na zona de reestruturación, para así limitar o impacto e a degradación da paisaxe.

A continuación móstrase un exemplo da identificación e delimitación dos hábitats dunha zona, para a posterior composición do mapa de unidades ambientais.

*Exemplo de estudo de unidades ambientais en Galegos (Lalín).*



### 5.1.2. Rede hidrolóxica conectada á vexetación rupícola.

#### DX.12 P

(N) Respetarase a rede hidrográfica natural existente, así como a vexetación de ribeira circundante, agás que puntualmente non sexa posible polo cruzamento con obras como pontes ou pontellas.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).



#### Canles fluviais.

A reestruturación parcelaria debe **manter a rede hidrográfica existente**, polo que o proxecto debe detallar a topografía do ámbito da reestruturación para identificar as vertentes e definir as divisorias, valgadas e liñas de cambio de pendente.

**Os cursos de auga e os leitos da rede hidrolóxica son un recurso para soste a vida e enriquecer a paisaxe**, polo que deben ser preservados, tanto os de orixe natural como artificial ou aqueles que presenten caudais permanentes ou estacionais dependendo do réxime de choivas. Estes cursos forman unha **estrutura natural e permanente que lles achega á paisaxe todos os beneficios dun corredor**.

Ademais destes beneficios, non se deben modificar ou eliminar os leitos naturais, porque cando chove as augas de escorrentamento buscan o seu sitio xerando liñas de evacuación, o que implica a perda de solo e o aumento da erosión.

**Os espazos laterais dos leitos son de especial interese paisaxístico**, aínda que constitúan unha banda estreita que poida carecer aparentemente de relevancia pola súa superficie, pero **a súa vexetación espontánea fai que sexan moi relevantes para o ecosistema e a biodiversidade**, ademais de achegar un **contraste de formas, texturas e cores**.

**A**semade, a vexetación rupícola prové servizos ecosistémicos fundamentais para o benestar humano e os sistemas agropecuarios:

- Xoga un papel relevante na **conservación da calidade das augas**, xa que, por un lado, a parte aérea da vexetación frea a erosión e retén sedimentos, sobre todo nas zonas pendentes, e, por outro lado, a parte soterrada, onde as raíces das distintas especies medran ao igual que a parte aérea, fórmanse filtros a distintas profundidades que reteñen contaminantes e impiden que estes se despracen cara aos ríos. Canto máis diversa e máis abandonada permaneza a sebe, mellor será este filtro depurador.
- É a única estrutura sostible de **protección dos cultivos fronte ás cheas**.

É polo tanto fundamental manter os leitos e conservar a vexetación de ribeira, así como implantar esta vexetación cando a existente resulte insuficiente ou se atope alterada. Para iso, **establecerase para cada canle fluvial a anchura funcional do bosque rupícola**, co fin de garantir a rexeneración da estrutura funcional deste.

No proxecto da rede viaria **debe evitarse o deseño de camiños no bordo dos leitos fluviais**, con fin de evitar a impermeabilización das marxes e permitir a correcta evolución da vexetación rupícola.

En xeral, no deseño das infraestruturas **é preciso deixar espazo suficiente para que a vexetación rupícola poida medrar na extensión necesaria**, xa que en caso contrario van exercer de barreira.

Nos camiños de nova apertura que utilizan pontóns para cruzar canles, propónse, como medida puntual para protexer as especies rupícolas de ribeira, **reservar un espazo protexido tanto na entrada como na saída do pontón**, xa que son terreos adecuados para o desenvolvemento da fauna e que ademais presentan un escaso valor dende o punto de vista agronómico.

#### Zonas húmidas.

Deberanse **identificar as zonas húmidas existentes na zona de reestruturación e potencialas como elementos de interese** para a paisaxe e de protección para a biodiversidade.

Ademais, pódese **planificar a creación de balsas de laminación e/ou filtros verdes**, potenciando a decantación de augas pluviais en zonas de regadío. Desta forma, as balsas servirán para reter nitratos e fosfatos das augas de retorno do regadío. O filtro verde é unha superficie densamente plantada con especies palustres cuxas raíces absorben os nutrientes da auga e fixan as partículas en suspensión mellorando a calidade das augas.




### 5.1.3. Recuperación da vexetación rupícola.

**D**ébase recuperar a vexetación rupícola e estendela, de maneira proporcional ao leito, creando unha **estrutura sostible de protección** do cultivo fronte ás posibles cheas e formando espazos cun microclima que favorece a biodiversidade animal e vexetal ao reducir a temperatura e evitar o sobrequecemento das augas e o incremento da súa evaporación.

A recuperación ou ensanche da vexetación rupícola debe estar formada por un **conxunto continuo e equilibrado de vexetación autóctona**, tal e como se desenvolve na natureza, xa que desta forma **conséguese estabilizar o solo mediante o enramado de raíces e actuar contra a erosión**, mentres que árbores puntuais non conseguen este efecto e favorecen que as turbulencias poidan ocasionar erosión e que se poida perder a estabilidade e formar unha barreira que dificulte o paso da auga.

A principal causa de redución do ancho da vexetación rupícola é a práctica de estender o cultivo ao máximo de superficie posible, quedando unicamente a vexetación máis próxima ao río. Aproveitando os procesos de reestruturación pódese dar un ancho máis axeitado a estes espazos que son fonte de biodiversidade.

*Aproveitando os procesos de reestruturación pódese dar un ancho máis axeitado a estes espazos que son fonte de biodiversidade.*



#### 5.1.4. Corredores verdes.

**D**eberanse crear corredores agrupando elementos soltos e revexetando camiños, desta forma créanse discontinuidades na paisaxe que melloran a **calidade visual da contorna e favorecen a biodiversidade**. Así, **deberanse conectar os distintos elementos vexetais** para xerar corredores verdes, conservar a vexetación nos camiños existentes e plantar árbores ou sebes nos camiños de nova apertura. Desta forma **garántese o movemento de especies animais salvaxes e visualmente créase unha paisaxe moito máis rica**, coas súas sombras, ondulacións e contrastes no terreo, coas achegas visuais de cores e texturas.

As **sebes e os valados** son os elementos máis representativos da paisaxe de bocaxe e, como todo elemento lineal, estruturan a paisaxe. Estes elementos delimitan os perímetros das parcelas e camiños con formas máis ou menos xeométricas e contribúen a dar riqueza á paisaxe. Por este motivo, débese potenciar a conservación de sebes e valados, e ao mesmo tempo favorecer a súa formación nos límites dos camiños e nos lindes entre parcelas. Para iso deben utilizarse especies autóctonas e empregarse marcos de plantacións habituais na zona que, sobre todo, non sexan ríxidos, xa que a vexetación natural non presenta modelos regulares, polo que marcos ríxidos xerarían unha imaxe artificial.

No deseño da reestruturación, preferentemente, débense **conservar e, en caso necesario, ampliar os camiños existentes, así como tratar de conservar os lindes existentes, aínda que non sexan liñas rectas**, de xeito que se poidan aproveitar os lindes xa vexetados como límites dos novos predios. Para integrar visualmente os camiños na paisaxe deberanse revexetar con especies autóctonas sen marco definido. Os camiños, como o resto das infraestruturas, xeran un impacto que altera a paisaxe de xeito permanente, polo que se deben integrar empregando **trazos non rectilíneos e vexetación autóctona**, que ademais crea sombras e rompe liñas visuais. Deste modo fórmanse zonas agradables á percepción humana. Por outra banda, hai que ter en conta que as plantacións arbóreas nos límites dos camiños deben deseñarse de acordo á súa altura de cruz e aos anchos das súas copas para non interromper o paso da maquinaria agrícola.

---

*Conservar a vexetación nos camiños existentes e plantar árbores ou sebes nos camiños de nova apertura.*

### 5.1.5. Integración dos elementos do patrimonio cultural na infraestrutura verde.

**N** unha zona de reestruturación parcelaria é **fundamental integrar os elementos do patrimonio cultural**, aproveitando a oportunidade para poñelos en valor e potenciar o seu coñecemento e o seu disfrute. Algunhas das actuacións que se poden levar a cabo con este fin son as seguintes:

- **Creación de zonas de paseo.**

Deberanse analizar os percorridos tradicionais habilitados e intentar preservalos utilizándoos como límites das parcelas, para tratar ademais de configurar percorridos circulares.

- **Identificación de miradoiros e zonas de descanso.**

Os lugares elevados con vistas panorámicas son recursos para o lecer e/o turismo que se deben potenciar. Para a identificación destes lugares cóntase como documento de apoio coa *Guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros* da Xunta de Galicia, que resulta de grande utilidade para a adopción de criterios base.

*“A primeira condición da paisaxe é a súa capacidade de dicir case todo sen unha soa palabra”*

*Konrad Lorenz*

Os lugares de descanso son unha necesidade evidente nas zonas rurais para favorecer o percorrido principalmente das persoas de idade avanzada. Os materiais deberán ser harmoniosos e non xerar unhas necesidades de mantemento excesivas.

- **Conxugar a relación existente entre elementos singulares do patrimonio cultural e natural.**

Débense poñer en valor zonas de interese, como sendeiros fluviais, flora riparia e muíños, que están á beira das canles fluviais, para a creación de rutas turísticas ou educativas.

- **Sinalización de elementos patrimoniais.**

O territorio rural galego caracterízase pola existencia dunha gran variedade de construcións menores (muíños, pontes, cortes, pozos, alvarizas, etc.), que ao mellor perderon o uso tradicional pero que se poden rehabilitar dentro do proceso de reestruturación parcelaria para recuperar o patrimonio e a memoria rural.



## 5.2. Medidas relacionadas co patrimonio cultural.

O territorio galego presenta unha grande abundancia de elementos do patrimonio cultural, polo que en calquera reestruturación parcelaria existirán **zonas que deberán quedar excluídas**, ou sobre as que haberá que **adoptar medidas específicas de protección**.



### 5.2.1. Elementos máis habituais en Galicia.

#### Petróglifos.

Gravados esculpidos nas rochas no Neolítico, cuxas formas máis habituais son labirintos, animais, símbolos xeométricos e figuras humanas. Tamén teñen unha compoñente máxica cun halo de misterio, situados en lugares estratéxicos dentro do territorio, quizais marcando as zonas de caza, os lugares de paso, as comunidades que os habitaban ou as súas crenzas, usos e ritos, pero case sempre situados en lugares nos que é posible dominar amplas perspectivas do territorio.

#### Castros.

Pódense definir como asentamentos fortificados nos que se protexían os celtas, os antigos habitantes de Galicia, en tempos de guerra. A súa situación é estratéxica, tendo unha compoñente terreal para a defensa, e outra máxica (lugares altos que segundo a súas crenzas facilitaba o contacto co ceo e o máis alá). Os castros xorden na transición da Idade de Bronce á Idade de Ferro no noroeste peninsular, dando nome á cultura castrexa. Este período abarca desde o século VIII a. C.

ata a dominación romana no século I a. C., aínda que algúns castros galegos permaneceron ocupados ata o século IV d. C., baixo a denominada cultura galaico-romana. Esta cultura, ao pervivir centos de anos, fai que os seus vestixios sexan moi abundantes, centos deles ao descuberto, e seguramente miles aínda por descubrir.

As súas tipoloxías máis frecuentes son:

- De interior, son os máis frecuentes, situados en pequenos outeiros ou elevacións, con planta circular ou ovalada e amurallados.
- En zonas montañosas de altitude, xeralmente de forma oval, na ladeira dunha montaña aproveitando o desnivel natural como defensa que se complementa con fosos e murallas.
- Costeiros, de planta de forma variada, adaptándose ao terreo e ás defensas naturais ao lado do mar, con murallas e fosos no lado interior.

#### Dolmens.

Construcións do Neolítico, formadas por grandes laxas de pedra. En Galicia, coa abundancia de rochas de granito, adquiren unha dimensión especial e sorprenden pola súas características construtivas.

#### Mámoas.

Túmulos funerarios que cobren un ou varios enterramentos. Pódese dicir que son os monumentos megalíticos máis abundantes en Galicia e que adoitan ter unha planta circular, aínda que nalgúns casos pode ser ovalada. As súas dimensións máis habituais están entre os 12 e os 30 metros de diámetro. Os materiais utilizados na súa construción poden ser só terra, unha combinación de terra e pedras, ou incluír reforzos pétreos na base ou a media altura do túmulo. Calcúlase que en Galicia hai aproximadamente unhas 20.000 mámoas distribuídas por todo o territorio galego, moitas situadas en lugares elevados ou de fácil visibilidade, preto de camiños ou en zonas aptas para actividades agrícolas e gandeiras.

#### Outros elementos de interese patrimonial.

As pontellas, os lavadoiros, os hórreos, os cruceiros, os fornos, os marcos e outros.

*"A paisaxe é memoria. Máis alá dos seus límites,  
a paisaxe sostén as pegadas do pasado"*  
Julio Llamazares







## DX.12 D

(R) Estudarase por parte das administracións competentes, de xeito coordinado co procedemento de reestruturación parcelaria, se o deseño da reestruturación parcelaria é acorde coa conservación e mellora de elementos construídos de interese etnográfico, arquitectónico ou cultural incluídos no perímetro do procedemento e no subperímetro do núcleo rural.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

## 5.2.2. Integración no proceso de reestruturación parcelaria.

**T**odos os estudos de impacto e documentos ambientais que se realizan de forma preceptiva nas reestruturacións parcelarias inclúen unha prospección arqueolóxica intensiva co obxectivo de **inventariar e localizar correctamente todos os bens do patrimonio cultural existentes** dentro do perímetro de actuación (restos arqueolóxicos, edificacións de interese patrimonial, pontellas, lavadoiros, hórreos, pozos, cruceiros, fornos e marcos), delimitando áreas de protección e avaliando o potencial impacto das obras sobre eles.

Esas áreas de protección son tidas en conta tanto no **deseño da rede de camiños como no novo parcelario**. Para os elementos de maior relevancia, sempre que sexa tecnicamente posible, deberanse deseñar masas comúns que inclúan o ben máis a eventual vexetación autóctona existente no seu redor, e que á súa vez teñan acceso a camiño público. Rematado o proceso, estas masas comúns deberán formar parte das cesións ao concello correspondente para que se faga cargo do seu mantemento. Dependendo, entre

outros factores, da cantidade de bens existentes nunha zona, haberá bens que non poidan quedar incluídos en masas comúns. Nestes casos é recomendable que nesas áreas de afección non se introduzan propietarios distintos aos que achegaron as parcelas de bases.

**Todos estes elementos de interese patrimonial e paisaxístico serán respectados** durante todo o proceso, cuxas obras serán obxecto de control e seguimento por parte dun arqueólogo.

Utilizarase unha metodoloxía construtiva que garanta a preservación dos bens de interese do patrimonio cultural, tal e como se está a facer na actualidade. A modo de exemplo, nos camiños preto das mámoas non se utilizarán técnicas que removan o terreo, colocarase unha malla de xeotéxtil para a súa protección e posteriormente procederase á execución das obras correspondentes.

*"Galicia é xempre un xardín  
onde se respiran aromas puros,  
frescura e poesía"  
Rosalía de Castro*

### 5.3. Medidas relacionadas con muros, peches e valados.

#### DX.12 H

(R) Cando non comprometa a viabilidade do proxecto e sexa tecnicamente viable, trasladaranse os muros ou valados tradicionais de pedra que teñan un singular interese aos novos lindes dos predios. En caso de que existan chousumes tradicionais sen separación entre as leiras afectadas, respectaranse todos os que non resulten incompatibles coa nova explotación agrícola.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia<sup>1</sup>, en vigor desde agosto de 2016, asume as determinacións da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.

O patrimonio inmaterial está constituído polo conxunto dos **usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas, xunto cos instrumentos, obxectos, artefactos e espazos culturais** que lles son inherentes, que as comunidades ou mesmo os individuos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural. Entre elas, as técnicas artesanais tradicionais, actividades produtivas e procesos.

Dentro deste marco, a técnica tradicional da construción coa pedra en seco (sen masa de unión ou asentamento) conforma, sen dúbida, un dos exemplos de técnicas, coñecementos

e usos máis relevantes das formas de vida tradicional e a relación das comunidades co medio para a creación da súa paisaxe.

O **coñecemento do material, o desenvolvemento dos procesos axeitados para a súa selección e transporte e a habilidade para a construción** de estruturas estables e permanentes posúen unhas características propias e recoñecibles, ademais de posuír unha beleza estética propia do tectónico e o creativo.

Para identificar inicialmente o alcance da técnica e o seu estado actual, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural mantivo contactos con canteiros profesionais que manteñen na actualidade o coñecemento da técnica tradicional, coa Escola de Canteiros de Pontevedra e con profesionais e responsables da protección do patrimonio cultural de varias comunidades autónomas.

1. A información relativa a esta figura de protección pode consultarse en [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/Anuncio-C3B0-110516-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160516/Anuncio-C3B0-110516-0001_gl.html)





O contexto desta recompilación global de datos foi a preparación dunha candidatura internacional para incluír a técnica na lista de manifestacións relevantes do patrimonio cultural inmaterial da UNESCO. Inscrito en 2018 (13.COM) na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade da UNESCO<sup>2</sup>.

A técnica tradicional da construción coa pedra en seco é un **exemplo significativo das formas de vida tradicionais en Galicia e constrúe a súa paisaxe.**

Para os efectos de promover o estudo e a documentación da técnica e dos seus procesos, así como para colaborar na súa difusión para o público coñecemento e respecto polo traballo dos canteiros tradicionais e dos numerosos exemplos que se conservan, decidiuse incorporala, como primeiro paso, ao Censo do patrimonio cultural de Galicia<sup>3</sup>.

---

2. A información relativa a esta figura de protección pode consultarse en <http://www.unesco.org/culture/ich/es/inicio>

3. A información relativa a esta figura de protección pode consultarse en [http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160929/Anun-cioG0164-210916-0002\\_gl.html](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160929/Anun-cioG0164-210916-0002_gl.html)



### 5.3.1. Valados tradicionais.

Nos proxectos de reestruturación parcelaria débense analizar as tipoloxías de valados tradicionais existentes na contorna que deben ser protexidos, xa que **en Galicia existe unha gran diversidade tipolóxica de valados dependendo da zona xeográfica.**

Segundo o material con que foron construídos distínguense os seguintes tipos de valados:

#### Valados pétreos.

##### a) Xisto.

- Valados de cachotería de xisto.
- Valado de chantos.
- Valados de chantos reforzados con cachotería en seco.

##### b) Granito.

- Valados de cachotería de xunta seca.
- Valados de pastas de granito.
- Valados de perpiaño (cantaría) de granito.
- Valados de chantos de granito.

##### c) Socalcos.

Segundo o Comité de Salvagarda do Patrimonio Inmaterial da UNESCO, estes elementos desempeñan un papel importante na prevención de inundacións, correntamentos de terra e avalanchas.

#### Valados vexetais.

##### a) Árbores en aliñación.

##### b) Árbores formando sebes.

##### c) Sebes espiñosas ou de vexetación espontánea.

##### d) Viña.

#### Solucións mixtas.

##### a) Valados mixtos de estacas de poste e arame.

##### b) Valados de madeira.

**Os valados de fábrica de carácter tradicional** (muros de cachotaría, valados) **serán obxecto de conservación a non ser que queden afectados por algunha determinación contraria no planeamento**, tendo en conta o establecido no artigo 46 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG).

Alexislación de patrimonio cultural de Galicia achega un tratamento único aos valados, en tanto que recoñece os seus valores culturais a través da súa consideración como elemento funcional dos Camiños de Santiago e, especialmente, coa inclusión da técnica tradicional da construción coa pedra en seco como manifestación do patrimonio cultural inmaterial. Tamén inclúe condicións para os cerramentos no caso dos bens culturais específicos.

Para cada zona deberase ter en conta o establecido na *Guía de caracterización e integración paisaxística de valados* da Xunta de Galicia.

**En cada zona realizarase un inventario e estudo global dos valados tradicionais existentes e a súa clasificación,** e fixaranse os elementos que cómpre conservar e xustificando a decisión da conservación ou non destes elementos.

Este inventario deberá recoller a información descrita nos seguintes apartados:

### I. Tipoloxía.

Debe encaixarse a reestruturación parcelaria na comarca paisaxística que lle corresponda para identificar os tipos de valados tradicionais nesa zona: vexetais, de pedra (xisto ou granito), solucións mixtas e de campos abertos. Despois de

identificar as diferentes tipoloxías existentes en cada zona, débense establecer as tipoloxías predominantes e, de ser o caso, recoller a existencia de valados que non se adaptan á tipoloxía habitual.

Segundo a tipoloxía, pódense clasificar do seguinte modo:

- Non incluídos na tipoloxía predominante e sen interese.
- Incluídos na tipoloxía predominante.
- Non incluídos na tipoloxía predominante, pero de interese pola súa excepcionalidade e calidade.

### II. Estado de conservación.

Atendendo ao seu estado de conservación, os valados poden clasificarse do seguinte modo:

- Moi malo
- Malo
- Regular
- Bo
- Moi bo

*Respecto aos muros e aos elementos construídos, hai que ter presentes as directrices da paisaxe.*

### III. Valor etnográfico.

Os valados que posúan valor etnográfico deberán catalogarse co seu grao de protección correspondente, en función do cal se determinarán as actuacións que se poden levar a cabo: mantemento, restauración, conservación ou, como medida excepcional, o seu traslado. Proponse a seguinte clasificación segundo o valor etnográfico do valado:

- Sen valor etnográfico.
- Con valor etnográfico.
- Con importante valor etnográfico.

### IV. Medición de valados tradicionais existentes.

Proponse a seguinte clasificación en función da súa lonxitude:

- De menos de 25 m de lonxitude.
- De 25 a 50 m de lonxitude.
- De máis de 50 m de lonxitude.

Conclusión da análise: viabilidade da conservación no proceso de reestruturación parcelaria.

**D**espois da súa **identificación e clasificación segundo as características** indicadas anteriormente (tipoloxía, valor etnográfico, estado de conservación e lonxitude), é preciso realizar un estudo que, en función da viabilidade técnica do proceso de reestruturación parcelaria, determine en cada zona os elementos que deben ser conservados.

A relación final dos valados que deben ser conservados, xunto coa rede de camiños, constitúen os **elementos fixos para o deseño** dos predios de substitución, e polo tanto van condicionar a súa forma e o seu tamaño e afectar tamén ao índice de redución.

**O estudo debe ser o máis exhaustivo posible** nesta fase do proceso, xa que é complicado de antemán establecer uns parámetros fixos que sexan válidos para todas as zonas suxeitas a un proceso de reestruturación parcelaria en Galicia. Cando se dispoña deste estudo para unha mostra suficientemente ampla de reestruturación parcelaria, poderá deseñarse unha **metodoloxía cuantitativa baseada en coeficientes** calculados a partir dos parámetros anteriores, que sexa aplicable a todas as reestruturacións de Galicia.



### 5.3.2. Socalcos e bancais.

Segundo Caamaño (2003): “Os socalcos conforman un tipo de paisaxe que reflicte o grande esforzo realizado polo home, quen transforma o monte en viñado e, cunha serie de intervencións posteriores, evita a destrución da capa vexetal da terra de cultivo. Este sistema é **característico das áreas de viñado dos ribeiros ourensáns e lucenses** (vales dos ríos Miño, Sil, Bibei, Xares, Támega...), aínda que tamén hai cultivos en socalcos nas **áreas do suroeste litoral e miñoto, as mariñas coruñesas e o extremo noroccidental.**”

Os socalcos foron construídos para combater a pendente dos terreos en ladeira, que constituía un obstáculo para o desenvolvemento dos cultivos, e para favorecer ademais o control da erosión. **Máis da metade da superficie cultivada de Galicia está formada por bancais e socalcos.** O número de socalcos e as súas dimensións vai ligado á pendente, sendo máis estreitos canto maior é esta, do mesmo xeito que o grao de fragmentación é maior no caso dos cultivos especializados.

Os socalcos delimitan terras sen pechar ou pechadas, combinándose con valados mixtos de poste e arame. Os máis habituais son os socalcos con superficie grande e altura variable, en función da pendente, entre os 0,5 a 2 m.

Nas ladeiras costeiras da provincia da Coruña e Pontevedra domina a paisaxe de bancais irregulares que se adaptan á

*Exemplo de concentración parcelaria en Nebra (Porto do Son) mantendo os socalcos como límites dos novos predios.*



topografía. Estes fragmentan o territorio domesticando as pendentes e facéndoas máis axeitadas para o traballo agrícola. Os noiros que xorden nos bancais son habitualmente colonizados con vexetación espontánea e definen os límites da propiedade.

As propostas de actuacións das reestruturacións parcelarias procurarán a **conservación dos socalcos e bancais existentes de carácter tradicional.** No caso de ser inevitable a actuación sobre eles, levaranse a cabo labores de restauración ou reposición nos predios de substitución que o precisen ou o permitan.

### 5.3.3 Valados vexetais.

**T**al e como se indicaba no apartado da Diagnose da paisaxe, deberanse identificar elementos naturais que cómpre protexer. **Os elementos vexetais son reguladores climáticos pois amortecen os ventos, reducen a radiación solar, proporcionan sombra**, etc. Nas zonas de gando, ademais de facer de valado, crean un refuxio que protexe do vento, do frío e do sol; poden frear a dispersión de enfermidades; e non se poden depreciar os beneficios de enriquecer a dieta dos animais con vitaminas e micronutrientes que non atopan no pasto. Nas zonas agrícolas ou de produción froiteira, destacan as vantaxes no control do vento e do fomento da polinización, xa que favorecen a presenza de insectos.

Dende o aspecto ecolóxico, constitúen **importantes illas de biodiversidade e nos lugares onde abundan supoñen importantes corredores ecolóxicos**. Forman refuxios para a fauna e a flora, son lugar de cría e descanso, de hibernación e reprodución de numerosas especies de aves, insectos e outra fauna diversa.

Resulta imperativo manter, na medida do posible, as sebes tradicionais nos lindes de parcelas, que son unha fonte de biodiversidade e refuxio da fauna.

O **Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia** establece como un dos grupos de unidades ambientais o UA500

Paisaxe rural tradicional, que inclúe hábitats fundamentados en mosaicos rurais de carácter tradicional onde se atopan as tipoloxías tradicionais de valados. Así mesmo, na súa proposta de medidas de xestión, incorpora a referencia aos valados en numerosas ocasións. En xeral, estas medidas procuran, por unha parte, que non se eliminen as sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro polos seus beneficios sobre os hábitats e especies de interese comunitario; e, por outra, condiciónase a construción de valados para que estes non supoñan unha fragmentación dos hábitats e foméntase o emprego de sebes con especies autóctonas para os novos valados e os espazos dispoñibles en infraestruturas e obras.

**As sebes arboradas supoñen un elemento de ruptura visual de gran valor nas paisaxes agrarias**. Nas reestruturacións parcelarias debe considerarse a súa conservación nunha cantidade suficiente que, sen afectar en gran medida a dimensión dos novos predios, permita manter a esencia da paisaxe agraria naqueles tipos de paisaxe dos que son características. Polo tanto, non só debe procurarse a persistencia de determinadas sebes arboradas existentes antes da actuación, senón que tamén debe estudarse a súa **introdución nos casos nos que exista moita continuidade de terra agraria**, en ausencia de valados vexetais, sebes, etc.

**D**ébase ter en conta que a maior parte das árbores teñen dono e, se este obtén a preceptiva autorización segundo o marco legal vixente, ten dereito a cortalas. Polo tanto, calquera medida de conservación de arboredo implica a necesidade dun acordo co seu propietario. En calquera caso, durante o proceso de reestruturación parcelaria procurarase a súa conservación **facendo coincidir, na medida do posible, os lindes dos predios de substitución coas sebes existentes**, especialmente nos casos nos que estas estean formadas por **árbores senlleiras, de especies autóctonas e de maior idade**.



Propóñense as seguintes medidas para a **conservación de sebes arboradas existentes**:

- Valorar o arboredo que se proxecte conservar e compensar con superficie ao seu propietario.
- Expoñer xunto co Popeva (ou Plan de Cultivos) as sebes arboradas que se proxectan conservar para que o propietario que as reciba teña coñecemento de que ese arboredo debe ser preservado.

Medidas para **implantación de novas sebes arboradas**:

- Nos regos continuos que non dispoñan de vexetación de ribeira, debería valorarse a súa reposición, ademais de establecer masas comúns nos regos importantes. A distancia que se deberá considerar para esta cobertura arbórea dependerá das características hidrolóxicas e xeomorfolóxicas dos cursos de auga.
- Aproveitar exemplares illados de arborado autóctono para, a partir deles, trazar lindeiros que permitan a implantación dunha nova sebe incluíndo eses elementos illados, de xeito que se favoreza a conectividade ecolóxica.



#### 5.3.4. Noiros e ribazos.

Os noiros e ribazos son **terreos moi inclinados ou case verticais á beira dun camiño**, formados pola acumulación de terra elevada que pode posteriormente ser vexetada con arbustos, árbores ou simplemente con vexetación espontánea. Ás veces estas elevacións de terra son reforzadas interiormente con pedras.

Tradicionalmente, en concentración parcelaria tendíase á eliminación destes, no entanto, deben manterse na medida do posible e adaptar a morfoloxía das parcelas a eles.

Estes elementos son **fonte de biodiversidade tanto vexetal como animal** (hábitat no que se favorece a fauna e o seu movemento) e serven ademais para **reducir a erosión e aumentar a capacidade do terreo de reter a humidade do solo**.

---

*“Un medio ambiente no puede existir fuera de la naturaleza, y así la agricultura deberá ser el fundamento para vivir”  
Masanobu Fukuoka*





## 5.4. Medidas relacionadas co Plan de ordenación de predios.

### DX.12 B

(N) O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria deberá ser coherente co establecido no estudo de impacto e integración paisaxística incluído nas bases da reestruturación parcelaria.

### DX.12 C

(R) O Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria estudará a posibilidade de favorecer os cultivos simbólicos, característicos e tradicionais da zona, sempre segundo a demanda e o diagnóstico. Unha ordenación dos usos que favoreza o mosaico agrario repercutirá nunha paisaxe agraria de maior calidade.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

O artigo 20 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), establece a obriga de redactar un Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria (Popeva). Na mesma lei, defínese **predio con vocación agraria** como “todo terreo ou dereito real ou persoal sobre el, que constitúe un eido ou unha parcela que, independentemente da súa clasificación urbanística, sexa susceptible de ter un aproveitamento agrícola, gandeiro, forestal ou mixto polas súas aptitudes agronómicas, así como os elementos vinculados ao predio, entendendo por tales a casa de labor, as edificacións e as dependencias, aínda que non sexan estremeiras”.

Esta figura vén substituír o Plan de ordenación de cultivos da anterior Lei de concentración parcelaria para Galicia, sendo un dos seus obxectivos principais **indicar o uso agrícola ou forestal dos predios despois da reestruturación**.

*Exemplo de integración da nova estrutura parcelaria na paisaxe de Nebra (Porto do Son).*



#### 5.4.1. Vexetación arbórea.

**H**istoricamente a desaparición de masas de arborado illadas, lineais ou superficiais foi un dos efectos negativos da concentración parcelaria, xa que, por unha banda, serven de hábitat e elemento conectivo para a fauna e, por outra, actúan como **elementos de control fronte ao escorregamento ou a erosión e contribúen á regulación ambiental**. A simplificación do mosaico de usos agroforestais, asociado ao incremento da superficie de cultivos, como o millo, e agudizado polo aumento da superficie das leiras, provocan un incremento dos volumes de escorregamento que, ao non atopar ningunha barreira nas súas concas naturais, ocasionan graves danos, tanto polo efecto erosivo como polos depósitos de material nos leitos dos ríos e leiras situadas ás súas marxes.

O problema da erosión non se limita a este efecto negativo, xa que o material arrastrado, elementos finos e grosos, acaban depositándose nos leitos dos ríos e nas súas marxes, e afectan a súa flora e fauna, e mesmo chega a colmatar o leito de modo que as augas buscan un novo leito. **Este efecto podería mitigarse modificando o trazado dalgúns viarios e a dirección dos cortes das leiras**. Deste modo conséguese a súa canalización a través das novas cunetas ou canles artificiais, así como dispersar as augas polas leiras, o que evitaría efectos graves da erosión e a chegada de elementos erosionados aos ríos.

No deseño do plan de ordenación de predios débese ter en conta a **vexetación arbórea que cómpre conservar**, xa que do contrario provocaríanse efectos negativos notables e visibles: simplificación da paisaxe visual, perda de paisaxes culturais, perda de masa arbórea autóctona, erosión producida polo escorregamento, depósito de material erosionado, modificación de leitos naturais, etc.

A erosión producida despois das choivas do inverno nas zonas sen barreiras vexetais, que reduzan a concentración das augas de escorregamento, pode ser tal que sexa necesario empregar maquinaria pesada para a restauración da zona. As consecuencias deste feito son graves, dado que, se non se mantén unha cuberta vexetal permanente, este efecto vaise reproducir durante cada época de choivas.

Outra cuestión que se debe ter en conta na ordenación dos predios son os **mananciais e traídas veciñais**, que necesitan uns perímetros de protección nos que se restrinxa a utilización de xurros ou de fertilizantes químicos co fin de evitar problemas de contaminación por nitratos. Esta cuestión débese ter en conta para que non se vexan prexudicadas as comunidades de augas, para o cal se **tratará de situar os mananciais e traídas de auga en masas comúns**, e establecerase para elas un uso no plan de ordenación de cultivos que evite o potencial problema de contaminación.



**N**a redacción do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria débese ter en conta a preservación das masas forestais autóctonas, así como a eliminación das plantacións forestais illadas nas agras. As propostas neste senso son as seguintes:

- a) Deberase **evitar a eliminación de pés arbóreos nas parcelas** (pés illados ou bosquetes), principalmente de especies autóctonas e árbores senlleiras.
- b) Analizaranse as superficies obxecto de reestruturación e **identificaranse as posibles masas de frondosas autóctonas consolidadas**, que se poderían integrar no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, sempre que cumpran cos requisitos establecidos. Deste xeito, propónse a protección destas masas, de gran valor ecolóxico.
- c) Na fase de bases da reestruturación, **débense enumerar e describir aquelas masas de arboredos e/ou exemplares illados**, como espazos que cómpre conservar polo seu valor produtivo ou que teñan unha especial relevancia (arboredo singular), ou por calquera outra mención relativa á conservación e/ou fomento dos recursos ambientais. Poderán ser obxecto de valoración as árbores, tanto de forestal como froiteiras, o viñado ou as especies arbustivas ou

*No Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria débese ter en conta a preservación das masas forestais autóctonas, así como a eliminación das plantacións forestais illadas nas agras.*

de especial significación, segundo as características de cada zona, para levar a cabo as compensacións que resulten necesarias. Ademais, recoméndase a posibilidade de **valoración non só do solo, senón tamén do "voo"**, sendo esta a metodoloxía máis facilmente aplicable para garantir a súa conservación. A experiencia demostra que cando non se valoran as masas de arboredo e non se establecen criterios de compensación, os propietarios destas masas adoitan optar pola súa corta, coa excepción da coincidencia na propiedade das antigas parcelas e predios de substitución, ou polo acordo entre propietarios, en ocasións menos numerosas.

d) De forma complementaria ás anteriores medidas, débese tratar de situar **masas comúns nos bordos dos leitos dos ríos** para a protección da vexetación rupícola autóctona.

A continuación, recóllese un exemplo dunha concentración parcelaria na que se deixou unha

parcela (parcela 1189) como zona para o crecemento e expansión da vexetación rupícola nunha das marxes do río.

e) As **illas de vexetación autóctona** son necesarias, xa que establecen límites entre cultivos e reducen a extensión visual, polo que o mantemento e inclusión desta vexetación fará que non se perciban tanto as liñas rectas. Aínda que é mellor opción **conservar zonas de vexetación orixinal autóctona** que tentar reintroducila, xa que é moito máis barato e ademais a vexetación orixinal estará moito máis desenvolta e presentaría maiores diámetros, pódese implantar vexetación nova cando a extensión das zonas de cultivo sexa moi elevada. As **masas existentes poden ser totalmente compatibles coa mecanización** das parcelas, sendo preferible a súa localización nas zonas perimetrais das parcelas. As parcelas grandes poden englobar elementos de vexetación orixinal autóctona valiosa polo seu interese paisaxístico, principalmente en zonas con certo grao de protección.

---

*Exemplo de parcela que se reservou para o crecemento da vexetación rupícola nunha reestruturación parcelaria.*





**f)** As **zonas con maior altitude e pendentes pronunciadas** son as que presentan unha maior incidencia dende un punto de vista visual, polo que nelas debe promoverse o mantemento de especies de natureza boscosa que ao mesmo tempo reducen a erosión. Se non se protexe este tipo de vexetación, percibiríase unha paisaxe máis plana, sen sombras e, en definitiva, máis pobre, ao que se une un **risco grande de incrementar o proceso erosivo polos escorregamentos**. Como conclusión, as pendentes altas son menos aptas para campos de cultivo que para un uso forestal do terreo, como xa indicaba nos anos 60 o xeógrafo francés Abel Bouhier na súa obra *La Galice*, que explica como a paisaxe agraria galega se organizaba arredor do val:



*“Na zona inmediata á casa dispóñense uns pequenos campos de cultivo pechados denominados cortiñas, nas que se plantan legumes, hortalizas e froiteiras. Nun nivel máis baixo atópanse as agras (terras de labradío). Na zona de inferior pendente e nas áreas húmidas da marxe dos ríos, atópanse as terras de pasto para o gando. Por encima das casas atópase o bosque e o monte. Esta última zona é de particular importancia dentro do sistema agrario tradicional pois nela cultivábase o cereal mediante un sistema de estivadas, e sobre todo recollíase o toxo, que formaba parte, xunto cos excrementos do gando, do fertilizante orgánico que mantiña o rendemento das terras de traballo intensivo.” Abel Bouhier*



**E**ste sistema de aproveitamento tradicional do territorio existiu ata hai ben poucos anos e permitía manter unha paisaxe en harmonía, na que nas zonas altas e de pendentes elevadas predominaba o uso forestal, que podía coexistir co uso agropecuario tradicional do lugar.

En xeral, o arboredo, e especialmente nas cabeceiras, crea contraste, riqueza e unha variedade visual significativa, mentres que a súa ausencia pode condicionar a percepción da paisaxe, empobrecéndoa, polo que se recomenda estudar a **composición dos cultivos herbáceos e arbóreos en función dos condicionantes topográficos e bioclimáticos** co fin de enriquecer a paisaxe.

Os **usos forestais en zonas de altitude e pendente elevada** fan funcións de cortavento, dan estabilidade ao solo, favorecen a infiltración da auga e evitan escorregamentos reducindo deste modo a erosión.

**g)** A **gradación das ladeiras** é unha volta á forma tradicional da paisaxe, dedicando as partes baixas a cultivos de horta, as intermedias a pasteiros e as máis altas a monte. Esta morfoloxía ofrece un contraste de sombras e cores, ademais de protexer o terreo fronte á erosión.

Dentro das parcelas dedicadas a cultivos agrícolas con pendentes altas, débese realizar a **plantación de masas arbóreas tradicionais autóctonas nas zonas de máxima pendente** para estabilizar o terreo e evitar a aparición de cárcavas, e dedicar unha franxa dun mínimo de 3 a 5 m de ancho á plantación de árbores e/ou arbustos que permitan a estabilización do terreo.

**h)** Outro dos sitios nos que o **arboredo** ten grande importancia para manter ou crear unha paisaxe integrada nos espazos rurais son as **beiras dos camiños**, polo que é recomendable manter o arboredo, como mínimo, nunha das súas marxes, ademais de proceder á súa replantación nas beiras dos camiños de nova construción ou na marxe de ampliación cando se aumente o ancho. A replantación de árbores autóctonas tamén se considera unha medida axeitada en enclaves específicos, como poden ser as zonas degradadas.

Estes criterios deberán ser **recollidos no Popeva** para a totalidade da zona de reestruturación, así como ser incorporados ao **Plan xeral de ordenación municipal** co fin de garantir o seu cumprimento unha vez rematado o proceso de reestruturación.





#### 5.4.2. Predios de especial vocación agraria.

Os plans de ordenación de predios de especial vocación agraria (Popeva) substituíron os plans de aproveitamento de cultivos da anterior norma de concentración parcelaria. Polo tanto, deben **ordenar a totalidade da superficie reestruturada e definir cultivos e aproveitamentos agrícolas e forestais**, neste último caso distinguindo especies autóctonas e de crecemento rápido.

O artigo 25 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia establece a creación do ***Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia***, no que se regularán os usos permitidos, prohibidos e autorizables correspondentes aos terreos agropecuarios e forestais.

A disposición final quinta da mesma lei supedita a clasificación urbanística do solo rústico de especial protección nos plans de ordenación municipais ao referido catálogo e tal e como se indicou no apartado 4.4 do procedemento de reestruturación parcelaria, coas modificacións legislativas da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o Plan especial de predios de especial vocación agraria terá en conta as directrices establecidas no *Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia* para o ámbito da reestruturación parcelaria, aínda que poderán precisarse para adaptalas a unha escala espacial de maior detalle. No suposto

de non estar desenvolvido o devandito catálogo, elaborárase un catálogo parcial para a zona da reestruturación parcelaria, que formará parte do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria e que se elaborará segundo a metodoloxía descrita na Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Ademais, a reestruturación parcelaria é un **instrumento de desenvolvemento territorial que debe estar coordinado co planeamento urbanístico**.

*Nos predios de especial vocación agraria teranse en conta principalmente a preservación das masas forestais autóctonas así como evitar eliminar as plantacións illadas nas agras.*





## 5.5. Medidas relacionadas coa rede de camiños.

### DX.12 L

(N) O trazado da rede viaria, na medida do posible, adaptárase á existente antes de se iniciar o proceso de reestruturación parcelaria, primando en todo caso o acondicionamento e a modificación parcial sobre a execución de novos trazados.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

#### 5.5.1. Obxectivo do proxecto de camiños.

O obxectivo do proxecto de camiños da zona de reestruturación parcelaria é **mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios ou forestais** da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións.

Con este fin, as melloras que se incorporan no proceso de reestruturación parcelaria están orientadas fundamentalmente a dotar de **acesos axeitados** aos novos predios de substitución que xorden da reordenación da

propiedade. Non obstante, ademais deste obxectivo funcional débense ter en conta **criterios de integración paisaxística**, tanto no deseño da rede como na elección dos materiais que se empregarán nela.

Outra finalidade destas infraestruturas, non menos importante, é a de dotar o territorio dunha rede viaria que permita a **movilidade** dende as entidades de poboación de menor tamaño (lugares, aldeas, etc.), como entre elas e os núcleos de maior tamaño, como son as capitais municipais ou provinciais.



As **necesidades básicas que se deben satisfacer pola rede de camiños** son as seguintes:

#### Necesidades sociais.

- Comunicar os lugares entre si e coas parroquias veciñas, con vías máis curtas e rápidas, que potencien o intercambio de iniciativas e melloren os seus accesos.
- Dotar a zona dunhas vías de comunicación que faciliten o seu desenvolvemento socioeconómico.

#### Necesidades económicas.

- Comunicar a zona cos centros de produción, comerciais e administrativos.
- Dotar dun adecuado servizo os predios de substitución en beneficio da súa rendibilidade.

#### Vertebración da zona de reestruturación parcelaria.

- Acadar unha vertebración total da zona a nivel social, económico e estrutural.
- Garantir un acceso directo aos predios de substitución da zona.
- Adecuar toda a rede de camiños (actuais e futuros), e indirectamente das estradas da zona, ao nivel de seguridade viaria esixido para este tipo de infraestruturas e segundo o tráfico que soportan.
- Adaptar a rede á morfoloxía da zona e os seus valores naturais e patrimoniais, tendo en conta as súas concas visuais.

*O proxecto de camiños ten como obxectivo mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios ou forestais da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións.*



### 5.5.2. Deseños dos camiños segundo as tipoloxías.

#### DX.12 Q

(R) Nos camiños existentes limitados por muros ou valados tradicionais, ou aliñamentos ou sebes vexetais de especies autóctonas, procurarase manter os citados elementos. Para tal fin poderá preverse a apertura de novos camiños para mantelos inalterados, ou, cando sexa necesario ampliar os existentes, facelo por unha soa das beiras, para manter os elementos de interese na outra.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

#### Xeneralidades.

Deberá realizarse unha **planificación das redes de camiños**, tanto principais como secundarios, que aproveite ao máximo a rede existente, cun **trazado acorde coa realidade da paisaxe e a distribución dos seus elementos máis importantes**, que evite deseños xeométricos que incrementen movementos de terras e que destrúan a singularidade da zona; para o cal debe prestarse especial atención aos anchos e os materiais e acabados utilizados no seu acondicionamento. Estas vías deberán ser acordes co uso e volume do tráfico. Cunha rede de camiños ben planificados e acordes co territorio, e un acondicionamento das parcelas axeitado á paisaxe,



reduciranse os investimentos necesarios para o proceso sen afectar substancialmente o seu aproveitamento e, ademais, preservaranse os valores identitarios de cada lugar.

Nos casos nos que sexa necesario, cando se cumpra algunha destas condicións, está xustificada a **construción de trazados novos**. Nestes casos, recoméndase:

- Minimizar a lonxitude.
- O acceso ás parcelas lindeiras cos ríos debe deseñarse de xeito que se evite a proximidade dos camiños aos leitos.
- Aproveitar o impacto ocasionado polas liñas eléctricas para incluír o trazado de novas pistas na súa área de afección.
- Obter masas con certa regularidade que permitan parcelas de forma regular.

O índice de redución é importante, pero deben primar outras magnitudes medibles ou índices que garantan un bo deseño, como pode ser a relación entre o ancho das vías e os materiais que deben utilizarse en función do volume de tráfico.

A rede de camiños ten que dar solución ás necesidades produtivas, polo que para a definición de seccións tipo de camiños rurais débense utilizar **criterios técnicos relativos a anchos máximos e materiais que se van utilizar**. Para iso

é necesario analizar a intensidade de tráfico e as necesidades desde o punto de vista da actividade agraria e da protección da paisaxe para escenificar as distintas alternativas e, sobre todo, avaliar os custos de construción e mantemento.

A continuación, enuméranse os criterios que cómpre ter en conta á hora do deseño dos camiños:

- A **orografía debe condicionar o deseño** para minimizar os movementos de terras. Por exemplo, en zonas altas con pendentes elevadas non é conveniente deseñar predios de substitución que vaian de camiño a camiño.
- Os **parámetros para a construción dos camiños**, tanto en dimensións como en materiais, **deben definirse en función do tránsito e do tipo de maquinaria** que circula por eles, para evitar empregar os mesmos materiais en todos os camiños para a execución das bases e subbases, posto que as necesidades de cada tipoloxía son diferentes.
- Cando a **intensidade de tráfico é baixa** non se requiren plataformas de 7 m de ancho, unicamente sobreanchos en zona de cruzamentos se se prevé o uso de maquinaria agrícola de gran tamaño. Por exemplo, en terreos de monte o ancho das plataformas pode reducirse a 4 m e as cunetas a 0,80 m.

- **Os noiros deben ter pendente pouco pronunciada** e debe evitarse que acaben en picos con rasantes similares aos do terreo. Debe **aproveitarse a terra vexetal** con semente propia para a revexetación dos noiros, xa que vai garantir a súa estabilidade ao arraigar antes que as plantacións novas.
- Deben utilizarse **materiais de préstamo só cando sexa estritamente necesario**. No caso de que se faga necesario utilizar materiais de préstamo, débense escoller áreas non sensibles para a súa extracción, sendo fundamental a súa restauración unha vez finalizado o proceso mediante o rasante e a extensión de capas vexetais.
- Diseñar a nova rede de camiños con **trazados poligonais, abandonando, na medida do posible, as liñas rectas** e uníndoos entre si para crear mallas semellantes a panais de abellas, para conservar o arboredo existente ou facer unha revexetación das marxes destes e para reducir o impacto e crear referencias vexetais na paisaxe, o que requirirá un estudo específico, especialmente naquelas zonas de conexión entre vías.

- Diseñar a rede camiños de forma que, na medida do posible, se integren coas diferentes **infraestruturas existentes** no terreo, ás que ademais dan servizo.
- En casos concretos, especialmente nas zonas que o Popeva defina como forestais, pódese descartar o principio de acceso ás parcelas por vía pública e utilizarse alternativas de acceso como as **servidumes de paso para terreos forestais ou vías de saca**, para desta forma reducir o impacto da rede de camiños.
- Debe procurarse a **existencia de arboredo nas beiras dos camiños**, excepto nas zonas nas que non estea permitido para garantir a visibilidade. Así, para acadar unha paisaxe máis natural recoméndase:
  - 1º Integrar no dominio público dos camiños que se deseñen as comunidades vexetais de interese** que se atopen na súa contorna con fin de conservalas. Para iso, o propietario debe ser compensado mediante a valoración dos exemplares individuais ou do voo en masas arbóreas.
  - 2º Plantar árbores nas beiras dos camiños, como mínimo por unha das súas marxes, e, nalgúns casos, masas superficiais que acheguen**

volume, sombra e textura, especialmente en zonas de cruzamentos de camiños nas que o contraste das cores dos distintos cultivos é substancial. Cando sexa posible, nas zonas que requiren chegar volume, sombra e textura pola escasa presenza de árbores e a tipoloxía de cultivos habituais, recoméndase deixar nunha das marxes franxas de espazo público duns 5 m de ancho con arboredo.

- Os trazados, na medida do posible, **deben evitar atravesar regatos e dar lugar a noiros** que impliquen unha acción sobre o leito do río. Do mesmo xeito, o trazado debe asegurar que exista unha certa separación dos leitos, para permitir o crecemento da masa vexetal de ribeira. Esta separación virá determinada polas súas características hidroxeomorfolóxicas (entidade do leito e as características do seu perfil transversal, principalmente). Así mesmo, o número

---

*O proxecto de camiños ten como obxectivo mellorar as infraestruturas existentes para facilitar o aproveitamento dos recursos agrarios ou forestais da zona e proporcionar maiores expectativas de viabilidade ás actuais explotacións.*

de cruzamentos de canles debe ser o menor posible e os predios non deberían chegar ata os regatos, de modo que as pendentes sexan menos pronunciadas.

- Na contorna dos ríos e regos da entidade, na medida en que a pendente o permita, deseñase unha **masa de predios de substitución entre o camiño e os ríos** para evitar prexudicar a vexetación de ribeira coas obras das redes de camiños, debendo implicar á Administración local na súa conservación e mantemento.

- Deben ademais **conservarse e crearse corredores ecolóxicos e sebes**. Unha sebe é unha asociación de zonas de matogueira e árbores situadas entre os campos de cultivo ou leiras das casas co fin de marcar os lindeiros das terras. As sebes constitúen auténticas "illas" de biodiversidade. Un corredor ecolóxico implica unha conectividade entre áreas cunha biodiversidade importante, co fin de contrarrestar a fragmentación destes hábitats. Pretende unir espazos con paisaxes, ecosistemas e hábitats naturais ou modificados, que faciliten o mantemento da diversidade biolóxica e os procesos ecolóxicos, facilitando a migración e a dispersión de especies de flora e fauna silvestres.



A continuación analízanse as **medidas que deben adoptarse para as diferentes tipoloxías de camiños**, distinguindo entre camiños existentes e de nova apertura, e os criterios que cómpre ter en conta nos diferentes elementos que os constitúen.

#### Os camiños existentes.

Segundo a Metaga, o trazado da rede viaria, na medida do posible, **adaptarase á existente antes de iniciar o proceso de reestruturación parcelaria**, e primar en todo caso o acondicionamento e a modificación parcial sobre a execución de novos trazados.

Os criterios para a integración paisaxística dos camiños existentes serán os seguintes:

- **Cando sexa necesario ampliar o ancho, conservaranse os elementos dun lado**, como a vexetación ou os muros tradicionais existentes. A marxe que se deberá conservar seleccionárase segundo criterios, como a súa singularidade, estado de conservación ou especial importancia no seu conxunto.
- Naqueles **camiños públicos cuxo ancho sexa suficiente, manteranse os elementos dos dous lados**.


- As obras nos camiños existentes consisten basicamente na **limpeza de cunetas, execución de drenaxes transversais e mellora de firmes**. Estas obras deben executarse, sempre que sexa posible, na seguinte orde:

1. Roza e retirada da vexetación herbácea, cun espesor máximo de 10 cm, incluída a extracción e o transporte da capa vexetal fóra da área de ocupación da obra.
2. Apertura ou limpeza das gabias existentes.
3. Escavación e regularización da plataforma mediante recebo con material de préstamo.
4. Rasanteo, nivelado e compactado da explanación.

Débase ter en conta que en ocasións existen **camiños antigos que contan con elementos de interese e valor paisaxístico**, pero que polas súas dimensións -principalmente por un ancho insuficiente- non permiten dar servizo ás parcelas de substitución, polo que **se recomenda mantelos para uso peonil**, pero garantindo a conservación dos elementos das súas marxes, xa que se se opta pola súa ampliación, como mínimo, terían que eliminarse dunha das marxes.

**A** esta tipoloxía axústanse moitas corredeiras, que se poden definir como **camiños tradicionais que discorren encaixados a un nivel inferior do terreo, sendo habitualmente canles de augas procedentes dos escorregamentos ou de mananciais** e que, polo xeral, teñen un alto valor paisaxístico ademais de constituír corredores

ecolóxicos. Como solución técnica propónse **deseñar os predios de substitución, de xeito que estas corredeiras queden situadas no fondo das parcelas como espazo público**, e deixar o acceso a elas polo lado contrario; desta forma, as corredeiras seguirán cumprindo a súa función paisaxística, de biodiversidade e de drenaxe natural.



*Débense respectar os camiños tradicionais con alto interese e valor paisaxístico.*

- A** Corredoira
- B** Camiños de nova apertura
- C** Parcelas

*Zona de reestruturación antes da apertura dos novos camiños da rede principal, con parcelas de bases definitivas.*



*Zona de reestruturación despois da apertura dos camiños da rede principal, integrados coa rede existente con predios de substitución.*





## DX.12 M

(N) A largura dos camiños adaptárase á función que deban cumprir, ben sexa a comunicación coas redes exteriores, ben o servizo ás parcelas. Nas vías, o camiño de nova apertura seguirá a morfoloxía do terreo e os seus cambios de nivel, sempre que sexa posible desde o punto de vista da seguridade do tráfico que discorra por eles, e evitar os trazados que provoquen maiores movementos de terras e a posible afectación aos elementos de singular interese paisaxístico identificados no estudo de impacto e integración paisaxística que se decidise manter por non comprometer a viabilidade do proxecto.

## DX.12 O

(N) Facilitarase a revexetación dos noiros de desmonte e terraplén; para tal fin, cando fose necesario e o permita a pendente, cubriranse con terra vexetal.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

## Os camiños de nova apertura.

Segundo se indicou no punto anterior, é prioritario tratar de manter na medida do posible os camiños antigos, e da mesma maneira **respectar a existencia de elementos patrimoniais existentes**, como muros e valados, sempre que a súa conservación permita un acceso adecuado da maquinaria aos predios resultantes.

Comparando o antes e despois das imaxes que se presentan a continuación, pódese observar como se integran nunha soa rede de comunicación os camiños existentes e os de nova apertura, parte dos cales se executan sobre camiños antigos. O resultado final da rede de camiños é unha forma poligonal que crea mallas entre si e **evita liñas rectas para mellorar a integración paisaxística**.

As características dimensionais fundamentais dos camiños proxectados establécense a partir da velocidade base definida no proxecto e da estruturación xerárquica dos camiños.

As xeometrías das **seccións tipo son moi variables en función dos tipos de camiños e servizos** que presten:

- Camiños principais.
- Camiños secundarios.
- Camiños destinados a dar servizo a zonas gandeiras.
- Camiños destinados a dar servizo a zonas forestais.

Os criterios para a integración paisaxística dos camiños de nova apertura diferéncianse en función destas tipoloxías de camiños e son os seguintes:

### I. Camiños principais e camiños destinados a dar servizo a zonas gandeiras.

Como norma xeral, pódese afirmar que nos camiños principais e nos camiños destinados a dar servizo a unha zona gandeira, a intensidade media diaria (IMD) vai ser máis alta que nos camiños secundarios ou camiños de zonas

forestais. Ademais da IMD, debe terse en conta un **estudo do tráfico específico que teña en conta o tipo de maquinaria agrícola e forestal, as frecuencias de tránsito, os tipos de cultivos das parcelas**, etc. Polo tanto, a sección tipo dos camiños principais das zonas gandeiras necesita unha plataforma máis ampla e uns materiais na capa base e subbase máis resistentes que a rede de camiños secundarios ou os camiños principais das zonas forestais.

As dimensións construtivas da plataforma proxectada (gabias máis capa de rodadura) para os camiños de nova apertura son, segundo indica a sección tipo de firme asociada, de entre tres e seis metros. As gabias serán, preferiblemente, de 1 m de

ancho e 0,50 m de profundidade, aínda que, para non interferir en valados e muros lindeiros, poderían ter, nalgún caso, un mínimo de 0,75 m de ancho e unha profundidade mínima de 0,30 m.

Así, en **camiños que comuniquen núcleos de poboación ou que circulen por eles**, a sección tipo non debe ser inferior a 4 metros de capa de rodadura, cunha base de macadam máis tripla rega, pois son os camiños que vertebran o territorio non só na zona da reestruturación parcelaria, senón que tamén facilitan a comunicación dos lugares desta zona co resto do territorio. **No interior dos núcleos de poboación** recoméndase seguir os criterios e propostas recollidas no



documento “Recomendacións para as actuacións en espazos públicos” publicado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), especificamente no seu apartado “1.2.2. Pavimentos”. Estes criterios fundaméntanse no **estudo de cada caso concreto** e na aplicación de solucións adaptadas para cada un, tendo en consideración diversos factores, tales como a adecuación do uso que vai ter o espazo e o tipo de tránsito, xa que, dependendo de se é exclusivamente peonil ou van transitar vehículos cunha certa carga, deberase ter en conta a resistencia, a dureza e o grosor do material. A propia xeometría, a fisionomía (se son vías de tránsito regular, se son prazas no centro do núcleo, se son espazos fóra do núcleo, se son accesos a hortas, etc.) ou a presenza dun elemento característico ou patrimonial preto tamén definirán o seu tratamento.

Os **camiños que dan servizo a zonas gandeiras** deben ter unha capa de rodadura de 4 metros e contar ademais con zonas de sobreecho en número suficiente, que permitan o cruzamento e o xiro de vehículos agrícolas, segundo a intervisibilidade, xa que do contrario é probable que ocasionen danos nos bordos ao pasar as súas rodas polas cunetas e terrapléns, o cal pode ser causa de erosión e mesmo afectar a estabilidade da propia plataforma. Por iso, propóñense sobreechos deseñados en función da visibilidade da zona, para que un vehículo poida deterse e ceder o paso ao outro.

Estes camiños constitúen a rede principal de comunicación das explotacións gandeiras coas súas terras de fornecemento de materia prima, polo que terán unha frecuencia de uso elevada e cun tipo de maquinaria cada vez máis pesada e de grandes dimensións. Por este motivo é necesario construír estes camiños sobre unha base de saburra artificial e unha subbase con materiais que preferentemente non fosen de préstamo.

## II. Camiños secundarios e camiños destinados a dar servizo a zonas forestais.

Nos camiños que dan servizo ás zonas forestais e nos camiños secundarios de zonas gandeiras, a capa de rodadura pode ter un mínimo de 3,5 metros de ancho, posto que a frecuencia de paso da maquinaria vai ser moito menor e dependendo das características do terreo polo que discorren. A capa de saburra, de ser necesaria, deberá ter un espesor axeitado en función dos condicionantes técnicos para cada caso concreto.

Por último, debe sinalarse unha figura que o dereito civil galego contempla dende séculos, como é a figura da **servidume de paso**, que en zonas forestais de monte pode ser útil para evitar un impacto tanto paisaxístico como económico da rede de camiños.



## DX.12 N

(N) Para o pavimento dos camiños escolleranse solucións acordes coa súa función, segundo se trate de comunicación ou servizo a parcelas; para o segundo caso, optárase polo emprego de materiais non selantes e integrados na contorna, como o xabre ou a saburra, agás cando a pendente do camiño determine a procedencia de empregar outro pavimento, como o formigón.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

## 5.5.3. Firmes.

O paquete de firmes construírse sobre a capa subbase, cun espesor de entre 0,20 e 0,50 m, debidamente compactado para que sirva de apoio á capa base, formada por saburra artificial, do espesor requirido en función dos condicionamentos técnicos, debidamente rasantada e compactada. Nos camiños onde a densidade de tráfico é maior, debe levar base de macádám cun tratamento superficial de tripla rega asfáltica.

Non obstante, en camiños onde a xeoloxía do terreo achegue a suficiente capacidade portante, pode omitirse algunha das capas da subbase ou base en función do camiño, se dá servizo a unha zona forestal ou a unha gandeira, pois estas últimas soportan maior densidade de tráfico de maquinaria.

Como norma xeral, a **capa de rodadura dos camiños será de terra, xabre ou saburra**, agás no caso de camiños que substitúan outros asfaltados e de entroncamentos con vías existentes asfaltadas.

Nos **camiños con pendente elevada o pavimento realizarase en formigón desactivado para xerar un menor impacto visual**, tendo sempre en conta que a rede de camiños debe deseñarse coa menor pendente posible.

**A cor é un aspecto importante que se debe ter en conta na elección dos materiais de acabado final para os firmes**; por exemplo, no caso da saburra, debe usarse aquela de cores naturais, xa que os materiais de préstamo utilizados poden adquirir unha cor case negra, cuxa imaxe é a dun asfaltado, ocasionando un importante impacto visual. Igualmente ocorre co uso do formigón; material que é recomendable nas zonas concretas coma as de elevada pendente ou os núcleos, onde se pode xogar con **diferentes acabados e cores que reduzan o impacto visual**.

#### 5.5.4. Materiais de préstamo.

Como xa se indicou con anterioridade, é conveniente **reducir a utilización de materiais de préstamo**, pero na práctica case sempre é necesaria a súa utilización, polo que resulta fundamental a elección das zonas que se utilicen para a súa extracción, que deberán ser sempre áreas non sensibles.

Unha vez finalizadas as obras, é **necesaria a restauración da zona de actuación**, que consistirá fundamentalmente no rasanteo e a extensión de capas de terra vexetal.

Nas seguintes imaxes pódese ver todo o proceso: dende a fase inicial coa explotación (imaxe da esquerda), ata a fase intermedia de restauración (imaxe do medio) e, finalmente, o estado final, unha vez restaurado, cun resultado axeitado (imaxe da dereita).



## DX.12 P

(N) Respetarase a rede hidrográfica natural existente, así como a vexetación de ribeira circundante, agás que puntualmente non sexa posible polo cruzamento con obras como pontes ou pontellas.

## DX.12 R

(R) Nas obras complementarias aos camiños (muros de contención, impostas, aletas e embocaduras das obras de fábrica, dissipadores de enerxía, varandas, barreiras de seguridade, etc.) procurarase empregar materiais que melloren a súa integración paisaxística como, por exemplo, pedra ou madeira. Así mesmo, preverase a integración das novas superficies xeradas por préstamos ou vertedoiros, restaurándoos segundo as características do contorno.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

## 5.5.5. Obras de fábrica e elementos de seguridade.

## Obras de fábrica.

Para a execución dos camiños é necesario un **correcto sistema de drenaxe tanto lonxitudinal** (aperturas de gabias) **como transversal** (canos de formigón enterrados e as súas correspondentes arquetas e/ou embocaduras).

Os camiños deben dotarse dun número suficiente de obras de drenaxe que permita **manter o réxime hidrolóxico** sen que se orixinen alteracións nas concas de recepción. Agás nos cruzamentos, que se reducen ao estritamente necesario, o trazado dos camiños manteranse a unha distancia suficiente das canles que garanta a non afectación á vexetación de ribeira de ríos e regatos.

Recoméndase que as **drenaxes transversais dos camiños de nova apertura vaian dende a orixe do regato interrompido ata un punto deste mesmo regato ao outro lado do camiño**, para non alterar o seu percorrido natural. Este paso normalmente será diagonal, salvo que o novo trazado sexa perpendicular ao regato existente.

Nos casos nos que sexa inevitable que unha drenaxe transversal saia na metade dun terraplén, haberá que dispoñer dunha baixante que diminúa a inercia da auga e protexa da erosión ao noiro, xa que do contrario ocasionaranse danos pola erosión que mesmo poden afectar a plataforma do camiño.

Coa finalidade de reducir o impacto sobre o terreo, **nas arquetas e nas embocaduras deberá substituírse o formigón por elementos naturais** como pedra ou lousa, segundo a tipoloxía da zona.

A execución deste tipo de obras é viable dende o punto vista orzamentario; segundo datos recollidos da base de datos do Seaga, se facemos un estudo comparativo dos prezos de execución para o rango de diámetros de 80 a 150 cm de embocaduras de formigón para canos respecto aqueles executados en fábrica de pedra, obtemos que o prezo medio aumenta da orde dun 15 %, non supoñendo polo tanto un incremento excesivo no prezo.




## Drenaxe transversal de camiño de nova apertura.



Sección

- A** Cano de formigón enterrado
- B** Camiño de nova apertura
- C** Auga ou regato




Planta


Quedarán **exentos desta substitución os marcos sobre ríos** que, pola súa envergadura, precisen que sexan de formigón armado para dar seguridade estrutural á dita infraestrutura. Na imaxe da esquerda obsérvase a execución dunha ponte con marco de formigón soterrada para o paso da fauna do río; unha medida acertada para a conservación da fauna en épocas de seca. No entanto, nesta actuación encóntranse uns elementos discordantes coa paisaxe: as varandas da ponte. Non se tivo en conta a integración paisaxística destes elementos situados na cota superior da obra, que deberían ter sido pintados ou

substituídos por elementos de madeira (sempre que cheguen o mesmo nivel de seguridade estrutural).

Estas estruturas **deben permitir o paso da fauna mesmo en épocas de pouco caudal nos cursos fluviais**. No esbozo vese como se integrou o marco de formigón (B) coa contorna do rego e o terreo (A) e se deixou a lámina de auga do río (C) a 0,40 m por riba do marco de formigón para facilitar así o paso da fauna.



*Marco de formigón soterrado  
para permitir a naturalización  
do leito do río.*



- A** Contorna do rego
- B** Marco de formigón
- C** Lámina de auga



### Elementos de seguridade viaria.

Dotaranse os camiños con **biondas** de seguridade constituídas con **materiais de madeira** para a súa mellor integración na paisaxe. Como alternativa tamén sería posible o revestimento de madeira sobre as de aceiro.



## 5.6. Medidas relacionadas cos predios de substitución.

### DX.12 F

(R) Sempre que sexan compatibles coas características técnicas (tales como dimensión ou valor) requiridas para os predios, buscaranse criterios de forma, distribución e orientación dos predios de substitución que proporcionen unhas características morfolóxicas acordes coa estrutura da paisaxe en que se atopan.

### DX.12 G

(R) Na distribución dos predios de substitución procurarase facer coincidir os novos lindes con:

1. Cómáros, valados ou muros de pedra tradicionais existentes.
2. Aliñamentos ou sebes vexetais de especies autóctonas.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

**P**ara un deseño dos predios de substitución integrado na paisaxe debemos ter en conta as seguintes premisas:

**Procurarase manter a orientación dos predios.**

Débese procurar **manter a orientación dos predios**, coa limitación de que dispoñan de acceso ao camiño público, teñan unha forma que facilite a súa explotación e quede comunicada toda a súa superficie interior.

**Aproveitar límites naturais que cómpre conservar, como valados, masas arbóreas lineais como linde dos predios, co fin de acadar unha imaxe máis natural e harmónica da paisaxe.**

A reestruturación parcelaria, en maior ou menor medida, modifica indefectiblemente a paisaxe, dado que no novo parcelario quedará un único predio por cada seis ou sete parcelas achegadas ao proceso. Esta redución reflectirase igualmente no número de sebes e muros de

pedra, pero se **estes límites se consideran no deseño dos predios de substitución, conseguirase unha maior integración paisaxística.** Esta medida é máis facilmente realizable nos arredores dos núcleos, onde as parcelas son xeralmente de menor tamaño e os muros adoitan estar moito mellor conservados.

Como regra xeral, **débese tratar de evitar unha xeometría ortogonal dos predios e, sempre que sexa posible, manter límites naturais, especialmente polos que discorra a auga**, xa que os trazados en ángulo recto provocan un incremento na velocidade da auga no tramo recto e unha dificultade ao chegar á intersección no límite da parcela. A xeometría de ángulos rectos dá lugar a parcelas cunhas liñas a favor das curvas de nivel e outras perpendiculares, o que acentúa o escorregamento coas choivas e a erosión do terreo. O mesmo ocorre co trazado de camiños ortogonais, que acentúa o problema xerando ademais un maior impacto visual.



## DX.12 H

(R) Cando non comprometa a viabilidade do proxecto e sexa tecnicamente viable, trasladaranse os muros ou valados tradicionais de pedra que teñan un singular interese aos novos lindes dos predios. En caso de que existan chousumes tradicionais sen separación entre as leiras afectadas, respectaranse todos os que non resulten incompatibles coa nova explotación agrícola.

## DX.12 K

(R) Terase en conta no procedemento de reorganización da propiedade a necesidade de superficie ao redor das construcións das explotacións agrarias que permita acondicionar o seu perímetro para minimizar o impacto paisaxístico mediante a mellora paisaxística da parcela e/ou a plantación de barreiras vexetais sempre que sexa tecnicamente viable.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

### Traslado de muros e sebes de singular interese.

Aqueles elementos de interese, **cando non sexa factible mantelos ao resultar incompatibles coa nova explotación agrícola** na súa localización orixinal, deberán trasladarse como límites de predios de substitución, sendo ademais conveniente a **implicación e o consentimento do seu propietario**. Deste modo acádase unha paisaxe máis harmónica e presérvase un ben de interese.

Un dos obxectivos da reestruturación é o **aumento da superficie ao redor das explotacións** polo que, sempre que sexa tecnicamente viable, incrementarase a superficie do núcleo principal das explotacións, onde adoitan atoparse as edificacións vinculadas. Igualmente, sempre que sexa tecnicamente posible, promoveranse actuacións que diminúan o impacto visual das ditas construcións. Pola contra, os predios para as plantacións forestais débense afastar das edificacións e dos núcleos rurais.

*Na reestruturación parcelaria é importante evitar unha xeometría ortogonal dos predios, e sempre que sexa posible manter límites naturais.*





## DX.12 I

(N) Limitaranse as obras de nivelación ás requiridas para mellorar o aproveitamento das parcelas, de modo que se evite alterar de forma substancial a topografía do territorio e se adapten os predios de substitución á topografía existente. Sempre que sexa posible, conservaranse os socalcos existentes á hora de configurar os predios de substitución.



Referencia ás directrices da paisaxe de aplicación en cada caso, diferenciando entre obrigado cumprimento (N) ou recomendacións (R).

**Adaptación das parcelas á pendente natural do terreo, para evitar ou minimizar os movementos de terras.**

As parcelas deben deseñarse en sintonía coas ladeiras, de tal modo que se produza unha **drenaxe natural do terreo e non se formen novos cursos de auga coa conseguinte erosión**. Esta situación é moi evidente onde se deseñaron parcelas alongadas con moita pendente cando antes había parcelas escaladas en bancais.

Os **bancais deben respectarse**, tal e como xa se está a facer nos últimos anos, para limitar así os efectos da erosión polo escorregamento. Nesta mesma liña, as obras de acondicionamento dos predios de substitución deben reducirse ao mínimo imprescindible. En calquera caso, ao igual que a execución de camiños, o acondicionamento debe realizarse baixo un control ambiental, paisaxístico e patrimonial, como xa se está a facer na actualidade.

Nesta última fase do proceso hai que ter un especial coidado, xa que **as obras de acondicionamento de parcelas** para favorecer

**o seu cultivo poden ocasionar alteracións substanciais do estado físico do solo ou da cobertura vexetal**, en especial, a eliminación de valados, masas arbóreas puntuais, superficiais ou en ringleira. Para que estas actuacións de acondicionamento realizadas polos agricultores e gandeiros non se convertan na eliminación arbitraria de elementos naturais preservados no proceso da reestruturación, deben quedar reflectidos nas bases os elementos da paisaxe que cómpre conservar.



### Ferramentas no proceso de desenvolvemento.

A Xunta de Galicia está a traballar no deseño dun algoritmo baseado en **técnicas de intelixencia artificial e optimización espacial que proporcione o deseño óptimo dos predios de substitución da reestruturación parcelaria**. Este algoritmo deberá proporcionar unha solución que optimice os parámetros técnicos da reestruturación, entre eles, os seguintes:

- A máxima agrupación de parcelas de cada titular.
- O acceso de todas as parcelas á rede viaria minimizando a lonxitude dos camiños novos.
- A mínima distancia das parcelas ás instalacións das explotacións agropecuarias.
- O maior grao de cumprimento das preferencias dos propietarios sobre a localización das parcelas de substitución.
- O cumprimento da asignación de puntos a cada propietario.

Á vez este algoritmo deberá atopar a mellor solución de compromiso entre a optimización dos parámetros anteriores e a maximización da conservación de:

- Elementos de valor natural e cultural do territorio.
- Os límites orixinais das parcelas.





## 5.7. Medidas relacionadas con situacións especiais.


**N**este capítulo analízanse diversas situacións que, aínda que son puntuais e non xeneralizadas, poden ter unha certa importancia en determinadas zonas obxecto de reestruturación parcelaria.

Existen áreas en Galicia nas que cada vez teñen máis presenza **grandes superficies dedicadas a cultivos**, como o viñado ou os cereais, e outras nas que, aínda que lonxe da xeneralización doutras rexións, existe unha importante implantación de **grandes superficies de invernadoiros**.

Outras cuestións puntuais que se deben ter en conta son as restauracións paisaxísticas de zonas degradadas e os acondicionamentos realizados nos predios na última fase da reestruturación. Aínda que cada vez estes últimos son menos habituais e residuais, cando se leven a cabo débese ter en conta a implantación de medidas de integración paisaxística.

---

*"O sentimento da natureza, o amor intelixente,  
á vez que cordial, ao campo, é un dos máis  
refinados produtos da civilización e da cultura"*  
Unamuno





### 5.7.1. Superficies de cultivo extensas.

O incremento da extensión de superficies de cultivo (viñedos, cereais, etc.) **pode provocar un empobrecemento da paisaxe rural tradicional**, polo que hai que promover actuacións que, aínda primando a profesionalización da actividade rural e sen limitar en exceso o seu desenvolvemento produtivo, non ocasionen impactos importantes dende un punto de vista ambiental e paisaxístico.

Para reducir unha visión de grandes extensións continuas de cultivos débese promover a **creación de bandas arboradas** que minimicen ese efecto na paisaxe, ademais da perda de biodiversidade.

En ocasións, para a posta en produción deste tipo de cultivos, é preciso realizar actuacións para salvar unha orografía adversa, polo que neses casos se require a **construción de bancais** que deben adaptarse á xeomorfoloxía da contorna, e cuxos noiros ou muros deben ter unhas dimensións similares ás presentes na súa área paisaxística. Desta forma, chégase a un equilibrio no que se facilita a mecanización co obxecto de garantir a rendibilidade económica e, por outro lado, a sustentabilidade e o cumprimento do principio de preservar a harmonía da paisaxe. Este equilibrio evita os problemas de impacto paisaxístico e de erosión que se producen nos casos nos que se constrúen muros de contención de dimensións

excesivas que non se adaptan á xeomorfoloxía da zona de actuación.

Outra medida que cómpre aplicar neste tipo de cultivos é a de establecer **rotacións de cultivo** que eviten que o solo quede ao descuberto na época de choivas, pois iso trae consigo a erosión do solo e o arrastre da capa superficial, que acabará depositándose nos leitos dos ríos e nas súas beiras e afectando a flora e a fauna.



### 5.7.2. Grandes superficies de invernadoiros

Os invernadoiros, contrariamente ás zonas de horta tradicional, non deixan de ser **construcións que supoñen un impacto paisaxístico significativo**, aínda que se consideran estruturas temporais. A evolución nos últimos anos favorece a creación de estruturas máis complexas con cubertas permanentes, cimentacións, pavimentacións perimetrais e accesos rodados. Isto fai que estas estruturas destrúan a estrutura do solo e creen un impacto dificilmente reversible, non sendo sinxela a súa volta ao estado previo. **As grandes superficies de invernadoiros implican a perda de solo como espazo ao aire libre e o paso do carácter agrícola a un uso case industrial**, polo que se fai recomendable desenvolver un marco legal de aplicación para as construcións deste tipo, xa que é difícil deseñar medidas de integración paisaxística que reduzan significativamente os seus efectos negativos.

#### Marco legal da instalación de invernadoiros

A regulamentación dos invernadoiros inclúese no artigo 39 da Lei do solo “Condicións xerais das edificacións no solo rústico”.

A **superficie máxima ocupada pola edificación en planta** non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con

materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela.

Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se manteña o estado natural, polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

Unha referencia similar atópase no artigo 61 do Regulamento da Lei do solo “Condicións de posición e implantación”, no que ademais se especifica o seguinte:

- Os **recuamentos das construcións aos lindes** da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.
- As **instalacións de invernadoiros con destino exclusivo a uso agrario** que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non terán a consideración de construcións para os efectos do previsto neste punto.

**N**o artigo 360, a instalación de invernadoiros está sometida ao réxime de comunicación previa.

Para a proposta de proxectos de invernadoiros sería recomendable analizar e optimizar os seguintes parámetros:

- **Superficie máxima de superficie de invernadoiro** por parcela, definindo a proporción máxima admisible para a contorna.
- **Establecemento de recuamentos.**
- Cesións de terreo para a **creación de bandas de integración** proporcionais ao impacto visual.
- **Definición dos materiais** que se van utilizar.
- **Definición da superficie non ocupada dentro da parcela:** hai que limitar ao máximo os camiños de servizo, xa que a totalidade da súa ocupación convértese en terreo estéril, e requirir compactar o solo e a utilización de áridos. Por outra banda, toda a superficie non ocupada polos invernadoiros e os camiños de servizo debe estar cuberta por vexetación (cultivos e arboredo). As bandas arboradas son fundamentais, xa que minimizan o efecto sobre a paisaxe e o impacto visual das construcións; mesmo poden crearse bandas de froiteiras para

promover a multifuncionalidade nas producións. É moi importante eliminar a imaxe dos invernadoiros sobre terreos totalmente ausentes de vexetación nos que se empregan herbicidas xustamente para evitar a súa existencia.

- O proxecto do invernadoiro debería incluír un **plan de actuación**, no que se recollan as medidas correctoras en todas as fases da súa vida útil.





### 5.7.3. Zonas degradadas.

**E**n canto ás zonas degradadas, débese **aproveitar a reestruturación parcelaria para identificar e solucionar problemas existentes**. Un exemplo de actuación para evitar a degradación da paisaxe pode ser a restauración de antigas canteiras utilizando préstamos de material para os camiños da reestruturación, de forma que, unha vez finalizada a extracción, se execute a ordenación ou restauración destas antigas graveiras con impacto paisaxístico.

Deste xeito, compaxínase a extracción cun **plan de restauración que finalmente dá aos terreos un uso agrícola ou forestal** e, polo tanto, permite simultaneamente a súa posta en valor e a mellora da situación final desde un punto de vista paisaxístico.



## 5.8. Outras medidas preventivas e correctoras para a protección da paisaxe.

**A**mais das medidas específicas segundo os aspectos relevantes da paisaxe e segundo as accións potencialmente impactantes do proxecto, pódense engadir algunhas medidas preventivas e correctoras, tanto de carácter xeral como para a fase de obras do proxecto.

### Medidas preventivas e correctoras xerais.

- Modificarase o perímetro da zona de reestruturación, se fose preciso, para **incluír ou excluír zonas que conteñan elementos de interese paisaxístico ou patrimonial** que cómpre conservar, crear subperímetros, etc.
- **Comunicarase a todos os propietarios e organismos interesados os criterios de actuación para a preservación de hábitats, paisaxe e patrimonio** dunha zona de reestruturación, informándoos que para un aproveitamento dos predios distinto ao actual é necesaria a correspondente autorización administrativa ben sexa para corta de árbores, labra ou obras.

- Empregarase a estratexia de **integración paisaxística de ocultación ou apantallamento visual para as construcións ou instalacións** que pola súa funcionalidade non sexan susceptibles de integrarse de forma harmónica na paisaxe existente.
- **Reduciranse os efectos acústicos, a contaminación luminosa**, etc.



### Medidas correctoras das obras.

As medidas correctoras de integración paisaxística son as que teñen por obxecto **mitigar o impacto inevitable ou reversible do proxecto sobre os elementos que configuran a paisaxe**. Co fin de reducir o impacto paisaxístico das obras debe adoptarse unha serie de medidas encamiñadas principalmente á súa ocultación unha vez finalizadas. Isto producirá un impacto positivo adicional ao repor servizos que se encontraban deteriorados.

Os criterios paisaxísticos que cómpre aplicar son os seguintes:

- Un dos obxectivos do deseño dos camiños e dos predios de substitución é que o **balance de terras sexa o máis neutro posible**, de xeito que se evite a existencia de sobrantes despois da execución dos camiños proxectados e as obras de mellora.
- Os noiros deben executarse con **pendentes similares ás existentes** na súa contorna para acadar unha mellor integración paisaxística.
- As **cabezas máis marcadas dos noiros** executados na apertura dos camiños deben ser **perfiladas mecanicamente**, nunha anchura de 1 m a ambos lados do vértice, para a súa regularización e integración na paisaxe que os rodea, que é eminentemente sinuosa e sen ángulos rectos.

*Medidas preventivas e correctoras, tanto de carácter xeral como para a fase de obras do proxecto.*

- Como práctica habitual, debe realizarse a **achega e estendido de terra vexetal sobre os noiros**, especialmente naqueles de máis de 1 m de altura, co dobre obxectivo de favorecer a rápida estabilización do noiro e de integralo na contorna mediante a reconstrución da paisaxe orixinal ou unha semellante a ela. A extensión da terra farase mediante o aireado e, se resultase necesario, a fertilización desta de xeito homoxéneo, o que contribúe así a unha menor erosión do terreo. Do mesmo xeito, este tratamento debería realizarse sobre outras superficies alteradas.
- Por outra banda, debe procurarse facer as **obras en época de estiaxe e realizar o movemento de terras previsto coas medidas necesarias para evitar**



**enturbar as augas das canles** debido á posible incorporación de terras, limos ou restos vexetais.

- Como xa se comentou, as obras **conservarán o maior número de árbores e sebes posibles** en cada actuación e, nos camiños de nova apertura, procederá á formación de masa arbórea e de sebes de nova creación, evitarase que estas actuacións sexan lineais e simétricas e procúrase, pola contra, que presenten irregularidades na súa disposición que imiten a paisaxe natural da zona.

- Recorreráse á plantación de **especies leñosas nas obras de drenaxe transversal (ODT) vinculadas ao paso sobre regatos**, coa misión de estimular a implantación dunha cobertura vexetal, que acelere a integración paisaxística e limite a acción da erosión hídrica.

- **Considerarase a reposición da vexetación afectada e a restauración das coberturas do solo.** Estes labores de restauración desenvolveranse paralelamente ao avance da obra sempre que sexa posible, co fin de lograr canto antes a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Estes labores deben ir acompañados do **seguinte da evolución da revexetación efectuada**, co fin

de proceder á reposición das calvas e marras que puidesen aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras ou plantacións.

- O **deseño de entronques e unións dos camiños** debe seguir os parámetros indicados na lexislación vixente da infraestrutura coa que se entronque, segundo se trate dunha estrada nacional, dunha estrada autonómica, dunha estrada da deputación



ou dunha estrada municipal pavimentada. En todos eles o impacto paisaxístico máis significativo vén dado pola infraestrutura xa existente, no entanto, á hora de realizar o novo enlace débese causar o menor impacto posible, para o cal será necesario minimizar os movementos de terra, poñer unha capa de terra vexetal sobre os noiros e integrar na contorna as obras de fábrica necesarias para as drenaxes transversais utilizando materiais de pedra ou lousa en función da contorna.

- Deben **retirarse de xeito inmediato e xestionarse axeitadamente os elementos sobrantes de obra:** restos de materias primas, broza e todo tipo de restos vexetais, etc.
- **Recuperaranse as zonas de préstamo** no caso de seren necesarias.
- **Integraranse, conservaranse, restauraranse ou trasladaranse**, segundo o caso, **os elementos naturais e culturais de valor paisaxístico**, tales como árbores ou masas de interese, formacións rochosas e construcións, muros ou valados de carácter tradicional. No caso dos valados, a súa reposición localizarase nas novas marxes dos camiños que se van executar.

---

*“As persoas do medio rural son fundamentais para a súa conservación, e foron as creadoras da paisaxe”*  
*Santiago Menéndez de Luarca*

- **Non se efectuarán cortas de vexetación localizada en canles naturais ou na súa zona próxima** para preservar a protección das masas de auga e respectar as franxas de vexetación de ribeira autóctona. A distancia que se debe considerar dependerá das características hidrolóxicas e xeomorfolóxicas do leito, especialmente a súa entidade e o seu perfil transversal, tal e como se comentou no apartado de medidas relacionadas co patrimonio natural e infraestrutura verde.
- Se houbese **zonas erosionadas nas marxes dos cursos de auga, instalaranse nelas estruturas naturais de estabilización**, tipo pés xuntos ou similares (barreira de contención natural), e revexetarse con especies de ribeira (fundamentalmente con salgueiros e ameneiros).
- Ante a aparición de **zonas peladas ou sucos de erosión, construíranse muros de retención de pedra** perpendiculares á liña de máxima pendente e procederase á restauración da zona erosionada.







## 6. XUSTIFICACIÓN DA INCORPORACIÓN AO PROXECTO DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA E AS DETERMINACIÓNS DAS DIRECTRICES DE PAISAXE

O estudo de impacto e integración paisaxística incluído nas bases de reestruturación parcelaria deberá ter en conta un **apartado no que se xustifique como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe**, de ser o caso, establecidas para a unidade ou unidades de paisaxe en que se pretende executar a actuación.

Esta xustificación poderá realizarse seguindo un **formato de táboa, na que se inclúan os seguintes campos de información** xustificativa para cada tipo de contido das directrices:

### A. Obxectivos de calidade paisaxística

**Obxectivo.** Descrición do OCP aplicable ao proxecto.

**Incorporación no proxecto.** Medidas e accións do proxecto que contribúan ao obxectivo.

**Localización.** Referencia ao lugar na documentación do proxecto (documento e epígrafe).

### B. Normas e recomendacións

**Obxectivo.** Redacción da Norma (N) ou Recomendación (R) aplicable ao proxecto.

**Incorporación no proxecto.** Para as N: medidas e accións do proxecto que contribúan ao seu cumprimento. Para as R: igual que no caso anterior e, se se opta por non seguila, xustificación da súa motivación.

**Localización.** Referencia ao lugar na documentación do proxecto (documento e epígrafe).

*"A paisaxe é memoria.  
Máis alá dos seus límites, a paisaxe  
sostén as pegadas do pasado"*  
Julio Llamazares

## 7. ANÁLISE DE CASUÍSTICAS DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

### APROVEITAMENTOS

- 01 - Reestruturación en zonas con importante presenza previa de eucalipto.
- 02 - Conservación de plantacións de castiñeiros.
- 03 - Conservación de plantacións de carballos.
- 04 - Necesidade de medidas de conservación.

### CAMIÑOS

- 05 - Diminución do impacto na implantación dun novo camiño.
- 06 - Conservación do arboredo na beira do camiño.
- 07 - Integración da rede de camiños.
- 08 - Integración de camiños conservando muros existentes.
- 09 - Dimensionado de ancho de camiños.

### CONSERVACIÓN DE OBRAS DE FÁBRICA

- 10 - Conservación de pontella peonil.
- 11 - Naturalización dun leito fluvial e integración dunha obra de paso.

### EXEMPLOS DE ACTUACIÓN CUN BO GRAO DE INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

- 12 - Niñodagua.
- 13 - Baroncelle.
- 14 - Nebra.

# 01

**DENOMINACIÓN:** reestructuración en zonas con importante presencia previa de eucalipto.

**ZONA:** monte de Santa María de Budiño (O Pino-A Coruña).

**DATA:** 2011.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** selección de zonas de paisaxe degradada nas reestructuracións de monte.

**TIPOLOXÍA:** cultivos.

## DESCRIPCIÓN

Nas zonas nas que existe unha importante presenza previa de plantacións de eucalipto espalladas, o impacto das novas plantacións ordenadas é menor. Nestes casos a situación de partida é unha paisaxe degradada, que pode ser aproveitables para a produción forestal, nun sector de grande importancia económica en Galicia.



Imaxe da situación inicial (2007).



Imaxe da situación final (2020).



# 02

**DENOMINACIÓN:** conservación de plantacións de castiñeiros.

**ZONA:** Berrande (Vilardevós-Ourense).

**DATA:** 2012.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** clasificación segundo a especie (castiñeiros), idade, estudo fitosanitario e densidade.

**TIPOLOXÍA:** cultivos.

## DESCRIBIÓN

Trátase dun caso de concentración parcelaria que se levou a cabo na provincia de Ourense na que existían plantacións regulares e nas que se valorou o voo, cuns resultados satisfactorios, porque na dita zona esas masas arbóreas eran apreciadas polos propietarios. Neste caso trátase de castiñeiros e a actividade agraria estaba moi vinculada a este tipo de cultivos.

Para acadar resultados satisfactorios é preciso facer partícipes os propietarios da necesidade de conservar os valores ambientais, por iso o proceso de clasificación e valoración debe ser especialmente participativo e explicativo, cando se trata de valorar o voo.

A modo de exemplo, reproducense coeficientes de valoración da zona de Berrande en Ourense, así como a ortofoto antes e despois do proceso de reestruturación.



Imaxe da zona no ano antes do comezo do proceso (2010).



Imaxe da zona despois do comezo do proceso (2018).

Cultivo	Clases		Valor	
Labradío	Terceira	L3	100	
	Cuarta	L4	80	
	Quinta	L5	60	
Prado	Terceira	P3	105	
	Cuarta	P4	85	
	Quinta	P5	65	
Monte	Terceira	M3	35	
	Cuarta	M4	30	
	Quinta	M5	25	
Inculto	I		10	
Soutos	Terceira	S3a	> 40 anos	200
		S3b	20 - 40	185
		S3c	10 - 20	160
		S3d	5 - 10	145
		S3e	< 5 anos	140
	Cuarta	S4a	> 40 anos	155
		S4b	20 - 40	140
		S4c	10 - 20	125
		S4d	5 - 10	115
		S4e	< 5 anos	110
	Quinta	S5a	> 40 anos	120
		S5b	20 - 40	110
		S5c	10 - 20	100
		S5d	5 - 10	85
		S5e	< 5 anos	80
Castiñeiros illados	Terceira	C3a	> 40 anos	4500
		C3b	20 - 40	4390
		C3c	10 - 20	4250
		C3d	5 - 10	4160
		C3e	< 5 anos	3350
	Cuarta	C4a	> 40 anos	2800
		C4b	20 - 40	2550
		C4c	10 - 20	2450
		C4d	5 - 10	2250
		C4e	< 5 anos	1800
	Quinta	C5a	> 40 anos	1100
		C5b	20 - 40	900
		C5c	10 - 20	750
		C5d	5 - 10	500
		C5e	< 5 anos	350

Táboa 12. Coeficientes de valoración.  
Fonte: Xunta de Galicia.

# 03

**DENOMINACIÓN:** conservación de plantacións arbóreas.

**ZONA:** Guillamil (Rairiz de Veiga-Ourense).

**DATA:** 2010.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** clasificación de masas arbóreas segundo as especies (castiñeiros, amieiros, etc.) e diámetro, e no caso das plantacións forestais continuas, segundo a densidade e diámetro.

**TIPOLOXÍA:** cultivos.

## DESCRICIÓN

Este exemplo tamén é da provincia de Ourense, caso diferente ao anterior, xa que nesta zona había moitos carballos singulares e outros exemplares de especies ripícolas, así como plantacións regulares de carballos (touzas) aproveitadas polos propietarios para leña. En consecuencia, a clasificación refírese a exemplares individuais e tamén a tipoloxía de cultivo. Foi necesario realizar un levantamento detallado das árbores singulares que se incluíron nos planos de bases. A concentración de Guillamil reorganizou a propiedade de 2.000 hectáreas nas que finalmente houbo unha boa conservación de árbores, e iso que non era unha zona na que houbese unha grande actividade agraria.



Imaxe da zona no ano antes do comezo do proceso (2009).



Imaxe da zona despois do comezo do proceso (2020).



# 04

**DENOMINACIÓN:** necesidade de medidas de conservación.

**ZONA:** Vilapedre (Vilalba-Lugo).

**DATA:** 2002.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** situación final dunha zona sen aplicación de medidas de conservación de sebes.

**TIPOLOXÍA:** cultivos.

## DESCRIPCIÓN

No momento do acordo, no ano 2002 e coa rede de camiños novos xa executada, aínda se intúe o parcelario antigo, limitado en moitos casos con sebes, masas arbóreas lineais e grupos de árbores en masas superficiais. Pasados uns anos, en 2017, aprécianse as parcelas da nova distribución e a notable diminución de sebes e árbores que se produciron.



Imaxe da situación inicial (2002).



Imaxe da situación final (2017).

# 05

**DENOMINACIÓN:** diminución do impacto na creación dun novo camiño.

**ZONA:** Trazo (Trazo-A Coruña).

**DATA:** 2019.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** aproveitamento do impacto das liñas eléctricas.

**TIPOLOXÍA:** camiños.

## DESCRICIÓN

Este exemplo serve para detallar como se pode reducir un impacto da implantación dun novo camiño de concentración. Neste caso, o seu deseño fíxose tendo en conta a existencia dunha infraestrutura dunha rede eléctrica de alta tensión.

A construción do camiño deséñase en paralelo coa infraestrutura existente da rede eléctrica de alta tensión, en lugar de planificalo por outro sitio, o que faría que se mantivese o impacto da infraestrutura existente e ademais crearía un impacto novo na zona do novo camiño.



Aprovéitase o impacto doutra infraestrutura para minimizar.

# 06

**DENOMINACIÓN:** conservación do arboredo na beira do camiño.

**ZONA:** Vilapedre (Vilalba-Lugo).

**DATA:** 2002.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** conservación do arboredo nun dos laterais do novo camiño.

**TIPOLOXÍA:** camiños.

## DESCRICIÓN

Neste caso, conseguiuase a conservación do arboredo nun dos lados do vial, grazas á colaboración dos novos propietarios.



Arboredo na beira do camiño en Vilapedre.



# 07

**DENOMINACIÓN:** integración da rede de camiños.

**ZONA:** Trazo (Trazo-A Coruña).

**DATA:** 2019.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** apoio da nova rede de camiños na rede existente.

**TIPOLOXÍA:** camiños.

## DESCRINCIÓN

Neste proxecto obsérvase claramente que se tratou de reducir a rede de camiños de nova apertura aproveitando a existente.



Imaxe da zona no ano antes do comezo do proceso.



Imaxe da zona despois do comezo do proceso.

# 08

**DENOMINACIÓN:** integración de camiños conservando o muro existente.

**ZONA:** Benza (Trazo-A Coruña).

**DATA:** 2020.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** deseño de camiños secundarios aplicando criterios de conservación de elementos.


**TIPOLOXÍA:** camiños.

## DESCRIPCIÓN

Este caso constitúe un exemplo de integración paisaxística da rede de camiños, no que se conservou un muro existente nun lateral, para o cal se ampliou o camiño cara ao outro lateral e se situou a pendente e a recollida pluviais na zona ampliada.



Conservación do muro existente lateral.



Sección tipo para conservación do muro da esquerda con gabia do lado contrario.

**A** Z. ART (0,31 m<sup>3</sup>/ml)

**B** MATERIAL SELECCIONADO (0,98 m<sup>3</sup>/ml)

# 09

**DENOMINACIÓN:** dimensionado de ancho dos camiños.

**ZONA:** Budiño (O Pino-A Coruña).

**DATA:** 2011.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** nesta zona existen algúns tramos con ancho de 8 m, o que incrementa o custo máis o impacto sen obterse vantaxes significativas.

**TIPOLOXÍA:** camiños.

## DESCRICIÓN

Nas fotografías que se xuntan a continuación vemos distintos anchos en pistas da mesma zona, na parte superior de 8 m e na parte inferior 5 m.

Non ten vantaxes significativas o incremento do investimento nos tramos de maior ancho, xa que é suficiente con pistas de 4 m de ancho, máis 1 m de noiro-gabia por cada lado e os 4 m de distancia que se deben deixar entre plantacións de eucalipto, o que resultaría un mínimo de 14 m entre as plantacións situadas a un e outro lado da pista.



Pista cun ancho de 8 m.



Pista cun ancho de 5 m.



# 10

**DENOMINACIÓN:** conservación da pontella peonil.

**ZONA:** Trazo (Trazo-A Coruña).

**DATA:** 2019.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** conservación dunha pontella máis o seu acceso tras a construción dunha obra de paso.

**TIPOLOXÍA:** conservación de obras de fábrica.

## DESCRICIÓN

Conservación da antiga pontella peonil de pedra existente e integración da nova ponte con aletas de coeira. Con anterioridade á reestruturación, os tractores cruzaban polo río, polo que se construíu unha nova ponte para o paso de vehículos.

É un exemplo de integración paisaxística, xa que se conserva un elemento tradicional, que con criterios anteriores seguramente estaría condenado a desaparecer.



Conservación da pontella peonil de pedra existente.

# 11

**DENOMINACIÓN:** naturalización dun leito fluvial e integración dunha obra de paso.

**ZONA:** San Xiao de Mos (Castro de Rei-Lugo).

**DATA:** 2011.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** soterrado parcial do marco prefabricado para favorecer a naturalización do leito fluvial.

**TIPOLOXÍA:** conservación de obras de fábrica.

## DESCRICIÓN

Na imaxe obsérvase a execución dunha ponte con marco de formigón soterrada que permite o paso da fauna, sobre todo en períodos de seca. Pola contra, non se integraron e constitúen elementos discordantes coa paisaxe, as varandas metálicas, que deberían ser pintadas ou substituídas por varandas de madeira que garantan o mesmo nivel de seguridade estrutural.



# 12

**DENOMINACIÓN:** Niñodagua.

**ZONA:** Niñodagua -Serantes (Santiso-A Coruña).

**DATA:** 2010.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** integración paisaxística das actuacións.

**TIPOLOXÍA:** exemplos de actuación cun bo grao de integración paisaxística.

## DESCRIPCIÓN

Este é un bo exemplo de conservación de cultivos e minimización do impacto da rede de camiños novos.



Zona de concentración Niñodagua-Serantes (2003).  
Fonte: Google Earth.



Zona de concentración Niñodagua-Serantes (2018).  
Fonte: Google Earth.



# 13

**DENOMINACIÓN:** Baroncelle.

**ZONA:** Baroncelle (Abadín-Lugo).

**DATA:** 2006.

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** situación final dunha zona sen aplicación de medidas de conservación de sebes.

**TIPOLOXÍA:** exemplos de actuación cun bo grao de integración paisaxística.

## DESCRICIÓN

Este é outro exemplo de boa conservación de masas arbóreas cunha rede de camiños mixta que en parte se afasta dos trazados rectilíneos habituais nos procesos máis antigos. Conserváronse masas arbóreas lineais e de superficie.



Zona de concentración Baroncelle (2001). Fonte: Google Earth.



Zona de concentración Baroncelle (2017). Fonte: Google Earth.

# 14

**DENOMINACIÓN:** Nebra.

**ZONA:** Nebra (Porto do Son-A Coruña).

**DATA:** -

**SINGULARIDADE ANALIZADA:** -

**TIPOLOXÍA:** exemplos de actuación cun bo grao de integración paisaxística.

## DESCRIPCIÓN

Na primeira fotografía recóllese unha zona sen concentrar (Miñortos), mentres que a seguinte corresponde á zona de Nebra, dentro do mesmo concello e que si estivo suxeita a un proceso de concentración cun índice de redución de 3,05.

Non se aprecia un impacto importante na paisaxe respecto doutras parroquias sen concentrar de características similares, nas que si se observa un maior abandono.



Imaxe dunha zona sen concentrar en Miñortos.



Imaxe dunha zona suxeita a un proceso de concentración en Nebra.

# BLOQUE 6

BIBLIOGRAFÍA



AGUIRRE DE URCOLA, I., MÁQUEZ ROEL, M., MORAL ARDINES, C., ADLER, C., VÁZQUEZ, L. (2017). *Guía de Caracterización e Integración Paisaxística de Valados*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

ANTROP, M. (2005). Why landscapes of the past are important for the future. *Landscape and Urban Planning*, 70, 21-34.

ASLAN, S. T. A., GUNDOGU, K. S., ARICI, I. (2007). Some metric indices for the assessment of land consolidation projects. *Pakistan Journal of Biological Sciences*, 10, 1390-1397.

BERJMAN, S. (2006). *Diversas Formas de Mirar el Paisaje*. Buenos Aires: Nobuko.

BOGAERT, J., CEULEMANS, R., EYSENRODE, D. S-V. (2003). Decision tree algorithm for detection of spatial processes in landscape transformation. *Environmental Management*, 33, 62-73.

BONFANTI, P., FREGONESE, A., SIGURA, M. (1997). Landscape analysis in areas affected by land consolidation. *Landscape and Urban Planning*, 37, 91-98.

BOUHIER, A. (1979). *La Galice, Essai Geographique d'un Vieux Complexe Agraire*. Vendee (France): Université de Poitiers.

CABALLERO, F. (1980). *Fomento de la Población Rural*. Barcelona: El Albir. S.A. (facsimil da edición realizada pola Imprenta Nacional. Madrid 1864).

CALVO IGLESIAS, M. S. C., MARTÍNEZ, G. M. VARELA, R. A. D. (2011). Los paisajes culturales de agras en Galicia y su dinámica evolutiva. *Ager. Revista de Estudios sobre Despoblación y Desarrollo Rural*, 10, 7-38.

CRECENTE, R., CUESTA, T. (1997). *El Proceso de Concentración Parcelaria*. Lugo: Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia.

FREEMAN, R. (2016). How Wildflower Plantings on Farms Benefit Bees and Crop Pollination en Green Blog (Green news from the UC Division of Agriculture and Natural Resources). Disponible en: <https://ucanr.edu/blogs/blogcore/postdetail.cfm?postnum=22010>

GARCÍA PURROY, J., HERRANZ DORREMOCHEA, E. (2019). *Guía de Buenas Prácticas para la Concentración Parcelaria*. Gobierno de Navarra

GONZÁLEZ, X. P., ÁLVAREZ, C. J., CRECENTE, R. (2004). Evaluation of land distributions with joint regard to plot size and shape. *Agricultural Systems*, 82, 31-43.

GONZÁLEZ, X. P., MAREY-PÉREZ, M. F., ÁLVAREZ, C. J. (2007). Evaluation of productive rural land patterns with joint regard to the size, shape and dispersion of plots. *Agricultural Systems*, 92, 52-62.

HAASE, D., WALZ, U., NEUBERT, M., ROSENBERGM M. (2006). Changes to Central European landscapes: Analysing historical maps to approach current environmental issues, examples from Saxony, Central Germany. *Land Use Policy*, 24(1), 248-263.

HOLL, A., NILSSON, K. (1999). Cultural landscape as subject to national research programmes in Denmark. *Landscape and Urban Planning*, 46, 15-27.

LOUREIRO, M. L., BARRIO, M. (2009). *Valoración Medioambiental, Cultural y Paisajística de los Espacios Rurales Gallegos: una Perspectiva Económica*. Centro de Investigación Económica e Financeira, Fundación Caixa Galicia.

LEBEAU, R. (1969). *Les grands types de structures agraires dans le monde. Initiations aux études de géographie*. Masson, Paris: Mason.

MEEUS, J. H. A., WIJERMANS, M. P., VROOM, M. J. (1990). Agricultural landscapes in Europe and their transformation. *Landscape and Urban Planning*, 18(3-4), 289-352.

PÉREZ ALBERTI, A. (2019). *La Ribeira Sacra Paisajes de Terrazas*. Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra-Courel.

RIVEIRO VALIÑO, J. A., DÍAZ VARELA, E. R., MAREY PÉREZ, M. F., ÁLVAREZ LÓPEZ, C. J. (2010). Evaluación de procesos de concentración parcelaria desde una perspectiva ambiental. Un ejemplo en Baleira. *XIV Congreso Internacional de Ingeniería de Proyectos*. Madrid: AEIPRO.

SERRANO GINÉ, D. (2012). Consideraciones en torno al concepto de unidad de paisaje y sistematización de propuestas. *Estudios geográficos*, 73(272), 215-237.

S. N. (2011). *Paysage et Aménagement Foncier, Agricole et Forestier*. Ministère de l'Écologie et de l'Agriculture.

TÉVAR, G. (1996). La cuenca visual en el análisis del paisaje. *Serie Geográfica*, 6, 99-113.







XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DO MEDIO  
RURAL